



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 77

**Sesión plenaria**  
20 de xuño de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.5 29822 (10/PNP-002189)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **González Vázquez, José e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

#### **4.6 30408 (10/PNP-002253)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mestrados habilitantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

#### **4.7 30595 (10/PNP-002262)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

#### **4.8 31742 (10/PNP-002383)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 29887 (10/INT-000982)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis**

Sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**5.2 31237 (10/INT-001040)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**5.3 31575 (10/INT-001051)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.132269 (10/POPX-000097)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a defensa dunha axenda galega diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

**6.2 32270 (10/POPX-000098)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a garantía no futuro dos proxectos postos en marcha como a reforma da política forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

**6.3 32271 (10/POPX-000099)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a contaminación das augas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 32264 E C.E. 32272 (10/PUP-000173)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a información emitida pola CRTVG en relación coa manifestación cidadá levada a cabo o día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra da reapertura da mina nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

**7.2 28880 (10/POP-003396)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis**

Sobre os servizos e liñas de axuda que se están a pór á disposición dos emprendedores para facilitar a creación ou a consolidación temperá de novas empresas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

**7.3 32238 (10/PUP-000172)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas sociais manifestadas na mobilización do día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela reclamando a denegación do proxecto mineiro para a extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

**7.4 30993 (10/POP-003607)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

**7.5 31312 (10/POP-003642)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**7.6 31322 (10/POP-003644)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**7.7 31211 (10/POP-003633)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdoblamento e conversión do corredor Nadela-Sarria en autovía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**7.8 32265 (10/PUP-000174)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre o posible ofrecemento pola Xunta de Galicia ao Concello de Ourense dalgunha alternativa para que se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

**7.9 30799 (10/POP-003594)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa dunha axenda galega diante do Goberno central.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía no futuro dos proxectos postos en marcha como a reforma da política forestal.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a contaminación das augas de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

**Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Vázquez (P)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 33.) e *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 37.)

*O señor González Vázquez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 39.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mestrados habilitantes** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 45.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 47.)

*A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 48.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 50.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 54.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 57.)

*A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 59.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vázquez Verao (EM) (Páx. 69.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 71.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 72.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun observatorio autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e na xestión das institucións investigadoras e universitarias: *rexeitada por 20 votos a favor, 50 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, de iniciativa popular, sobre a creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa, con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor: *rexeitada por 28 votos a favor, 36 votos en contra e 6 abstencións.* (Páx. 77.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto das posibilidades e circunstancias que se abren co *Brexit*, en termos comerciais, en relación cos produtos pesqueiros galegos: *aprobada por 36 votos a favor e 34 abstencións.* (Páx. 77.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no primeiro trimestre de 2019, así como para estudar a posibilidade de colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego: *rexeitado por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal: *aprobada por 50 votos a favor, 20 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de recibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mes-



trados habilitantes: *rexeitado por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas: *rexeitado por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

*O señor González Vázquez (P) pide a votación por puntos na votación da seguinte proposición non de lei, proposta que é denegada polo grupo propoñente.* (Páx. 79.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas: *rexeitado por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 84.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 88.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 90.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 98.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.*

**Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 109.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a información emitida pola CRTVG en relación coa manifestación cidadá levada a cabo o día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra da reapertura da mina nos concellos de Touro e do Pino. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 114.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os servizos e liñas de axuda que se están a pór á disposición dos emprendedores para facilitar a creación ou a consolidación temperá de novas empresas. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 117.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 120.)

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas sociais manifestadas na mobilización do día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela reclamando a denegación do proxecto mineiro para a extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 121.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 124.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdoblamento e conversión do corredor Nadela-Sarria en autovía. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 125.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 127.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o posible ofrecemento pola Xunta de Galicia ao Concello de Ourense dalgunha alternativa para que se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 128.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 132.)

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 133.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 136.)

*Antes de rematar a sesión, o presidente agradece aos traballadores e traballadoras do Parlamento, do Valedor do Pobo e do Consello de Contas, así como aos deputados e deputadas, a súa participación na campaña contra o melanoma. Así mesmo, informa de que se lle concedeu a este Parlamento o Premio Celanova, Casa dos poetas, outorgado pola Fundación Curros Enríquez.* (Páx. 137.)

*Remata a sesión ás cinco e cincuenta e tres minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bo día. Imos reiniciar a sesión.

Perdoen este pequeno atraso, pero foi debido a que hoxe están connosco —como xa comentei o outro día— os dermatólogos do Hospital de Pontevedra e de Santiago. Estiven agora con eles para saudalos e ver como organizan o recoñecemento que van facer no día de hoxe. Por iso este pequeno atraso. Desculpas por iso.

Comezamos co punto sexto da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa dunha axenda galega diante do Goberno central**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Benvido, señor Feijóo.

Permítame que lle dea a benvinda despois destes quince días de ausencia, estes quince días que vostede utilizou para valorar se lle compensaba coller o temón dun partido condenado por corrupción ou se lle conviña máis quedar en Montepío.

E, pechado este culebrón, vaíamos ao que realmente importa, que son as persoas que viven en Galiza e os retos que temos de futuro. E permítame que traia aquí unha frase que pronunciou vostede este luns, por certo, en rigoroso castelán: «*Galicia no va a estar ausente, Galicia no va a estar callada, no va a quedarse quieta*»; *fin de la cita*. Señor Feijóo, Galiza nunca estivo quieta nin calada; quen estivo ausente foi vostede estes dez anos, (*Aplausos.*) calado e quieto, antepoñendo os intereses do PP aos intereses dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*) En todo caso, pregúntome se esta proclama é o recoñecemento do erro do seu servilismo a Madrid e agora pretende facer propósito de emenda.

Xa lle adianto... (*Murmurios.*) —non se poñan nerviosos— que o BNG non vai permitir ningunha farsa. E eu espero que a súa maneira de darlles carpetazo a estes anos de servilismo non sexa utilizar Galiza como unha arma do PP para facer oposición en Madrid. Espero que non caia na tentación de utilizar Galiza no pim pam pum porque están enrabetados porque perderon o poder.

Porque, mire, iso sería repetir a peor e a máis vella das políticas, esa que consiste en defender unha cousa en Galiza e a contraria en Madrid, que consiste en dicir unha cousa cando gobernan os seus e a contraria cando están na oposición. E mire, por iso, se vostede realmente quere cambiar de rumbo e empezar a dar a cara por este país, súmese á axenda galega que

propoñemos desde o BNG para defender ante o Estado, unha axenda de país que debe incluír todos os temas que o Partido Popular estivo vetando até agora.

Asuntos que son importantes para o futuro deste país: a transferencia da AP-9, a derrogación da prórroga de Ence, un concerto económico, a devolución do pazo de Meirás, a modernización do ferrocarril —que inclúe o AVE pero tamén as cercanías—, unha tarifa eléctrica galega ou os 180 millóns de euros que nos debe o Estado pola dependencia.

E, por último, tamén lle reclamamos que evitemos que Galiza quede atrás no debate das nacións, que fagamos unha proposta ambiciosa de novo marco político que nos permita ter o control e poder decidir sobre aqueles asuntos que son clave para o futuro do noso país.

Señor Feijóo, demostre que queda para exercer como presidente e impulsemos a axenda galega, que vostede foi incapaz de defender ante Rajoy. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede se vou empezar a defender a axenda galega ante o Estado ou se vou seguir subordinando Galicia á axenda persoal. As axendas persoais quedan demostradas cada vez que temos ocasión de debater, señora Pontón. A súa xa é coñecida, a súa é a marcada polo interese de gañar protagonismo, o protagonismo que lle negaron os galegos nas urnas. E a da Xunta —que, evidentemente, é a miña, porque son o seu primeiro servidors— é tentar resolver os problemas dos galegos.

Galicia, señorías, é o suficientemente importante para non estar subordinada a ningunha axenda, e moito menos que estea subordinada á miña propia axenda. Señorías, eu non teño máis axenda que Galicia, esa é a miña axenda onte, *(Aplausos.)* hoxe e mañá. Esa é a miña axenda, señoría. E é unha honra. *(Aplausos.)* Asegúrolle que non cambio esta axenda por ningunha outra, aínda que vostede siga sen crelo, pero ese é o seu problema.

Teño e temos unha axenda galega e, por suposto, imos exixir que se cumpra. Nós non imos mudar de opinión, señora Pontón. A ver o que fan vostedes. De momento, os seus antecedentes acreditan que os galegos non confiamos, non confían en vostedes. Simplemente recordo os seus antecedentes.

Cando gobernaba o PP, había que pedir a transferencia da AP-9, pero cando gobernaba o PSOE a señora Pontón votou en contra de solicitar a transferencia da AP-9. *(Murmurios.)* Cando gobernaba o PP, era unha minucia conseguir 400 millóns de euros, porque non imos pagar as peaxes dunha autoestrada estatal; cando gobernaba o BNG e o PSOE, firmaban o documento de entregar ao Goberno de España 7 millóns de euros cada ano ata o ano 2048 —en total, 400 millóns de euros dos galegos— para pagar unha peaxe dunha autoestrada

estatal. Cando gobernaba o PP, o 11 % dos presupostos do Estado de investimentos en Galicia era insuficiente; cando gobernaba o BNG, o 8 % era o máximo idílico.

Señora Pontón, cando gobernaba o PP, o Bloque plantexaba un concerto e un cupo para Galicia, pero cando gobernaba o PSOE o Bloque cambiaba o cupo pola «cooperación intelixente». Cando gobernaba o PP en Madrid, vostedes exixían que subiran as pensións, pero cando goberna o PSOE en Madrid a vostedes válelles con que se conxelen as pensións. (*Murmurios.*)

Señora Pontón, esa é a súa biografía e a do seu partido, e esta é a nosa biografía e a do noso partido. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, ¿vou seguir? ¡Por suposto! (*Aplausos.*) Co meu partido en Madrid, na oposición ou no Goberno, imos seguir solicitando a transferencia da autoestrada do Atlántico; iso si, non a calquera prezo. Imos exixir que se cumpra o enésimo prazo do tren de alta velocidade, que entra en Galicia no ano 2019. Imos exixir que se cumpra o financiamento autonómico en base aos principios de solidariedade e de equidade. E, por suposto, señoría, non vou admitir reformas constitucionais exprés para apuntalar os socios do Goberno precario de Madrid. Vou ser, son e seguirei sendo o único presidente constitucional dunha nacionalidade histórica en España. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, hoxe é 20 de xuño. Dixemos hai quince días que nos veríamos aquí hoxe, 20 de xuño, e aquí estamos, señora Pontón. Lamento outra vez máis que non se cumpra...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...a profecía dos nacionalistas sobre o meu futuro. O meu futuro xa o decidiron os galegos no ano 2009, volvérono decidir no ano 2012 e volverano decidir no ano 2019. Señoría, as miñas enerxías estarán sempre onde estiveron, en Galicia; as súas, señora Pontón, están noutros recodos da política, entre eles na calumnia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Feijóo.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, efectivamente, seguímonos vendo hoxe aquí. E, en todo caso, serán as súas profecías, porque quen leva quince días nun *show* —moi ben montado, por certo, señor Feijóo— dicindo que lle interesaba máis, creando expectativa, convocando a todos, para logo dicir que quería dar un paso atrás nas súas ambicións persoais, foi vostede. (*Aplausos.*) Vostede pode vender isto como queira, como lle apeteza. Pode, efectivamente, utilizar os medios públicos, como o está facendo, para manipular a realidade deste país. (*Aplausos.*) Acabamos de ver, señor Feijóo, como dimiten presentadores dos medios públicos porque denuncian a manipulación informativa e o uso perverso que vostede está facendo duns medios que son de todos os galegos e de todas as galegas.

Pero mire, onte —por seguir con citas de persoas ás que polo menos vostede imaxino que lles ten algo de estima— o señor Puy dicíanos aquí que había persoas neste Parlamento que viñan mentir, que construían medias verdades, que creaban universos paralelos e que se instalaban na posverdade. Creo que é imposible definilo mellor a vostede que como o fixo o señor Puy na sesión de onte. *(Aplausos.)*

Porque mire, permítame que lle enumere cal foi a súa axenda galega durante este tempo. A súa axenda galega foi ser cómplice do veto da transferencia da AP-9. A súa axenda galega foi ser cómplice dos atrasos do AVE, nun AVE que vén de segunda xa para este país. A súa axenda galega é vetar un concerto económico e non ter ningunha alternativa nin ningunha proposta de financiamento. A súa grande axenda galega é vetar unha tarifa eléctrica galega para este país ou ser incapaz nin tan sequera, señor Feijóo, de exixirlle a Rajoy os 180 millóns de euros que nos debía o Estado pola dependencia. Ese é o seu gran logro e o seu gran mérito.

E mire —con toda cordialidade—, creo que vostede non está en condicións de darnos leccións en relación coa AP-9, porque non sei se viu estes días que hai algunhas autoestradas ás que se lles vai acabar a peaxe. ¿E sabe por que non se lle pode acabar a peaxe á AP-9 neste momento? Porque vostede, xunto co señor Aznar, decidiron ampliar esta autoestrada até o ano 2048 e privatizala. Esa é a súa herdanza en materia da AP-9 para vir agora darnos leccións ¿de que?, señor Feijóo, ¿leccións de que? Ten vostede propostas cero neste novo escenario. Demóstranos unha vez máis que vén aquí pensando que o mundo xira arredor da súa cabeza. E, señor Feijóo, non olvide que o importante non é vostede, o importante é este país e a xente que vive aquí.

E neste tempo foi incapaz de facer absolutamente nada en positivo. ¿Cal é a súa axenda? A desaparición das caixas. Ese é o gran logro e o gran mérito que lle deixa vostede a este país.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, ten a oportunidade de demostrar, agora, que non é refén do seu partido en Madrid, que está aquí para algo máis que para ocupar esa silla e a residencia oficial de Montepío.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, señora Pontón, hai que ter un mínimo de memoria, polo menos que lle dure a vostede dende a última sesión de control, ¡son quince días!, tampouco é tanto. Vostede era a que refería que estaba utilizando Galicia como a sala VIP de espera para coller o avión a Madrid. ¿E agora resulta que eu xogo a este tipo de cuestións e de consideracións?

Fala vostede de que falei en perfecto castelán. Señora Pontón, son español. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Si! ¡Son español! E, en consecuencia, como espa-

ñol, teño o meu deber e a miña obriga de utilizar o castelán. Son presidente de Galicia, señora Pontón. Comprendo que vostede esta dualidade non a entende, pero é o que somos os galegos. Os galegos, señoría, somos españois e a nosa forma de ser español é ser galegos e a nosa forma de defender Galicia é falar en España castelán e en Galicia galego. *(Aplausos.)* Esa é a nosa forma de defender o país, sen ningún tipo de cortapisas. Non, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Pode que vostede nas súas reunións do BNG colleite algúns aplausos —non o discuto—. Fálalles vostede aos seus compañeiros de tarifas eléctricas galegas; fálalles vostede de concertos como os vascos e, polo tanto, de ter miles e miles de millóns de euros máis; fálalles vostede das transferencias das autoestradas —iso si, omitindo que vostede e o seu grupo non querían a autoestrada cando gobernaban como socios en Madrid—. Pero, iso si, do que vostede non fala no seu grupo é das contradicións da súa mensaxe e das medias verdades.

Estou convencido de que a aplauden porque vostede ten unha axenda moi simple: a súa axenda é defender a idea nacionalista por riba dos galegos. Pero, claro, a axenda é tan simple que o obxectivo é buscar un inimigo permanente, un inimigo permanente de Galicia, porque vostede confunde Galicia co BNG. Imaxine que Galicia fora o BNG, seríamos simplemente ridículos no concepto nacional. ¿A que a vostede nunca lle proporían ser un candidato para a Presidencia do Goberno de España? ¡Evidentemente! ¡Pero é que a vostede nin sequera os galegos a van propoñer para ser candidata á Presidencia do Goberno da Xunta! *(Aplausos.)* Comprendo que iso, señoría, non entre nos seus parámetros. *(Aplausos.)*

Señorías, nunca enganei os galegos nin o vou facer, entre outras cousas porque os galegos —non pense vostede, non os subestime— son listos. En Galicia hai vida intelixente, votan libremente e votamos cada catro anos, e cada catro anos eliximos o que nos parece que é o mellor para o noso país. E por iso, señora Pontón, cada catro anos entendemos que vostedes son o peor para o noso país. Do mesmo xeito que... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Falta de respecto, señoría, aos resultados electorais? *(Murmurios.)* ¿É faltar ao respecto recordar os resultados electorais? Señora Pontón, faltar ao respecto é o que vostede fai cada vez que teño ocasión de dirixirme a vostede nas sesións de control. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, mire, señora Pontón, procurei, procuro e procurarei ser coherente. E vostedes fan todo o contrario, critícanme por ser coherente. Si, critícanme porque me ía e agora critícanme porque quedo. Esa é a coherencia máxima. *(Murmurios.)*

Señora Pontón, apunte: prefiro ser presidente da Xunta e renunciar a ser candidato á Presidencia do Goberno de España que renunciar á palabra dada aos galegos. Esa é a miña axenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.



**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía no futuro dos proxectos postos en marcha como a reforma da política forestal**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días, señor Núñez Feijóo.

Debo recoñecer que me equivoquei. Vostede optou por seguir como presidente da Xunta de Galicia e non quero especular sobre as razóns para tomar esta decisión. Vostede xa deu unha explicación. Queda aí.

Quedan dous anos para rematar esta lexislatura, quizais un pouco máis. É un tempo xusto para concentrarse no emprego, para intentar chegar ao mesmo número de ocupados que tiña cando vostede chegou á Presidencia da Xunta, para reducir o desequilibrio territorial, para cumprir integramente a Lei de dependencia ou para facer unha política que reverta o recorte de servizos públicos que houbo nos anos precedentes do seu mandato.

Falaremos de todo isto en outono, no debate do estado de Galicia, que ten lugar como é preceptivo, pero eu creo que antes ten vostede que cumprir algunhas promesas previas, ten que sanear o seu balance para poder afrontar estes dous anos que quedan con mellores perspectivas e xerar credibilidade aos cidadáns.

E isto é o que lle pido eu agora que faga. Por exemplo, hoxe houbo algunha alusión. Eu creo que deberíamos cumprir integramente a Lei de medios de comunicación que aprobamos por unha maioría ampla neste Parlamento no ano 2011. Trátase de reforzar o estatuto profesional, crear o Consello de Redacción e elixir o director xeral neste Parlamento, dándolle á Televisión oportunidade de ser un medio para todos, un medio profesional, un medio neutral, un medio que gañe credibilidade.

Trátase tamén de que aprobe vostede, por fin, o plan de construción de residencias públicas que nos vén anunciando desde hai demasiados anos. Nós propuxemos xerar residencias para 1.000 persoas durante catro anos, que permitiría comezar a aliviar ese déficit, e, mentres tanto, impulsar a concertación, porque as listas de espera son insupportables.

Tamén lle propuxemos —e eu creo que forma parte tamén implicitamente das súas promesas— un catálogo de prestacións sanitarias que evite que os hospitais periféricos estean en peores condicións que os hospitais centrais. Debería tamén cumprir esta promesa.

Recupere o consenso lingüístico. O Plan xeral de normalización lingüística do ano 2004 é unha boa referencia para isto. Volva atrás do decreto que aprobaron e que sementou a discordia lingüística e do que algunhas persoas cualificadas nesta materia din que foi por un prato de lentellas electorais.

Iguale mulleres e homes nos consellos de administración das empresas públicas autonómicas.

E, por último, permita que pechemos a Comisión de estudo de incendios e de política forestal coas reformas en profundidade necesarias... (*Murmurios.*) —si, si—, coas reformas en profundidade necesarias para reverter as políticas que levaron a un fracaso neste último tempo, dándolle un futuro ao medio rural e ás súas posibilidades de desenvolvemento.

Eu creo que, con todo isto, señor Feijóo, sería posible facelo, e nós ofrecémoslle o consenso necesario para que poida vostede reverter estas políticas, se o necesita, se o necesita. Crear as condicións para poder modificar aquilo que non funcionou ben durante todos estes anos, iso sería un bo servizo aos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, agradézolle que vostede rectifique. Eu tamén vou rectificar, señor Leiceaga. Eu tiña dúbidas de se hoxe vostede seguiría sendo portavoz do seu grupo. Convidámonos pois a que vostede manteña a portavocía do seu grupo e eu a Presidencia da Xunta ata final da lexislatura do ano 2020. (*Aplausos.*)

E dígoo porque é francamente construtivo poder dialogar con vostede. Dime vostede se imos conseguir máis diñeiro para a Lei de dependencia. Señor Leiceaga, propóñolle un consenso para facelo. Vou ter ocasión de despachar co presidente do Goberno central no mes de xullo. Non se preocupe, señor Leiceaga, que lle plantexarei cumprir a Lei de dependencia integramente. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, é agora cando chegaron as políticas sociais a España, (*Risos.*) ¿non se acorda disto? Probablemente necesitemos moito menos do que vostedes pediron aquí. Confórmome con que o señor Sánchez lle faga caso á metade das cousas que vostedes dixeron nesta Cámara que necesitaba Galicia.

Pero, en fin, señor Leiceaga, é certo que o socialismo vive na incerteza, e iso é unha forma de vivir. Pero neste país, se hai algo estable, se hai algo cheo de certeza, se hai algo que ten un apoio sólido, se hai algo que garante a estabilidade das institucións, é a actual Xunta de Galicia e o actual Grupo Parlamentario do Partido Popular. Pero ese é o noso compromiso cos votantes e, polo tanto, non crea que estamos facendo nada extraordinario, estamos facendo o noso traballo.

É certo, señoría, que pensei por un instante que estabamos no debate do estado de Galicia, pero fálame vostede do director da Tele. Pero, señor Leiceaga, eu comprendo que vostede e eu temos que facer, coller un lapis e un papel para apuntar os distintos portavoces do Partido

Socialista que tiven ocasión de desfrutar dende que son presidente da Xunta. Pero eu xa paxei o director da TVG. Se agora á actual dirección do Partido Socialista non lle gusta o director da TVG, teñen vostedes todo o dereito do mundo para cambiar de opinión. Pero se cada portavoz do Partido Socialista cambia de opinión sobre o director da TVG, ¿que cre, señoría? ¿Que debemos de cambiar de director da TVG como cambia o Partido Socialista de portavoz na Cámara? Iso non sería razoable, señor Leiceaga. *(Aplausos.)* Non creo que vostede me veña solicitar formalmente isto.

Un sector forestal rendible, primeiro obxectivo, e evitar o mal uso, é dicir, o abandono, que é a ameaza principal para os lumes forestais do monte galego; eses son os nosos obxectivos. E creo que fixemos cousas que dende logo non se fixeran nunca antes. Temos tres novas leis aprobadas: a Lei de mobilidade de terras, a Lei de montes e a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Por primeira vez en Galicia hai impostos cero no rural, é dicir, no sector forestal; cero. Iso significa que 26.000 galegos compraron ou venderon terras e aforraron máis de 10 millóns de euros en impostos. É a primeira vez que estamos cunha reestruturación parcelaria con tanta intensidade como no sector forestal.

Temos un plan para a mobilización dos terreos rústicos abandonados. Temos unha incorporación ao Banco de Terras por primeira vez dos montes veciñais en man común abandonados. Temos unha mobilización de terras abandonadas con proxectos concretos en distintos lugares de Galicia por máis de 1.500 hectáreas. Señoría, é a primeira vez que estamos apoiando a ordenación do monte con diñeiro público e teñen que facer todos os montes veciñais en man común un plan de ordenación forestal.

Señorías, podemos seguir falando disto na réplica. Vostede proponme consenso forestal. Imos consensualo, señor Leiceaga. Pídlle formalmente un consenso...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...co Partido Socialista Obreiro Español.

Non utilice o Plan forestal, como di vostede, para un conxunto de votos dispersos. Nós imos seguir coa política forestal, gustaríanos co Partido Socialista.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Esquecinme antes —e pido desculpas— de saudar os alumnos de 5º de Primaria do Colexio Santo Ánxel, de Ourense, ademais da miña terra. Quedan saudados. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Señor Núñez Feijóo, non sei se hoxe, con esa profusión de candidatos á Presidencia do Partido Popular, é o mellor momento para presumir de estabilidade política no seu partido. (*Aplausos.*) Pero non quero centrar o asunto niso. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, señor Tellado, fíxese: eu cheguei un momento en que cheguei a lamentar que puidera irse o señor Feijóo pensando que podía ser vostede o substituto, (*Risos.*) fíxese vostede, porque saía na prensa, saía na prensa esa posibilidade. Dígoo porque está aí moi alporizado.

Pero fíxese: algunha das propostas concretas que lle fixen formaban parte do seu contrato do ano 2009, que aínda está vixente, e non debería selo, porque xa pasaron dúas lexislaturas e pico. E non lle pido imposibles a curto prazo, xa digo; non lle estou pedindo, xa digo, que elimine o desequilibrio territorial. Estoulle pedindo cuestións que dependen fundamentalmente de vostede.

Fíxese: no seu contrato falaba de rexeneración democrática. ¡Que mellor que medios públicos profesionais e neutrais e que mellor que un director xeral da Compañía de Radio e Televisión elixido de acordo coa lei que nos demos todos no ano 2011! Iso depende de que vostedes queiran, punto, non hai ningún outro tipo de requirimento.

Aseguraba no contrato querer recuperar os consensos, especialmente no idioma. ¡Que mellor que dar marcha atrás ao decreto que o que fixo foi quebrar os consensos xustamente con aqueles que teñen a obriga legal de coidar o idioma!

Prometía no contrato calidade na asistencia sanitaria e que todos os galegos teñan as mesmas oportunidades e servizos, vivan onde vivan. Aínda estamos agardando Hemodinámica 24 horas en Lugo e en Ourense. E ese catálogo de prestacións que o que trata é de ordenar e garantir aos que viven na contorna dos hospitais periféricos que teñan un mínimo de garantías de calidade na prestación sanitaria.

Prometía equilibrio territorial. Pois debería estar disposto a que, na VAC costa norte, os tramos que xa están co proxecto listo sexan licitados este ano.

E logo no contrato tamén falaba de desenvolvemento sostible. E, en concreto, no sector forestal eu creo que pode haber un consenso. Nós acabamos de propoñer cen medidas, que xa achegamos á Comisión, para reformar a política forestal, entre elas reforzar considerablemente o Banco de Terras; ou, entre elas, facer que as brigadas municipais pasen a ser profesionais e dependentes da Xunta de Galicia; ou, entre elas, promover que existan pastos extensivos que permitan ademais reducir o risco de incendios nas zonas onde se implantan; ou establecer unha porcentaxe máxima nos plans de ordenación por distrito á proporción de eucaliptos nas masas arbóreas. Son medidas que poden ser discutidas no seo desa comisión e que poden dar lugar ao consenso, pero que significan un cambio notable na súa política forestal destes anos.

Eu sígolle dicindo: se vai por aí, se hai unha vontade real de reforma, de cambiar o que existe, nós podemos tender a man, pero ten que haber consenso por reformas, non consenso a cambio de nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Eu tamén saúdo os rapaces e as rapazas deste colexio ourensán e agradézolles que veñan ao Parlamento para ver como debaten os parlamentarios que intentamos representalos.

Señor Leiceaga, pídlle ao señor Tellado que non pida a palabra por alusións, (*Murmurios.*) porque, como vostedes saben, cando fala alguén do PP, sempre provoca hilaridade na Cámara; non obstante, cando falan os nosos amigos da oposición, os do PP sempre estamos moi atentos ao que nos din. (*Risos.*)

Señor Leiceaga, non teña vostede ningunha dúbida: eu estou atento á estabilidade do Partido Socialista Obreiro Español, non teña vostede ningunha dúbida, señor Leiceaga, sobre todo do Partido Socialista de Galicia. Pero, en fin, nós imos seguir falando do importante, que, como hoxe parece que é, é todo. Ben, agradézollo, pero en outono imos poder falar disto.

¿A hemodinámica? Efectivamente, cando cheguei en Lugo non había nin sala de hemodinámica. Vostedes levaban catro anos no goberno, xestionando 10.000 millóns de euros, pero non tiveron tempo nin de poñer unha hora de hemodinámica. E agora, iso si, o que intentan é enganar a xente de Lugo en relación coa hemodinámica.

Igual que co vial da costa. ¿Exactamente cantos quilómetros abriron vostedes co vial da costa? Cero. Nós fixemos a variante de Ortigueira, abrimos outro tramo na provincia de Lugo e estámoslle plantexando ao Concello de Viveiro unha solución definitiva para os seus atascos. Espero, señoría, que aquí non me pida unha solución para Viveiro e en Viveiro voten en contra de calquera solución. Soe ser habitual, señor Leiceaga.

Pero, como tiñamos que falar do forestal —e para min é moi importante—, señor Leiceaga, vostedes votaron en contra de todas as leis para regular o sector forestal: da Lei de montes, da Lei de mobilidade de terras, da Lei de mellora da estrutura agraria. Fixemos convenios cos concellos galegos. O 10 % dos concellos socialistas non queren firmar nin un só convenio coa Xunta para a extinción dos lumes forestais. ¡Sorprenvente! E cando vemos onde se produciron os lumes forestais nos concellos socialistas en outubro, a maioría deles non tiña ningún interese, nin brigadas, nin convenios para actuacións preventivas no monte. E estí-vemos calados, señor Leiceaga. ¿Por que? Porque nos interesa o consenso.

Adicamos por primeira vez 7 millóns de euros para 220 concellos e así que puideran contratar 430 empregados máis (o Aprol Rural). Financiamos 70 tractores en dous anos, tractores desbrozadoras. Axudamos por primeira vez a comprar maquinaria, 8 millóns de euros de diñeiro público, 24 millóns de investimento inducido para 200 pemes. Instalamos por primeira vez en Galicia unha rede de vixilancia a través de cámaras que cobre boa parte do territorio forestal. Fixemos o maior esforzo en concentracións parcelarias forestais da úl-

tima década. Simplificamos as cortas en Galicia, iso si, protexendo, por suposto, as autóctonas pero simplificando as cortas das coníferas e dos eucaliptos. Por primeira vez impostos cero no rural. E agora presentamos un novo Plan forestal. Dez medidas, dez propostas, dez decisións. Señor Leiceaga, non estou falando de contos, estou facendo as contas. Comparecín nesta Cámara en outubro, propuxen trinta medidas en relación con este conxunto de actuacións no Plan forestal, o 70 % desas medidas cumprido e o 30 % en execución ou en trámite.

Señor Leiceaga, proposta do Plan forestal: eucaliptos, o 16 % do terreo; o resto, caducifolias, frondosas ou pinos.

Señor Leiceaga, eu represento os galegos no Plan forestal, a todos os galegos; vostedes, polo que vexo, non representan exactamente a todos os galegos —non importa—, representan unha parte, sobre todo os intereses dalgúns galegos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Teñen vostedes todo o dereito de facer as súas manifestacións coa industria forestal, por suposto, por suposto, señor Leiceaga; ata aquí podíamos chegar. ¿Gustaríanos chegar a un acordo co Partido Socialista? Por suposto. ¿E chegar a un acordo coa totalidade da industria? Por suposto. Imos aprobar provisionalmente o Plan forestal. A maioría das medidas que vostede plantexa están ou estarán incorporadas ao ditame. Aprobaremos ese plan provisionalmente e imos abrir un período de alegacións. Señor Leiceaga, espéroo nas alegacións.

Agora que vostede e eu imos estar aquí ata o ano 2020 como mínimo, señor Leiceaga...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...—eu creo que vostede ten dereito a estar moito máis tempo, e dígollo porque creo que é un activo do Partido Socialista, sen ningunha dúbida—, pois ben, poñámonos de acordo no Plan forestal, señor Leiceaga.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non deixe que o Partido Popular volva protagonizar a política forestal de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.) ¡Compartímolo! (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a contaminación das augas de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señor Núñez. ¿Que tal? ¿Como lle foi por Madrid? Breve pero intenso, ¿non?

Mire, desde En Marea alegrámonos profundamente de que vostede decidise quedar en Galicia, cremos que é o mellor para vostede. ¡Si, desde logo! En Madrid as calores son abafantes, sobre todo no verán; onde haxa un bo paseo pola ría de Arousa que se quite o Manzanares, iso desde logo; ao mellor, iso si, como nos recomendou agora Santalices, botando crema para evitar o melanoma. Si, ao mellor hai que aproveitar e facer propaganda do que hoxe veñen contarnos os compañeiros desde a tribuna. Hai que ver os desgustos que dan, ¿verdade?, co boas que son para o corpo as cremas do Partido Popular.

Mire, hoxe non teña problema, non lle vimos falar do Partido Popular, porque bastante teñen vostedes co seu. Iso si, unha cousa, dos seus paseos pola ría de Arousa só nos interesa e nos preocupa unha cousa desde A Marea: a ría de Arousa, e diso vimos falarlles.

¿Sabe vostede o que é o proxecto da mina de Touro? É un proxecto megamineiro que vai desfacer literalmente os concellos do Pino e de Touro, porque vai furar literalmente, expulsando a xente das súas casas e expulsando a xente dos seus traballos, que vai contaminar o río Ulla e a ría de Arousa, que vai matar peixes, vai matar marisco e vai contaminar as augas das que beben máis de 100.000 persoas e que vai estragar patrimonialmente o Camiño de Santiago na súa recta final antes de chegar a Compostela. ¿Sabía vostede isto, señor Feijóo?

Seguramente non o sabía, porque a TVG non llo conta, e será o único medio de comunicación que vostede ve; non llo conta seguramente para aforrarnos malas noticias, que desgrazas xa ten bastantes a vida. Hai xente, efectivamente, que di que iso é mordaza informativa, e por iso dimiten os presentadores dos telexornais, e por iso os traballadores e traballadoras maniféstanse venres tras venres reclamando liberdade de información. Pero seguramente protestan sen ningunha razón.

Como tamén protestan sen ningunha razón —e teño que contarllo porque non sae na TVG— máis de 30.000 persoas o pasado 10 de xuño, con máis de cento corenta organizacións e espazos da sociedade civil, incluídos, por certo, varios alcaldes e concelleiros do Partido Popular do ámbito da ría de Arousa, para defender a vida e en contra da mina. Porque talvez algúns votaron PP, pero non queren nin que os envelenen nin que lles quiten os postos de traballo coa contaminación.

Miren, a día de hoxe coñecemos varios informes oficiais, este do Instituto Xeomineiro español (*O señor Villares Naveira mostra un documento*) —cando aínda era o Estado gobernado polos bos, non agora, que xa está gobernado polos malos—, onde se di que o informe económico e o informe e o proxecto xeral da mina de Touro é unha trapallada. Se non se fía do informe do Estado, ten outro informe oficial, este de Augas de Galicia (*O señor Villares Naveira mostra un documento*), onde se recollen todas as medicións de metais pesados que xa neste momento teñen os acuíferos e ten o río Ulla, que demostran unha contaminación superior á permitida legalmente. E xa non lle vou falar das denuncias de particulares e ecoloxistas, evidentemente.

A pregunta neste caso, xa directamente, é: ¿canto vai tardar en darlle carpetazo ao proxecto da mina de Touro? ¿Cando vai facer cumprir a lei?

Mire, vostede dicía onte nun medio de comunicación, en relación co seu propio futuro e co seu propio pasado, que o tren de ir a Madrid ou a non sei onde lle pasara demasiado rápido. Mire, durante estes dous anos, onde vostede non exerceu como presidente da Xunta de Galicia, aos galegos e galegas pasáronnos moitos trens. Perdemos o tren, perdemos a autopista, perdemos os mozos e mozas que foron á emigración; por perder, ata perdemos nenos e nenas que non queren nacer porque non ven futuro con vostede. (*Murmurios.*) ¡Si! E, mentres, tanto vostede soamente estaba preocupado por perder un tren. Ben, pois mire, agora que xa non ten tren, que xa non hai estación, que xa non hai billete, pónase a gobernar. Fágao pola xente de Galicia e diga «non» á mina de Touro. E, se non o fai por eles —e remato xa—..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...fágao por vostede; no seu retiro dorado os paseos polas rías serán máis pracenteiros.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Hai xente que confunde o Parlamento cunha asemblea da súa organización política. Ben. Hai xente que utiliza unha linguaxe que ofende a maioría dos galegos que intentamos representar, efectivamente. Hai xente que cando ve setenta persoas reunidas cre que é para dar un mitin, porque normalmente ás súas asembleas non van tantos. Pero, señor Villares, isto é o Parlamento de Galicia, aínda que vostede, que leva dous anos aquí, non o respecte. As institucións respéctanse, señor Villares. Comprendo que agora os galegos estamos moi preocupados por cando vostede volva exercer como xuíz, porque xa nos demos conta de que vostede nunca foi xuíz.

Pero, a partir de aí, señor Villares, pode seguir vostede dicindo todas estas consideracións, como que é culpa miña que non haxa nenos ou nenas en Galicia. Dende logo, vostede moito non axuda, señor Villares. Prosigamos.

Parece que a vostede, entre outras cousas, di que o preocupa a contaminación das augas. Dende logo, ese é un obxectivo do Goberno galego. Nós temos unha folla de ruta, o Plan hidrolóxico Galicia-costa; vostede seguro que non o leu, non lle interesa. Son cento cincuenta medidas, 654 millóns de euros, dos cales 130 millóns están destinados ás rías.



Pero, ademais desa follla de ruta, hoxe comparezo na Cámara para dicir o que temos investido dende que chegamos ao Goberno. Anote, señor Villares: 1.100 millóns de euros. En saneamento, 350 actuacións en 165 concellos; en abastecemento, 600.000 galegos con novo abastecemento, cun investimento de 186 millóns de euros; en depuradoras, 45 novas depuradoras que puxemos en servizo para 1.700.000 galegos.

E no que se refire ás rías, aos cidadáns que viven nas rías, 882.000 galegos teñen depuradoras novas. Na ría de Vigo investimos 200 millóns de euros; na ría do Burgo, máis de 100 millóns de euros; na ría de Pontevedra, máis de 36 millóns de euros; na ría de Arousa, máis de 55 millóns de euros; na ría de Ferrol —completa—, 385 millóns de euros; aínda que o Concello de Ferrol tardara un ano e medio en remitir unha proposta para poder actuar, a pesar diso, 385 millóns de euros; e nas Rías Altas, 20 millóns de euros. En definitiva, rías, nas que levamos investido xa 804 millóns de euros.

Ata o ano 2020 temos máis proxectos, loxicamente —imos seguir no Goberno—. Na ría de Ferrol, na ría de Arousa, na ría de Pontevedra, en Rianxo, en Vilagarcía, en Cambados, na illa de Arousa, en Poio —se nos deixan facer a depuradora e nos concretan un lugar—, en Praceres —en Pontevedra—, en Cabanas —en Pontedeume— e en Burela. Supoño que a vostede lle soan esas localidades.

¿E isto como se traduce? Na mellora das augas. Cando chegamos ao Goberno, señoría, o 21 % das augas en Galicia eran zona C, que é a peor das zonas; agora baixámola ao 8,7 %. Cando chegamos ao Goberno, a mellor catalogación da auga en zona A era o 3 % e agora estamos no 22 %; é dicir, melloraron máis de 7 puntos o total das augas de Galicia.

¿E isto que significa? En marisqueo, pois que incrementamos un 25 % as capturas e en facturación un 15 %.

Sobre Touro, ¿vostede vai seguir enganando a xente ou quere falar en serio? ¿Vostede vai seguir enganando a xente ou estamos en serio? Dende logo, nós imos seguir en serio. Fixémolo en Ferroatlántica, fixémolo en Corcoesto e, por suposto, imos seguir facéndoo en calquera plantexamento e expediente que se inicie na Xunta de Galicia.

¿Detectamos contaminación? Tres expedientes abertos. ¿No río Ulla? Ningunha. ¿Nos regatos perimetrais? Si, tres expedientes. ¿Vostede vai seguir dicindo que o río Ulla se está intoxicando como consecuencia desta mina? Vostede volve faltar á palabra e ao respecto aos galegos, ¡alá vostede!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Deixe de crear alarma social, deixe de utilizar a mentira como pancarta permanente.

E, se quere falar da mina de Touro, falemos en serio. ¿Vostede sabe que a mina de Touro ten unha concesión vixente ata o ano 2068? ¿Sábeo? ¿Por que está dicindo que nós estamos dando unha concesión? Cando chegamos ao Goberno, esta concesión estaba vixente ata o ano 2068.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Leiceaga, non lles minta tanto... (*Murmurios.*),

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...señor Villares —perdón—, non lles minta tanto aos galegos. Méntelles tanto aos galegos que non o cre nin vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** O señor presidente parece que non se entera nin do que lle publican no DOG, ¡fíxese ben!, porque o 25 de agosto... (*Murmurios.*) —si, si— do ano pasado foi cando se publicou o novo proxecto que pretende explotar a mina de Touro e O Pino e que pretende facer toda esta auga ambiental —publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 25 de agosto—.

Mire, este ano, como me lembraba onte unha compañeira, unha rapaza que se chama Isabel, que vive en Touro e que non quere que a boten do seu concello, preguntaba o seguinte: ¿van actuar tamén agora con «agostosía»? «Agostosía» é esa variante popular, do Partido Popular, ¿verdade?, da aleivosía que consiste en utilizar medios, formas ou métodos que impidan ou dificulten a defensa do ofendido, neste caso a defensa dos veciños. ¿Van facer tamén durante o verán os seguintes trámites para evitar que a xente poida defenderse?

Mire, están moi ben todos estes datos que dá de depuradoras, pero do que lle estamos falando é dun problema presente e dun problema que vén para o futuro no caso de que se desenvolva toda a actividade mineira, e que se está producindo xa como consecuencia da anterior actividade mineira desenvolvida. Os datos que eu lle acabo de presentar aquí son datos oficiais de Augas de Galicia, que vostede, unha vez máis, descoñece —e xa son dúas en menos dun minuto: tanto a publicación no *Diario Oficial de Galicia* como os datos de Augas de Galicia—. Ten vostede a oportunidade de dar carpetazo enseguida, porque a Lei de depredación ambiental que vostede mesmo aprobou neste Parlamento lle permite facelo con celeridade. Así que, por favor, aplíquese.

Se actúa, pola contra, a favor dos intereses particulares dunha mina e en contra dos intereses xerais do conxunto da cidadanía de Galicia, pois ao final os intereses particulares volveranse contra vostede, como se volveron ata agora, e despois, no momento máis inoportuno, virán os seus propios compañeiros de partido e encargaranse de sacarlos.

Mire, dáños igual as razóns polas que vostede decidise quedar, iso agora dáños igual; se foi polo financiamento ilegal, pola corrupción, por Marcial, por Telmo...; dáños igual. A nós o que nos interesa é saber para que queda. Despois de estar dous anos de presidente en fun-

cións, de presidente de cartón pedra, que non fixo facer valer os intereses do país, ¿para que queda agora? Galicia non é un premio de consolación para os que non tiveron a valentía de presentarse a unhas primarias, non é un premio de consolación. Así é que, se vai traballar, póñase xa, inmediatamente.

A pasada fin de semana saíron trinta mil persoas ás rúas porque non se resignan ás súas políticas, porque non se resignan á contaminación, porque non se resignan á desesperanza e ao futuro, e saíu moita xente decepcionada con vostede, decepcionada co Partido Popular, porque vostedes non satisfíxeron os mínimos desexos e os mínimos dereitos sociais que esta xente quería.

Faga algo, traballe algo por Galicia, remate polo menos, polo menos, con evitar que a mina de Touro siga para adiante, e, dende logo, ten dous anos para facelo, como vostede mesmo dixo, e espero que o siga intentando despois de 2020.

Alégame nese sentido que vostede non se fora, porque para En Marea e para o conxunto da cidadanía será un gusto poder derrotalo nas urnas no ano 2020 (*Risos*)...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...e que non nos priven dese gusto os seus compañeiros do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Ben, señor Villares, por fin coincidimos en algo: vostede alégrase de que eu non me fora e eu estou contentísimo de que vostede siga. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Señor Villares, se me necesita para que vostede siga, saíba que vou firmar todos os avais a En Marea (*Risos.*) para que vostede siga sendo o líder carismático dese conxunto de grupos que conforman as Mareas. (*Aplausos.*)

Imos poñer un pouco de humor, señor Villares, porque non teño nada persoal contra vostede, por suposto. O que pasa é que non saio do meu asombro coas súas intervencións —dígollo con absoluta cordialidade—. Ten vostede dous anos para cambialas, polo menos se lle deixan, pero a min gustaríame poder debater con vostede de algo, de verdade, en serio, poder mirarnos e dicir: o señor Villares ten unha proposta distinta á do Goberno e o Goberno ten unha proposta distinta da do señor Villares.

Iso é a política. Pero a política non é mentir, señor Villares. A política non é vir dicir aquí que nós queremos autorizar unha mina. Esa mina está autorizada e ten unha concesión ata o ano 2068, e ese plantexamento é unha explotación dun dos minerais para os que ten concesión. E os expedientes abertos non teñen nada que ver co cobre, nada, cero. É a explotación

actual de áridos, non de cobre, e a detención do cobre prodúcese augas arriba no río Ulla, e non augas abaixo da mina, porque nesa zona hai cobre, señor Villares. E vostede está enganando a todos outra vez, e un Parlamento non pode enganar os galegos que representa, porque iso é a antipolítica, señor Villares. (*Murmurios.*)

¿Que pretende? ¿Que nós non tramitemos un expediente conforme unha lei? ¿Pretende que nós incumpramos unha lei? ¿Pretende que prevariquemos sen iniciar un expediente ao que ten dereito calquera administrado en Galicia? ¿Pretende, señor Villares, que non cumpramos unha lei que non aprobamos nós, senón o Bipartito, unha lei do ano 2008?

Señor Villares, onde vostedes gobernan, Aragón incluído, fan vostedes extraordinarias explotacións mineiras, e en Galicia cada proposta, evidentemente, é unha calumnia aos mineiros, ao sector, aos traballadores, ás empresas e ao Goberno.

Señor Villares, nós non promovemos ningún proxecto, simplemente estamos tramitando unha solicitude dunha empresa, e, se non cumpre, non o terá; e necesita quince informes, e, se non ten eses quince informes, non o terá. Iso é evidente. Somos os garantes da lei, aínda que vostede nin sequera recorde o que é a lei. (*Aplausos.*) O estrito cumprimento de todos os informes. Aplicamos unha lei do Bipartito. Vostedes daquela estaban militando no partido que conformaba o BNG, señor Villares. Vostede, en consecuencia, como militante, estaba de acordo coa lei que a min me di que non aplique; iso, cando menos, é unha contradición máxima. ¿Que pretende? ¿Que incumpramos a lei ou que a cumpramos? Non teña vostede ningunha dúbida: se o pacto é cumprir a Lei de minería en Galicia, ten vostede a miña palabra de que cumpriremos a Lei da minería en Galicia, cen por cen. Non teño ningún compromiso máis que cumprir as leis.

¿A empresa debe de esforzarse? Por suposto. Xa lle abrimos tres expedientes, pero non polo cobre, señores Villares, senón polos áridos, e, se é necesario, abriremoslle máis, e, se é necesario, seguiremola multando, non teña ningunha dúbida.

Galicia non está en venda, señor Villares, non está en venda. Nin o estivo en Ferroatlántica nin o estivo en Corcoesto, nin o estará en Touro. (*Aplausos.*) Nunca estivo en venda e nunca o estará. Agora ben, señor Villares, imos seguir traballando en defensa dunha minería sostible, que dá emprego a cinco mil persoas en Galicia, señor Villares. Non creo que todos sexan uns depredadores e que eses traballadores estean en contra do medio ambiente; non o creo, señor Villares. Vaia vostede por determinadas comarcas e dígalles que son uns depredadores e están en contra do medio ambiente, e imos ver o que lle din, señor Villares.

Por certo, vostedes teñen neste momento un expediente nas súas mans: a depuradora de Santiago. ¿Van vostedes facilitar a depuradora de Santiago ou van seguir intoxicando o Sar de forma permanente e constante? Señor Villares, estas son cuestións concretas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Na depuradora temos un acordo co Estado: o 60 % finánciao a Administración central e a medias a Xunta e o Concello.

Tiñamos un acordo, iamos empezar a depuradora e pararon o saneamento do río Sar. ¿Van vostedes seguir destrozando medioambientalmente o río Sar ou van vostedes iniciar a depuradora de Santiago?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor presidente. Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Villares, estas son cousas concretas. Nós facemos depuradoras, nós melloramos as augas en Galicia, nós melloramos as capturas e a facturación do marisco en Galicia, nós cumprimos a Lei da minería.

Señor Villares, son incapaces nin sequera de xestionar unha responsabilidade que é a depuradora de Santiago.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos coa orde do día.

**Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (núm. rexistro 29822).*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:*

*<<4. Impulsar a posta en marcha dos instrumentos de ordenación e xestión forestal nas comunidades de montes veciñais, nas que non existan e potenciar a aplicación dos instrumentos de ordenación e xestión forestal nas comunidades onde existen, pero non cumbran coa totalidade das súas obrigas.>>*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 29822 [10/PNP-002189].*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:*

*- A que a través da Dirección Xeral de Ordenación Forestal certifique cantos montes consorciados ou conveniados contan ou non cun instrumento de xestión, obrigatorio por lei, e que mentres e por incumprimento da Consellería de Medio Rural se paralice a transitoria 9ª da Lei de montes.*

*- A iniciar un debate co sector para buscar unha alternativa ós montes veciñais en man común con falla de xestión por falta de poboación ou por incapacidade da comunidade de montes. As alternativas posibles, teñen que partir da base do respecto e a defensa do monte veciñal como unha titularidade da veciñanza comuneira.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición, ten a palabra o señor González Vázquez. (Murmurios.)

Espre un momento, que haxa un pouco de orde, de tranquilidade, que estea isto máis calmado.

Adiante.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Eu, antes de comezar a miña exposición sobre as comunidades de montes veciñais en man común, quero dicir e quero dicirle ao señor Villares que falar de que hai nenos e nenas que non queren nacer por culpa da nosa política, deste grupo parlamentario, é dunha baixeza moral que se descualifica por si mesma. A min xa me quedan poucas cousas por escoitar aquí tan tan graves, jeh! (Aplausos.)

Hoxe o Grupo Parlamentario Popular vén falar das comunidades de montes veciñais en man común, e, como argumentarei, traemos unha iniciativa que vai en defensa dos montes veciñais, que respecta a súa propiedade veciñal e comuneira e que pretende axudar a que esas comunidades sexan protagonistas principais do obxectivo que debemos ter todos de acadar un monte vivo e dinámico, multifuncional e sostible e por suposto, señorías, que sexa rendible para esas comunidades e para o conxunto da cidadanía galega.

Miren, ¿que é o que pedimos?, porque ás veces falamos de PNL e non sabemos exactamente onde estamos. Nós pedimos que se certifique pola Xunta de Galicia qué comunidades de montes están cumprindo correctamente as súas obrigas. E isto, como argumentarei despois, débese a que hai moitas que non cumpren esas obrigas. E, unha vez certificadas, o que pedimos é que se lles dea prioridade ás que estean cumprindo as súas obrigas, fundamentalmente na ordenación dos seus montes, nas subvencións que se lles concedan ás comunidades de montes; que non se faga táboa rasa con todas igual, senón que se priorice as que están traballando ben e xestionando ben o seu monte.

E, ademais, tamén pedimos que esas comunidades de montes ben xestionadas sexan as destinatarias dos montes veciñais, que vostedes din que os queremos depredar e entregar ás empresas. O que pedimos é que sobre os montes en grave estado de abandono esas comunidades de montes ben xestionadas teñan preferencia para a súa xestión.

Miren, como todos saben, hai nestes momentos unha comisión de estudo creada no Parlamento para abordar a problemática dos incendios forestais en Galicia. Nesa comisión, e a pesar dos intentos dalgún grupo de cargar o traballo, o certo é que a calidade e a pluralidade dos comparecentes —e foron 62 e, se algún de vostedes, no turno de réplica, vai dicir que non viñeron os que tiñan que vir, quérolle recordar que en moitas das súas charlas están indo os mesmos comparecentes— e 47 informes nos permiten —e eu podo afirmalo así— que imos ter conclusións e recomendacións que van estar á altura da gravidade do problema a resolver. E, ante iso, o señor Leiceaga mencionaba esas cen medidas que propuxo; igual era mellor que as tivera proposto no seo da ponencia e non na prensa sen máis.

Eu aquí pediría que realmente pensemos todos na sociedade galega, na busca deses acordos de país para tratar de resolver o problema tan grave, esa lacra dos incendios. Deixémonos, señorías, de xornadas paralelas ou de medios de comunicación e fagamos o noso traballo de forma seria e rigorosa, como estamos a facer no seo da ponencia.

Miren, unha das cuestións importantes —e é por poñer en contexto o tema das comunidades de montes— que se tratou nesa comisión é a estrutura da propiedade do noso rural e do noso monte. Señorías, temos unha cuestión complicada. Temos tres tipos de montes ou podemos falar de tres tipos de montes: montes de titularidade pública, montes veciñais en man común e montes particulares.

En canto ao monte público, temos en Galicia 2 millóns de hectáreas de montes. En canto ao monte público, ¿saben de que porcentaxe estamos a falar? De menos dun 3 %. A maioría do monte do noso país é monte privado, 1.975.000 hectáreas. É dicir, en Galicia temos dez veces menos monte público que no resto das comunidades autónomas de España. En Galicia temos moi por debaixo da media da Comunidade Europea, que está ao redor do 50 %. ¿Saben cal é o país da Comunidade Europea que ten unha porcentaxe tan baixa de monte público? Portugal. Igual por aí veñen algúns dos problemas.

Dentro do monte privado temos —dicíalles: case 2 millóns de hectáreas— dous terzos de monte privado particular. E, por certo, moitos de vostedes teñen este monte privado —agora falaremos del—, porque dous de cada tres galegos son propietarios de montes, segundo os datos que se dan. E un terzo do monte privado pertence ás comunidades de montes, 660.000 hectáreas; estamos a falar dun grupo importante.

No monte privado, que non son comunidades, temos máis de 11 millóns de parcelas. Tres de cada dez parcelas de rústica en España son galegas. A propiedade media deses montes non chega aos 2.500 metros cadrados. Cada un deses propietarios ten 1,7 hectáreas e necesita sete parcelas para completar esa propiedade.

Señorías, hai 1.672.000 titulares de rústica en Galicia. Este é un problema grandísimo. Estamos a falar dun puzzle e dunha fragmentación absolutamente tremenda. Non sabemos

quen son os propietarios deses montes. Fíxense: hai estudos, aos que se aludiu na Comisión, que falan de que, aproximadamente, dous de cada tres galegos teñen montes. Calquera de nós pode estar neste problema.

Fronte a esa dispersión, fronte a esa fragmentación e fronte a esa dificultade de xestión, temos —e por iso nós dicimos que as comunidades de montes teñen que ser protagonistas— 3.069 comunidades de montes, que abarcan 660.000 hectáreas, é dicir, un 33 % da superficie forestal galega, cunha superficie media de cada unha delas dos seus montes de 208 hectáreas.

Polo tanto, as comunidades de montes —e nós defendémolas e apoiámolas, como veremos nesta iniciativa— son os grandes propietarios galegos, e, ademais, os seus montes teñen o tamaño suficiente para garantir unha rendibilidade. Ademais, están ben localizados, sabemos onde están.

Fíxense se son importantes as comunidades de montes, que teñen a súa propia regulación, a Lei 13/1989, que vén dicir que os montes veciñais pertencen aos veciños con casa aberta e residencia habitual na localidade onde se atopan situados eses montes. E o artigo 3 determina as características —que non se tocaron polo Partido Popular, están aí—: inalienabilidade, é dicir, non se poden vender; imprescritibilidade, é dicir, non se pode apropiar ninguén deles por prescripción; indivisibilidade, non se poden repartir; e inembargabilidade. Esas notas, señorías, garanten, sen ningunha dúbida, a propiedade veciñal e comuneira destes montes. Non se pode facer demagogia sobre isto, non hai ningunha dúbida legal ao respecto.

A lei di que se trata dunha propiedade privada e colectiva. E é privada precisamente polas reclamacións das comunidades, que nos anos setenta e oitenta loitaron contra a municipalización dos montes veciñais. ¿Sabem quen estaba detrás desas reclamacións? Os movementos nacionalistas. ¿Por que agora piden vostedes que sexa unha propiedade pública? (*Murmurios.*)

Ben, feita esta análise e posta en consideración do que son as comunidades de montes, imos falar da súa xestión. No seo da Comisión pediuse un informe para saber exactamente como se estaban xestionando as comunidades de montes. Miren, das 3.000 comunidades que temos hai 800 que non teñen xunta reitora ou non cumpriron nunca coas súas obrigas legais. É dicir, unha cuarta parte das comunidades de montes ou non existen ou non fan ningunha xestión. Das outras, hai 1.245 que están ao día no seu cumprimento, é dicir, un terzo, e o resto, aínda que teñen estatutos e xunta reitora, non cumpren habitualmente a totalidade das súas obrigas. En definitiva, hai dous terzos das 3.000 comunidades de montes que ou non fan xestión ou non cumpren totalmente as súas obrigas legais. Hai 500 comunidades de montes, das 3.000 —é dicir, un 17 %—, que teñen un instrumento de ordenación, que iso é o que realmente marca que están traballando no monte. Son 160.000 hectáreas das 660.000.

Polo tanto, señorías, aínda que nós defendemos as comunidades de montes, é certo que hai un problema de xestión. E aí é onde temos que incidir. Tanto no punto primeiro coma no punto segundo o que pedimos é que se clasifiquen as comunidades de montes precisamente pola súa capacidade de xestión, que se lles dea prioridade nas subvencións. E no punto ter-



ceiro pedimos que sexan destinatarias principais da cesión dos montes en grave estado de abandono. E voume deter neste punto, porque aquí falouse moito de depredación e de que queríamos quedar con eses montes.

Miren, ¿que facemos cando un monte veciñal está totalmente abandonado? ¿Que facemos se non hai comunidade de montes? ¿Deixámolo aí porque respectamos as comunidades de montes? O que fai o Partido Popular este ano, a través da Lei 9/2017, é propoñer que neses casos —e logo de pedirlle á comunidade de montes, se existe, que aprobe o seu instrumento de ordenación— se ceda ao Banco de Terras para que, á súa vez, o Banco de Terras o poida ceder a terceiros. Esa cesión non é un regalo, porque é cesión con contraprestación, é coma se facemos un arrendamento. E, se non existe comunidade de montes, a contraprestación vai a un fondo para a promoción e apoio dos montes veciñais, e establécese un prazo de cesión de cincuenta anos.

Desde esta posición que nós mantemos aquí de apoio á figura das comunidades de montes, entendemos que o que hai que facer é que as comunidades de montes que cumpran as súas obrigas e que estean xestionando correctamente eses montes sexan as destinatarias prioritarias desta cesión. Polo tanto, ese é o punto terceiro da nosa PNL, e é unha iniciativa que está apoiada. Porque aquí falouse —pola emenda do Bloque, que despois comentaremos— de que se fale co sector. Aquí falouse co sector, e o sector foi precisamente o que nos pediu isto. Hai comunidades de montes hoxe que teñen empregados, enxeñeiros forestais, que están facendo a ordenación de forma moi correcta e moi adecuada dos seus montes. E esas son as comunidades de montes que nós queremos que sexan a punta de lanza para apoiar a todas as demais e para que, en definitiva —e remato xa—, as comunidades de montes veciñais en man común, na súa configuración actual e respectando, por suposto, a súa configuración e a súa xestión forestal, poidan acadar un monte vivo e dinámico, un monte sostible, un monte multifuncional e, ademais, que sexa rendible non só para esas comunidades de montes senón tamén para o conxunto da sociedade civil galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor González Vázquez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Cando eu aprendía a vivir, todo se resolvía con padriño, todo se conseguía con propinas. As mordidas eran a alma dos negocios e da política. E berramos «liberdade» e cantamos forzando a liberdade e bordeando a censura, a mordaza. Nunca pensei que cincuenta anos despois volvería ser necesario invocala de novo, e moito menos nesta casa. Porque case nada mudou: mordidas, propinas a gran escala, financiamento ilegal, corrupción, o sistema quebrado.

Pois ben, reclamando xanelas abertas ao aire fresco que despexen o pútrido fedor, reclamo liberdade de pensamento, liberdade de prensa, liberdade de manifestación, liberdade de expresión, liberdade para nos equivocarnos, liberdade contra o medo e contra o engano, ¡Liberdade-de! (*Aplausos.*)

E, agora, contrastar datos do monte galego cos montes do Estado tomando o monte veciñal coma privado é falsear a realidade. Que a titularidade pública só se pode dar nas institucións, Estado, autonomía e concellos, é non querer entender que entre o público e o privado está o veciñal, máis público ca privado a pesar de se negaren a recoñecer legalmente ese xeito de propiedade xermánica tan singular e tan noso. O monte conveniado é de responsabilidade pública e non responde.

Como ben se di na exposición da súa PNL, no artigo 2 da Lei 13/1989 sinálase que son bens indivisibles e inembargables. Sinala tamén na súa exposición o das 3.069 comunidades, etc. Pero o dato que non nos dan é o número de comunidades de montes que están consorciadas ou conveniadas, e que carecen de instrumentos de xestión, polo abandono da Xunta de Galicia das súas obrigas.

Pero a nosa pregunta é: ¿que facer cos montes consorciados e conveniados que están en franca recesión debido a eses convenios? Porque, logo da vaga de lumes de outubro, nos montes xestionados pola veciñanza comuneira, a madeira queimada sacouse a tempo e a prezos razoables. Nos xestionados pola Administración forestal, a madeira queimada estivo meses sen sacar, depreciando o seu valor económico día a día. Este feito amosa a ineficacia da xestión da Administración forestal. E o mesmo señor director xeral recoñecía en comisión que a Administración era lenta na xestión, chea de burocracia, e eu engadiría que deixada e ineficaz.

Sumemos a isto a obriga de investir como máximo en catro anos todos os ingresos recibidos pola madeira queimada. Isto na práctica vén dar en que moitos montes veciñais, ao remate dos catro anos, quedarán sen orzamento para o mantemento de novas plantacións: desbrozar, podar, clarear... Todo isto lévanos a un ciclo perverso de lume, plantación, abandono, lume, cada dez anos máis ou menos. Cos cartos obtidos da madeira queimada deberíase permitir que os montes veciñais en man común afectados polos lumes elaborasen un plan de investimento a «x» anos para asegurar a sustentabilidade da recuperación do monte queimado. Vostedes, o PP, modificaron pola porta de atrás —como gustan de facer—, sen debate social nin parlamentario, os artigos 27 e 28 da Lei de montes veciñais para nos levar a esta situación que nos presentan, e así poderse incautar deles e entregalos por cincuenta anos aos seus preferidos protexidos e obxecto de adoración: as empresas privadas.

Todo isto co acto de contrición con fitos de eu omnipotente mostrado na exposición para tentarnos convencer de que están cos montes veciñais en man común. ¡Mentira! Antes disto, as súas políticas continuadas leváronnos ao estado de grave abandono de vastas áreas do rural galego, despoboamento e falta de horizontes para o cultivo e para o monte como non sexa entregando o futuro á especulación da inframadeira.

Sitúan no mesmo plano unha situación transitoria, a falta de veciñanza comuneira que queira facerse cargo do monte, cun monte veciñal declarado en estado de abandono. Tamén

poderían e poderán ser declarados en estado de abandono cando, por razóns técnicas, non permitan ou limiten total ou parcialmente o aproveitamento forestal do monte. ¿Poden definirnos «multifuncionalidade»?

É certo que a día de hoxe hai montes veciñais en man común que por falta de poboación ou por envellecemento desta non contan con xunta reitora. Tamén é certo que hai montes veciñais que poden estar en estado de grave abandono. E mesmo estamos de acordo en que a eses montes hai que darlles unha alternativa de xestión, mais as alternativas teñen que preservar a existencia do monte veciñal como unha titularidade de veciñanza comuneira.

Nos primeiros casos, a xestión cautelar do monte veciñal debe facela a Consellería do Medio Rural ou as comunidades de montes veciñais ou mancomunidades cercanas. E terá de ser unha situación transitoria ata que no lugar, aldea ou parroquia volva haber persoas que se queiran facer cargo da xestión do seu monte veciñal. Os custos desta xestión cautelar deberán ser resarcidos mediante un convenio que terá que ser asinado no momento en que elixa a xunta reitora dese monte veciñal.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** Un momentíño, señor presidente.

No segundo dos casos, antes de declarar un monte veciñal en estado de grave abandono, a comunidade de montes afectada ten que ter audiencia para coñecer as causas e a posibilidade de corrixilas proporcionándolle a Consellería do Medio Rural medios técnicos e económicos. A xestión destes montes ten que ser compartida entre a Consellería e a comunidade. A xestión destes montes veciñais en man común debe ter como prioridade a eliminación das causas que o levaron a ser declarado como monte veciñal en estado de grave abandono.

Vostedes, a Administración, deberían cumprir coas súas obrigas, conveniadas ou consorciadas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...antes de traer estas medidas a esta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Quiroga Díaz.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Bo día, presidente.

Bo día, deputados, deputadas e visitantes.

Bueno, señor portavoz do Partido Popular, non se preocupe que chegarán tamén esas cen medidas que presentamos na prensa, como non pode ser doutra maneira, á Comisión para debater e para ver se logo hai realmente vontade de sacar a adiante un plan forestal consensuado e outras moitas medidas.

Imos falar, logo, do monte galego nesta proposta que nos presenta o partido condenado por corrupción na sentenza Gürtel, e, en concreto, dos montes de propiedade privada colectiva, que implican —como ben dixo— 3.000 comunidades, abarcando esas 630.000 hectáreas, con ducias de miles de veciños implicados ou afectados. Ademais do aspecto cuantitativo, está a valoración de atoparmos cun tipo de propiedade de gran extensión que pode producir un aproveitamento rendible da superficie e preservando o medio ambiente. Con estas cifras temos —é obvio— unha idea da transcendencia que teñen os montes veciñais en man común para a nosa comunidade, antano reservorio e implemento importantísimo das comunidades rurais.

Nesta iniciativa descríbese unha parte actual da realidade da propiedade xermánica. Pero, desde logo, é moi pouco alentadora cando só podemos falar dun terzo de comunidades de montes que cumpren coas súas obrigas; nomeadamente, os que teñen xunta reitora e instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Pero, ao mesmo tempo, queda moi claro que deixa dous terzos das comunidades en mal lugar en canto a ordenación ou xestión forestal, co cal, en resumo, o panorama é demoledor para este tipo de figura, para esta superficie tan importante no mundo galego.

Valoramos a iniciativa, que pretende premiar as comunidades de montes que cumpren as obrigas legais —con xunta reitora e aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal—, como un elemento de bo funcionamento, como unha proba de que funcionan ben. Pero entendemos que queda fóra da iniciativa o gran problema ao que nos debemos enfrentar, que non é outro que impulsar e potenciar eses dous terzos de comunidades que quedan ben reflectidas na súa iniciativa e que funcionan mal, ou que simplemente —como vostedes din— non se sabe nada delas.

Estamos dispostos a apoiar a iniciativa pero tamén, pola mesma razón, emendamos a parte resolutiva co ánimo de implementar as medidas, dirixindo a mirada da acción institucional cara ao problema das 2.000 comunidades que non funcionan adecuadamente, ou que, sinxelamente, non existen. E entendemos que esta é unha cuestión fundamental para transformar o monte nun activo socioeconómico.

¿Cal é a situación real dos nosos montes de propiedade veciñal? Hai eses dous terzos de comunidades que non están a levar a adiante o seu cometido ou que simplemente están desparecidas. Non nos cabe dúbida de que o envellecemento da poboación rural, a desagrarización e o abandono das terras que sofren os lugares está detrás desta situación demoledora para o rural galego e para a comunidade. Diante deste panorama, parécenos ben incentivar a quen cumpre, estamos de acordo. Pero ¿que vai pasar co 26 % das comunidades sobre as que non se sabe nada? ¿Ten pensado o Goberno facer algo con elas? ¿Que pasa co 40 % das comunidades de veciños que non cumpren coa totalidade das súas obrigas aínda que teñan xunta reitora? Estas comunidades teñen que ser obxecto preferente da acción go-

bernamental se queremos camiñar cara a un monte multifuncional e rendible economicamente. Temos que ser capaces de adecuar a realidade dos montes veciñais á situación de despoboamento, envellecemento e abandono.

En definitiva, esta é unha iniciativa que constata que durante anos o Goberno non ten feito os deberes coas comunidades de montes veciñais, ao que se lle engade a pésima xestión cautelar, como di a organización de montes veciñais, de máis de 100.000 hectáreas controladas pola Xunta a través de convenios e consorcios.

Por estas razóns propoñemos a emenda de engádega no senso de impulsar e de potenciar eses dous terzos de comunidades, que son 2.000 en concreto ou 2.045, para poñelas en funcionamento, dinamizalas e sacalas adiante e vendo así o problema dun xeito global, non deixándoas de lado, como nos dá a impresión de que fan vostedes nesta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Quiroga.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señor González, dende En Marea non imos apoiar esta iniciativa, por moitas causas, que non sei se terei tempo de nomear agora, pero que se resumen moi ben nunha soa frase, que é a privatización dos montes galegos en favor das empresas privadas.

Na exposición de motivos comezaba vostede falando da estrutura da propiedade forestal galega. Temos a pública, temos os montes veciñais en man común como propiedade privada e temos os particulares.

Os montes veciñais en man común son titularidades antigas colectivas. A súa titularidade correspóndelle a toda a veciñanza comuneira, independentemente de que a formen nun momento dado, entendida a veciñanza non como un ente administrativo desta, senón como un grupo social.

Os montes veciñais en man común son titularidades sen asignación de cotas, e, xa que logo —díxoo aquí vostede—, non poden herdarse nin transmitirse. Pero, á parte disto, á parte de que son titularidades de carácter xermánico, indivisibles, inembargables, etc., son outra forma de posuír que temos os galegos e as galegas, e aquí non se nos pode comparar co resto do Estado español, como vostede quixo facer aquí.

A súa xestión, a administración e a posta en valor dos montes veciñais en man común non pode levarse adiante dun xeito individual, como pretenden vostedes; ten que ser tomada dun xeito democrático nas asembleas xerais das comunidades de montes veciñais en man

común. Polo tanto, os montes veciñais nin son titularidades públicas nin titularidades privadas; son colectivas, son veciñais e comunitarias. Non obstante, en todas as lexislacións, tanto estatais como autonómicas, como a Lei de montes aquí do ano 1989, os montes veciñais en man común están adscritos aos montes de titularidade pública.

En segundo lugar, as comunidades de montes veciñais, as propietarias e os propietarios particulares, teñen que xustificar no futuro que contan con plans de ordenación destes montes ou, no seu defecto, que se adhiren aos modelos silvícolas que vostedes mesmos deseñan dende o Goberno da Xunta de Galiza.

A Administración debe de facilitar a ordenación deste monte para que as comunidades veciñais e propietarios accedan a estas axudas públicas. Estas tamén teñen que xustificar a ordenación ou a adhesión de modelos silvícolas para solicitar estes permisos de corta. Estas circunstancias fixeron que o sector, do que vostede tanto falou aquí, estivera a agardar con impaciencia pola convocatoria de axudas para a ordenación de montes, que non saíron dende a finalización do último PDR; non saíron nin no 2014 nin no 2015, nin no 2016, nin no 2017, catro anos sen convocatoria para os plans de ordenación.

En terceiro lugar, ata a entrada en vigor da Lei de montes a Consellería do Medio Rural tiña a competencia de realizar os deslindes dos montes veciñais. A Xunta de Galiza incumpriu esta obriga por varios motivos. Primeiro, xa case non fixo ningún. Segundo, intentou arranxar este cumprimento da propia Administración eliminando esta competencia súa ao transferirlles a obrigabilidade ás propias comunidades de montes, saltando vostedes a súa propia lei. E este decreto tamén di que, co reinvestimento obrigado dos montes veciñais en man común, é obrigatorio, como dicíamos, da Xunta de Galicia, polo que non se pode obrigar as comunidades de montes a facelo.

Todo isto resúmese en que a propia Consellería do Medio Rural impide a capacidade de decidir da veciñanza comuneira nas súas terras.

Cuarto motivo. Despois da vaga de lumes que asolaron os montes galegos no pasado 2017, son moitas as comunidades de montes que están a amosar a súa preocupación polo posible abandono no que poden quedar os seus montes, xa que, despois de aprobar a propia Xunta de Galiza na Lei de acompañamento dos orzamentos unha normativa que lles permite extinguir os convenios subscritos coa Administración naqueles montes veciñais que teñen menos dun 30 % da superficie con arborado, suprimilo en cinco anos, —que iso ten tela, jeh!—, na disposición transitoria cuarta desta lei di: «Montes con consorcios ou convenios coa Administración. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de cancelación de oficio nun prazo que rematará o 31 de decembro do ano 2021». ¿E isto que vai propiciar? Isto vai propiciar que as propias comunidades propietarias poderían atoparse cun monte totalmente arrasado polas lapas sen capital para afrontar así a súa propia recuperación. Isto non é froito da casualidade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Isto é unha manobra do Partido Popular para darlles directamente estas comunidades de montes ás empresas privadas, nin máis nin menos.

Entón, xa lles dixemos —non sei se se aprobarán as emendas dos compañeiros, nós xa non a presentamos—: con En Marea o Partido Popular coas comunidades de montes veciñais en man común, con nós, non conten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu ¿que quere que lle diga, señor Rodríguez? Soa ao de sempre. Se a presenta o Partido Popular, aínda que sexa falada co sector, acordada en moitos dos seus puntos e tratando de beneficiar a xente que está xestionando ben, só porque a presenta o Partido Popular, xa non se pode aprobar, porque vostede aquí non deu ningunha argumentación sobre... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estoulle dicindo sobre o texto resolutivo. Vamos ver: ¿que hai de malo en que comunidades de montes que todos visitamos que fan un tratamento impecable do seu monte, que teñen enxeñeiros forestais —ata sete traballando con eles— e que nos din que esa xente podía estar facendo ordenación de moitos outros montes, poidan coller e se lles dea prioridade aos montes que están totalmente abandonados? ¿Que ten de malo esta proposta?

Podemos falar das demais e podemos ter outras iniciativas; tráianas vostedes —eu non lle digo que non— e poderémolas votar. Nós estamos facendo unha declaración de principios, que é que para nós as comunidades de montes teñen que ter un papel protagonista no desenvolvemento do modelo de monte que queremos, respectando sempre a súa configuración actual.

Mire, eu pediríalle, dende un punto de vista xurídico —eu non son xurista, pero entendo máis ou menos as cousas, seguro que vostede tamén—, ¿cal é esa propiedade que din vostedes que non é pública nin privada, señor Rodríguez? ¿Cal é? ¿Cal é? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero xa o di, artigo 3 da Lei 13/1989. Que non lle conten historias neste tema, xa o temos falado moitas veces. Non hai ningunha posibilidade de reverter esa propiedade..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) esa propiedade colectiva e privada. E, por certo, é privada porque houbo un intento de municipalizar os montes veciñais e houbo unha defensa na que estiveron os movementos nacionalistas para a defensa das comunidades de montes, nós tamén estamos nesa defensa. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Señor Rivas, eu escoiteino con moita atención e sabe que lle teño moito respecto, aínda que ese discurso que fixo ao principio penso que non ía comigo,

porque eu defendo a liberdade, igual ca vostede, sen absolutamente ningunha dúbida; espero que non o poña en dúbida vostede nunca.

Mire, cando fala das outras comunidades de montes —é que non estamos a falar delas—, nós o único que dicimos —e por iso foi a miña exposición nese sentido— é que temos un problema moi grave no monte; temos unha situación de abandono —que se vai recoller no ditame— que temos que tratar de reverter entre todos, e necesítámoslos a todos.

E o que dicimos é: vaíamos empezando polas que están ben xestionadas, para que estas fagan de arrastre das outras comunidades de montes. Porque eu quero facerlle unha pregunta, pero clara: hai oitocentas comunidades de montes que non teñen comuneiros; señor Rivas, ¿que facemos con elas? (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero explíqueme que facemos con esas oitocentas. Se o monte está totalmente abandonado porque non hai comuneiros que o poidan atender, ¿que facemos con elas? E nós propoñemos cedelas, e non a empresas, prioritariamente a comunidades de montes que estean ben xestionadas. Esta é a nosa PNL. ¿Que pasa? Que, como é do Partido Popular, non serve e se teñen que poñer vostedes de acordo para dicir que non.

Miren, en canto ás emendas, non imos aceptar, evidentemente, a do Bloque Nacionalista Galego, polos motivos que acabo de argumentar. Por certo, nós falamos tamén co sector e o sector foi o que nos dixo: que se tiñan que priorizar estas comunidades de montes.

En canto ao señor portavoz do Partido Socialista, eu quérolle dicir que lin con atención as medidas e pintan ben, a ver se chegamos a consenso nese ámbito; ¡home!, podemos concretar algunhas, pero pintan ben.

Eu criticaba a forma de presentalas, porque nós falamos de que no seo da comisión e da ponencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** ...era aí onde tiñamos que facer o traballo, e estase a facer un traballo moi serio polo Partido Popular; esa redacción das medidas é un traballo serio tamén; imos levalo ao seo da comisión e a ver se sacamos un ditame co maior consenso posible.

En canto á emenda do PSOE, ímola aceptar, aínda que lle quero sinalar que xa se está facendo ese traballo tanto polas subvencións cos plans de ordenación como tamén pola obrigação que se impuxo a partir do 2014 de reinvestir parte dos ingresos na ordenación dos montes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Pero, evidentemente, estamos de acordo en que hai que continuar nese impulso. Polo tanto, imos aceptar a súa emenda.

Grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Infórmolles tamén —paréceme que xa foi comunicado aos autores das preguntas— do aprazamento de tres preguntas desta tarde: a número 30993, do Grupo Parlamentario de En Marea, asinada polo señor Sánchez García; a número 31312, asinada por Patricia Vilán Lorenzo e tres máis; e a número 31322, asinada por Xosé Luís Bará Torres e cinco máis, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que se substanciarán no seguinte pleno.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mestrados habilitantes**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 30408 [10/PNP-002253].*

*Emenda de adición.*

*Engadir como punto segundo o seguinte texto:*

*<<2. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, en diálogo coas universidades, incrementar de maneira notábel os fondos do PFSUG nos Orzamentos de 2019 co obxectivo de consolidar a estabilidade laboral do profesorado e o impulso da investigación.>>*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten a palabra a señora Burgo López.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Seguramente recordan vostedes que o día 25 de abril na sesión plenaria dese día o noso voceiro, o señor Fernández Leiceaga, fixo unha intervención na que marcaba a importancia dos mestrados tanto para a obtención dun emprego despois dos estudos como para a importancia da sociedade do coñecemento, e marcaba as carencias da política seguida polo Partido Popular e o señor Feijóo ao redor deste importante aspecto, ademais da necesaria democratización de acceso a estes niveis de estudo.

E nesa sesión, na resposta dada polo presidente da Xunta á pregunta do noso voceiro, tivemos un bo exemplo do que é a xestión do público seguida por este goberno e por este pre-

sidente. Eu teño que dicir que a considerei frívola, dende logo cun toque de clara irresponsabilidade. Porque nesta sesión plenaria, e sen falar case anteriormente coas universidades —aspecto este que foi confirmado polo secretario de Universidades, é dicir, sen consensuar coas universidades esta medida, sen falalo con elas—, simplemente o señor Feijóo anunciou que el —el— decidira rebaixar os prezos públicos dos másteres habilitantes a partir do próximo curso e poñelos cuns prezos similares ou iguais aos dos graos. Decidiuno el, anunciouno aquí, e as universidades enteráronse pola prensa e pola televisión desta noticia. Quería un titular de prensa, tivo un titular de prensa, para acadar as críticas do noso portavoz. Esta é a famosa boa xestión do Partido Popular: publicidade e propaganda.

Pero si que é certo que, por unha vez, estamos de acordo cunha medida do Partido Popular. A rebaixa das taxas dos mestrados habilitantes parécenos absolutamente oportuna; é máis, parécenos escasa. Dende o noso punto de vista creo que deberían de ser rebaixados os prezos de todos os másteres e, ademais, marcar unha axudas e bolsas para cursar estes mestrados que ampliasen a posibilidade de democratización destes cursos, dos posgraos.

Pero quero remarcar aquí —e isto é o obxecto desta proposición non de lei— que todas as políticas que segue o Partido Popular, presidido polo señor Feijóo, que queren paliar nalgunha medida as desigualdades e a falta de equidade que temos despois da crise e despois de moitas das políticas do Partido Popular, estas axudas que están intentando paliar estas desigualdades, se fan sempre, sempre, a custa das universidades, nunca a custa da Xunta de Galicia; quero dicir: este aforro das familias non o vai pagar a Xunta de Galicia, como sería normal, senón que o van pagar as universidades, porque un dos apartados de ingresos, dende sempre, das universidades foron os ingresos por prezos públicos, por taxas moi diversas, pero entre elas fundamentalmente polas taxas de estudos. Pero dende hai máis de sete anos as taxas académicas foron conxeladas. Agora rebáixanse as de mestrado, e isto non é compensado ás universidades.

Nós fixemos un cálculo do que podía supor para as universidades, por unha parte, a conxelación das taxas, de todas as taxas, dende hai sete anos, e o engadido a esta rebaixa. Tendo en conta que perciben ao redor de 71 millóns de euros, máis ou menos, ao ano por taxa académicas, consideramos que nun ano, debido á conxelación das taxas e a esta nova rebaixa, as universidades están perdendo un mínimo de 30 millóns anuais, 30 millóns anuais que non son compensados ás universidades; unhas universidades que necesitan estes ingresos, porque levan xa moitos anos de importantísimos recortes mantidos polo Goberno do Partido Popular, de tal feito —e resumo o máis importante desa caída de ingresos— que en 2018 as universidades teñen aínda un 7 % menos de recursos que en 2009, un 7 % menos.

O Goberno do PP prometeu en 2011 chegar ao 1 % do PIB, e isto non foi en absoluto cumprido; é máis, rebaixouse esta porcentaxe sobre o PIB sobre o que tiñamos no chamado Bipartito. Naquel momento era o 0,85 % e nestes momentos está máis ou menos ao redor do 0,65 % ou do 0,66 % o gasto en universidades sobre o PIB; é dicir, que se rebaixou.

Miren, hai un dato xa demoledor. En termos absolutos, o nivel de ingresos das universidades en 2018 é igual ao nivel de ingresos de 2008. Perdemos dez anos, dez, en ingresos das universidades, levamos dez anos de atraso, e isto non vai ser corrixido polo novo Plan de fi-

nanciamento, porque, segundo os mesmos números que dá o Partido Popular, ata 2020 non teremos o nivel de 2009. Uns problemas que son denunciados, por outra parte, polos reitores en medios públicos, polo tanto protestas de todos coñecidas e que podemos volver a elas.

Iso si, mentres as universidades non teñen os recursos necesarios para manter os niveis de calidade, a Xunta vai gastar máis de 17 millóns na Cidade da Cultura en construír un edificio para as universidades que as universidades non necesitan; é dicir, é unha técnica de aforro, de austeridade e de boa xestión absolutamente imposible de entender, porque ese edificio non é necesario para as universidades, e van ser por certo moito máis de 17 millóns.

Eu xa sei que hai unha partida no Plan de financiamento, a 44.1, na parte de financiamento por resultados, destinada a compensar polas contías derivadas de retribucións, por exemplo a retribución sobre retribucións estatais ou autonómicas, os coñecidos como sexenios, por exemplo. Pero esta partida non chega nin sequera a compensar as obrigas dun ano. En 2017 había 24,7 millóns, e non foron suficientes. Houbo que engadir diñeiro a esta partida. Neste ano 2018 hai 26 millóns para todo: os quinquenios, os sexenios, as retribucións autonómicas, rebaixas doutro tipo de taxas. Con esta partida non poden ser compensados.

Por iso, a nós o que nos parece de absoluta xustiza e o que propoñemos nesta proposición non de lei é que se reúnan todas as universidades e a Xunta, que dunha forma pactada se decida que contía están perdendo anualmente as universidades pola conxelación de taxas e agora pola rebaixa no prezo dos mestrados habilitantes, se poñan de acordo nesas contías, se estableza un fondo compensatorio anual á parte, fóra do Plan de financiamento, porque no Plan de financiamento non hai diñeiro para compensar isto —por certo, que, ademais, están pagando por adiantado todas as universidades—, e, polo tanto, un plan compensatorio anual, decidido entre todas as partes, para ingresar todos os anos as perdas derivadas da conxelación de taxas e a rebaixa dos másteres.

Parécenos que é de absoluta xustiza, porque —insisto— non se pode pretender que o aforro, que estamos de acordo en que teñen que ter as familias —e moito máis que teñen que ter—, vaia en contra dos ingresos das universidades e non a custa da Xunta de Galicia, que é realmente quen ten a competencia.

Dado que consideramos que é unha medida absolutamente xusta e, ademais de xusta, necesaria, esperamos que todos os grupos da Cámara a apoiem.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Burgo.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Vaia por diante que concordamos coa proposta do Partido Socialista. De feito, haberá quince días aproximadamente desde o BNG así llo reclamabamos tamén ao secretario xeral de Universidades na Comisión 4ª nunha pregunta que formulamos ao fío precisamente dese anuncio que se fixo por parte do presidente da Xunta de Galiza, como ben indicaba a señora Burgo, naquel pleno do 25 de abril. Nese momento nós diciámoslle ao secretario xeral de Universidades que a Cámara, que o Parlamento non pode ser usado como unha sala de prensa, que non poden vir lanzarse anuncios grandilocuentes a esta Cámara sen o necesario respecto institucional precisamente coas universidades, que son institucións ben importantes no noso país, e que, polo tanto, era necesario que calquera tipo de mudanza que se quixese introducir por parte do Goberno galego non só tiña que ser primeiramente anunciado ou transmitido neste caso ás universidades, senón que debería ter sido negociado e sometido ao necesario diálogo tamén coas representantes, cos representantes desas universidades.

E tamén lle trasladabamos, nese sentido, desde o BNG a necesidade de que calquera tipo de redución nos prezos públicos, no popularmente coñecido como as taxas universitarias, agora no que ten a ver cos mestrados habilitantes ou profesionalizantes, tiña que ser compensado.

As vías de ingresos das universidades son fundamentalmente as transferencias orzamentarias que fai a Xunta de Galiza e tamén eses ingresos a través dos prezos das matrículas, e calquera variación neses ingresos ten que verse compensado por parte do Goberno galego. Porque nós apoiamos calquera iniciativa que veña reducir o custo que supoñen para o estudiantado, e nomeadamente para as familias, as titulacións, os estudos superiores, pero iso non pode, como dicía —e ben dicía— a señora Burgo, ir en detrimento das propias universidades. E máis porque isto non pode ser desligado da realidade na que leva inmersa a universidade pública no noso país nos últimos anos, esa adaptación ao Espazo europeo de ensino superior, á implantación dese modelo ou Plan Boloña, que encareceu en moito o custo dos estudos superiores para o estudiantado, e nomeadamente para as familias, e no que respecta a esta cuestión que formula hoxe o Partido Socialista, que ten a ver con eses mestrados profesionalizantes, eses mestrados habilitantes, que son obrigatorios para poder exercer profesións pois que van desde a avogacía ás enxeñerías ou á docencia.

É de obrigado estudo ese tipo de titulacións para poder exercer estas profesións e, polo tanto, ten que asumir, si ou si, esas persoas, esas familias os custos que derivan e que encareceu moito o total do custo da formación superior no noso país.

Nese sentido, nós concordamos absolutamente co que aquí se propón, e quixemos ir un pouco máis alá; quixemos poñer o foco sobre o verdadeiro. Na sesión de onte tamén avanzabamos —e dicíao a señora Burgo tamén na súa intervención— cal é o problema que teñen as universidades, que vai moito máis alá da compensación desa redución polos ingresos a través das taxas, que é a necesidade urxente de dotar de maiores recursos o propio Sistema universitario público no noso país; tamén o sinalaba a señora Burgo.

E eu quero traer directamente as palabras dos reitores das tres universidades, que dicían, precisamente ao fío dese anuncio da redución dos prezos da matrícula dos mestrados profesionalizantes ou habilitantes, que estaban por baixo do mínimo necesario para manter un sistema público de calidade.

Esa falacia que volvíamos escoitar onte da boca do conselleiro neste pleno de que con menos se fai máis é absolutamente mentira —e calquera persoa na súa economía doméstica ou familiar ben o sabe—, vai en detrimento da calidade do servizo que prestan as universidades, que vai moito máis alá da docencia e que ten moito a ver coa produción de coñecemento e coa transferencia dese coñecemento á sociedade.

Por iso nós engadimos unha emenda, que agardamos que teñan en consideración, que o que urxe é a que se habiliten maiores recursos orzamentarios de cara ao exercicio do ano 2019 para que as universidades poidan blindar non só a estabilidade profesional do persoal docente, senón tamén...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...—e con isto xa remato— dese persoal investigador que traballa en condicións absolutamente precarias no noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Comezar dicindo que dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista, e ímola apoiar porque afecta un dos piares fundamentais do ensino público como é o universitario e o seu financiamento, sempre escaso; ensino que non fixo máis que ver minguados os seus recursos dende o inicio da crise.

É que o ensino universitario, o ensino público, non foi nunca unha das prioridades do Partido Popular —todo o contrario—, salvo para lucrarse ou para facer negocios privados. ¿Como chamar, se non, os lustrosos títulos da señora Cifuentes ou do señor Casado? Patrimonialización das institucións, corrupción, marca inequívoca do Partido Popular. Seguro que a Cifuentes ou a Casado o prezo das taxas universitarias os preocupaba pouco, tiñan bastante con ir conseguindo títulos fraudulentos cos que encher os seus currículos. Competitividade, individualismo lle chaman.

Porén, cada ano, nestas datas, miles de familias neste país teñen que realizar cálculos —e cálculos difíciles e dolorosos— para ver como van afrontar o pagamento das matrículas universitarias das súas fillas e fillos, que, como saben, se sitúan de media nos 832 euros neste país.

E non é o único cálculo, porque nun país coma este, cunha dispersión poboacional elevada e problemas de transporte severos, as familias teñen que sumar gastos de transporte, alo-

xamento, manutención, por suposto libros, material e un longo etcétera que acaba engrosando moito a factura para as familias galegas.

Dende En Marea cremos nun ensino verdadeiramente universal e gratuíto que permita que todas as rapazas e rapaces que así o desexen poidan cursar estudos universitarios. Así acontece, dende logo, en moitos dos países que nos rodean e é o modelo no que queremos mirarnos.

Nese senso, a conxelación das taxas universitarias e a rebaixa das dos títulos de mestrado habilitantes, aínda que positivas, parécennos medidas claramente insuficientes. Malia a súa conxelación, a factura que afrontan anualmente as familias e estudantes segue a ser moi elevada, demasiado dura. Malia a súa conxelación, o dereito ao ensino universitario como un dereito universal segue moi lonxe. Malia que se rebaixen á metade os prezos dos mestrados habilitantes, é dicir, os necesarios para o desempeño dalgunha profesión, a súa contía vai seguir sendo elevada e vainos deixar lonxe da factura que pagan alumnos, por exemplo, en Francia ou en Alemaña.

E ¿por que referirse aos prezos dos títulos de países do noso contorno? Dunha banda, porque, como dicía, o ensino gratuíto que se oferta nestes países é o modelo no que queremos mirarnos. Pero, en segundo lugar, porque as nosas taxas son máis elevadas que as doutras universidades de fóra, coas que temos títulos conxuntos, ou dobres, o que dificulta moitísimo a captación de alumnado estranxeiro, indicador de internacionalización, o que, por outra banda e como saben, ten un peso moi importante no financiamento que reciben as universidades. E así estamos no círculo vicioso, na pescada que morde a cola continuamente. Se non somos quen de captar alumnado estranxeiro, non puntuamos ben en internacionalización, e logo non recibimos os recursos que requirimos. Baixa internacionalización e, polo tanto baixos recursos; e, con taxas máis baixas, tamén menos recursos para as universidades. Porque non debemos esquecer as consecuencias que a conxelación das taxas ten sobre os propios recursos das universidades, uns recursos que, como dicía antes, se reduciron enormemente dende o inicio da crise económica.

Tanto foi así que, de acordo co estudo realizado polo observatorio universitario, quen financia a universidade —comparación ante comunidades autónomas de España, Europa e a OCDE, 2009-2015— Galicia foi a cuarta comunidade de todo o Estado, a cuarta, que máis viu reducir o financiamento universitario non financeiro, chegando a perder case un 22,5 % do mesmo.

Se nos fixamos na baixada de ingresos por prezos públicos, resulta que Galicia foi a que máis perdeu, chegando a un descenso do 15,7 %; baixas que cómpre compensar. Non é de recibo que sexan as universidades as que sosteñan ano tras ano os recortes do Partido Popular. Se, como non se cansan de repetir dende o Goberno, chegou a hora da recuperación, o mínimo é que, efectivamente, chegue o tempo da recuperación dos recursos das universidades públicas galegas, e para todo o alumnado.

Por iso, e como dicía, votaremos «si», porque as universidades galegas precisan máis recursos, máis e mellores recursos. O futuro de todas está en xogo. E por iso agardamos que poida saír adiante esta iniciativa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e todas.

Só por dedicar nin dez segundos, señora Chao Pérez, estráñame que, falando desas cousas polas que empezou, non nos contara a utilización da universidade pública do seu compañeiro Errejón en Málaga, ou dos grandes consultores do seu partido na Complutense de Madrid. Iso si que é utilización da universidade. (*Aplausos.*) Pero non quero perder o tempo con vostede neste tema, porque, como oímos onte do seu grupo, a universidade preocúpalles o que lles preocupa.

Señora Burgo, sinto de verdade que, co ben que estivo onte —e teño que dicilo aquí publicamente—, hoxe —xa dous días seguidos con mesura e con obxectividade, claro, era moito— había que compensar algo. Porque, señora Burgo, o presidente está para presidir. Para facer decretos está o Goberno. E por iso temos un presidente que os galegos apoiamos, porque preside e decide as cousas. E comunícaaas nesta Cámara, como ten que ser. Porque digo eu que é mellor que llelo diga aos parlamentarios que noutro sitio. En calquera caso, grazas que o que dixó foi que rebaixaba as taxas, porque, se non, ¡o que teríamos que escoitar aquí! É divertido ver toda a esquerda pedindo que se suban as taxas universitarias da xente do común e da poboación. Toda a esquerda pedindo a suba das taxas.

Pois, mire, esta PNL que presentan vostedes non ten razón de ser porque non hai necesidade. Non hai necesidade disto porque xa está implementada, orzada, e firmados os acordos nos convenios co Sistema universitario galego. Xa están firmados.

A compensación, en concepto de matrículas, por posibles variacións nos prezos públicos dos estudos universitarios está contemplada nos orzamentos da Xunta. E está incluso regulado o procedemento de como se realiza para todos os títulos oficiais. Polo tanto, se o presidente da Xunta quere, pode e, ademais, orza, paga esa rebaixa de taxas o Goberno, non a pagan os cidadáns. Os que aforran os cartos son os cidadáns, o que paga é o Goberno a través dos orzamentos, porque ten, como vostede ben dixó, unha partida específica para iso.

Pero, claro, ao mellor non gusta que, dende que chegou Feijóo ao Goberno, Galicia sexa máis accesible para a xente para poder estudar, á diferenza de onde goberna a esquerda, que soben eses prezos. E compénsao o Goberno a través deses convenios, compénsao especificamente. Por iso Galicia é a comunidade coas taxas universitarias máis baratas e quere ser tamén agora a comunidade con taxas máis baratas para a xente que paga as taxas tamén nos títulos habilitantes, tamén para esa xente de enxeñería ou de arquitectura, para ter as competencias profesionais, e tamén para os da avogacía ou para os mestrados, toda esa xente que necesita ese título, que necesita eses títulos habilitantes. O que se está propoñendo é que eses 2.100

estudantes, 2.100 familias, van ver as universidades compensadas con esas rebaixas a través dunha partida específica; e con fondos da Xunta de Galicia e non directamente das universidades.

E sábeno perfectamente, porque incluso determinou a partida 444.1. Pero, mire, a cláusula novena dos correspondentes convenios asinados así o explica, e vou lelo literalmente para que non teñamos dúbidas: «En cumprimento da normativa vixente, a Xunta de Galicia deberá aboar a cada unha das universidades do Sistema universitario galego as contías resultantes dos incrementos e ingresos de matrícula pola aplicación dos decretos» —que aproba o Goberno— «que anualmente fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial» —tamén valen estes habilitantes— «de validez en todo o territorio nacional». E di: «Para estes efectos, antes do 31 de maio de cada ano de vixencia do Plan xeral de universidades, as universidades remitirán ao departamento competente en materia de universidades, debidamente certificados, os datos correspondentes ao número de créditos efectivamente formalizados, segundo a clasificación contemplada no decreto anual de prezos. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia, en cumprimento da normativa estatal vixente, compensará tamén as universidades do Sistema universitario galego dos custos de matrícula non cubertos polo Ministerio».

Creo que é evidente que se está facendo así, hai acordos firmados de financiamento coas tres universidades, e vai seguir complementando. E —como ben dixo— cando fixo falta, ampliou os orzamentos desta partida a Xunta de Galicia. Polo tanto, a Xunta de Galicia está cubrindo esta redución de taxas aos cidadáns nas partidas orzamentarias.

E xa sei que non lles gusta, pero por iso a xente está contenta con pagar menos taxas e que sexa a Xunta de Galicia a que compense as universidades a través destes convenios; e cun convenio, cun acordo de financiamento 2016-2020, que garantiu un 18 % de incremento, e que garante por escrito que cada ano as universidades galegas incrementen os seus orzamentos entre o 3 % e o 4 %. Eses son datos obxectivos, colla os orzamentos dende que se firmaron. Xa sei que estas cousas non lle gusta escoitalas. Onte falaban de que a liberdade tamén é escoitar o que non gusta. Temos todos a liberdade, e estes son datos obxectivos, convenios firmados coas universidades.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, en primeiro lugar quero dar as grazas á señora Chao e á señora Rodil polo apoio a esta iniciativa, que si entenderon. E estou de acordo con todo o que dixeron nas súas intervencións, porque é a realidade que nós tamén percibimos e que estamos percibindo non soamente nós senón toda a sociedade.



Quero dicir, en primeiro lugar, que si apoiamos e aceptamos a emenda do BNG. Non está aquí introducido porque queriamos neste momento poñer o foco ante esta situación, e o demais é de gran calado porque ten para un debate posterior. Pero, dende logo, estamos absolutamente de acordo.

Señor Fernández Prado, quero darlle as grazas, en primeiro lugar, por esa felicitación que me fixo. Sinto moitísimo non poder devolverlla e darlle tamén a vostede a felicitación por unha intervención. Aínda non atopei a intervención súa que podo felicitar, (*Aplausos.*) pero esta, dende logo, non vai ser. Esta, dende logo, non vai ser, porque vostede aquí o que demostrou é que terxiversa claramente —porque sabe vostede do que estamos falando nós— o que dixemos. Nós non estamos —e vostede sábeo— pedindo a suba das taxas, senón a compensación á universidade. Pero si que teño que darlle as grazas por algo que dixo: por fin atopamos a alguén do Partido Popular que reconece unha realidade, que reconece que o señor Feijóo preside de forma autoritaria, preside sen consenso, goberna sen falar con ningún. Porque o señor Fernández Prado dixo que o presidente é o presidente, que está aquí para decidir, e di o que quere, di o que decide, así. E iso ten un nome: autoritarismo. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, díxoo vostede. Por fin alguén o reconece. O presidente decide a pesar de que sempre fala de consenso, fala de que coas universidades chegamos a todos os convenios. Pero decide prezos públicos sen falar coas universidades, o que me parece que é unha clara mostra do consenso e do respecto ás universidades. Ponse aí e dilles a todas as universidades: vostedes van cobrar iso, porque eu quero. ¡Ah!, un presidente democrático onde os haxa.

Eu si que podo felicitalo por esa claridade de pensamento que ten vostede.

Mire, señor Fernández Prado, imaxino que sabe vostede que esa partida, a 441, non chega para compensar. E ao que non estamos dispostos é a que haxa —como houbo xa— transferencias de partidas do financiamento para as universidades, dunha partida á outra. Quero dicir que se compensan as perdas nunha partida con outra partida que tiñan que percibir as universidades. ¿Sabe o que é iso? Un círculo no que as universidades sempre perden. E por iso pedimos unha compensación externa, externa e a maiores, non que saia doutra partida do financiamento e pareza que estamos pagando o que temos que pagar. Pero para pagar esas contribucións estamos deixando de contribuír a outros pagos. Xa sabemos as trampas.

Entón, o que queremos é un fondo de compensación distinto para compensar por esta rebaixa e pola conxelación.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Remato, señor presidente.

Dígolle que todos os cálculos, señor Fernández Prado, inciden en que son polo menos 30 millóns de euros, unha cantidade importante. Pero ben, xa se ve a importancia que vostedes lles dan ás universidades que o presidente decide por elas. ¡Faltaría máis!, para iso é o presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir o seguinte texto ao remate da parte resolutiva:*

*«— A establecer un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.*

*— Demandar do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza, nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.*

*— A incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de vivenda.*

*— Extensión do censo de vivendas baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir o seguinte texto despois da proposta de acordo:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitarlle ao Goberno do Estado que:*

*— Promova a modificación do marco lexislativo en materia de vivenda (Lei de vivenda e Lei de arrendamentos urbanos) co obxecto de evitar a especulación e favorecer o acceso á vivenda como dereito básico da poboación.*

— *Reformule o Plan Estatal de Vivenda para evitar o incremento da burbulla do alugueiro.*

— *Cree un parque público de vivenda mobilizando as vivendas actualmente en propiedade da SAREB para destinalas ao aluguer social.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente, e bo día a todas e a todos.

Enténdese por cualificación definitiva dunha vivenda protexida o acto administrativo polo que se determina o réxime xurídico, en arrendamento, en venda ou en promoción para uso propio da citada vivenda. A cualificación definitiva terá lugar unha vez finalizadas as obras e tras a concesión pola administración pública competente da licenza de primeira ocupación.

En resumo, unha cualificación definitiva outórgase cando unha vivenda está rematada correctamente e disposta para a súa entrega a un arrendatario ou comprador.

Pois ben, aclarado isto, podemos xa falar do número de cualificacións definitivas de vivenda protexida detrás dos plans autonómicos no ano 2017, nove vivendas. E a estas habería que engadirilles algunha máis, exactamente tres, detrás do plan estatal. Un total de doce vivendas en toda Galicia no 2017. ¿Sorprendente? Talvez, talvez para a oposición si o sexa; para o Goberno non teño dúbida de que é un fin buscado e conseguido o desmantelamento do parque público de vivenda. (*Aplausos.*)

E eu entendo que para vostedes, para o Goberno, é moito máis interesante cubrir as costas a compañeiros de partido como o señor Telmo Martín, actual alcalde de Sanxenxo, quen a través da súa empresa cobrou sobreprezos en vivendas protexidas. E eu dígolles que se equivocan. Por un lado, o señor Feijóo desculpando a súa actuación, argumentando que gañou eleccións despois de coñecerse a apertura do seu expediente. ¡Como se os votos exculpasen ninguén da súa responsabilidade! (*Aplausos.*) E, por outro lado, equivocáncese cando rebaixan a súa implicación considerándoo un simple socio. Porque, miren, Galicia ten un gran problema ou talvez unha gran virtude, e é que nin as cidades nin os pobos son tan grandes como para que non saibamos todas e todos quen é cadaquén. Foi o señor Martín Hera a Construcuatro o que o señor Lito á orquestra Panorama. (*Risos.*)

Pero vostedes insistan en crear esas realidades paralelas e esquezan o importante que é pensar máis na xente e menos nos negocios dos amigos que conseguen votos. Porque outro ano máis a política de vivenda está na cola na execución dos programas de entre todas as consellerías, cun nivel de execución dun 78,1 %, o que supón case dezasete millóns que deixaron de executarse. Pero se no ano 2017 se investiron preto de sesenta e dous millóns, no 2016 foron 72 millóns, polo que realmente se perderon 27 millóns de investimento respecto do ano anterior ¡Vinte e sete millóns de euros! ¿Cantas vivendas se poderían habilitar ou construír con eses cartos? Pois dígollelo eu: entre duascenas e duascenas cincuenta. Ano tras ano, polo tanto, vemos como a política de vivenda se estanca, e especialmente na oferta do parque público de vivenda, tanto para alugueiro como en propiedade.

E os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes no Rexistro único de demandantes de vivenda, e actualizados día a día —estes días non porque desapareceu da web—, na data do 3 de maio de 2018 era de 11.801 demandantes. A maior parte deles, un 75 %, son solicitantes en réxime de alugueiro, e un 15 % destes con opción á compra. Vinte e sete días despois dese 3 de maio o número de demandantes incrementárase en cento cincuenta e seis persoas máis. Un incremento que resulta significativo por coincidir con outros moitos factores, como son a suba dos prezos da vivenda de alugueiro nos últimos meses, e especialmente nas grandes vilas de Galicia. Talvez non sexa tolo pensar que unha cousa acompaña a outra.

E, como apuntaba antes, o pasado ano 2017 foron soamente nove vivendas autonómicas as cualificadas definitivamente, segundo datos do propio Ministerio de Fomento; tres máis as que se aportaron desde os fondos do Plan estatal. Doce en total, que contrastan coas mil duascentas que se precisarían para cubrir polo menos un 10 % da demanda actual. E co ritmo dos últimos cinco anos non se cubriu máis que o 1 % da demanda anual existente; entre os plans de vivenda estatal e autonómico un total de seiscentas trinta e catro vivendas.

¿Cre realmente este goberno que unha política que consegue cubrir só un 1 % da demanda social é unha política exitosa? Non podemos esquecer que o acceso a unha vivenda é un dereito, como o é a sanidade ou a educación. ¿Acaso alguén se plantexa que a existencia duns servizos sanitarios que atendesen soamente un 1 % da poboación sería un servizo suficiente? ¿Ou que dos pouco máis de dezanove mil nenos que naceron no 2016 só cento noventa tiveran dereito de acceso a unha educación pública? Creo que todos podemos entender que se existe unha demanda de vivenda pública en réxime de alugueiro ou propiedade de promoción pública, nun rexistro ademais impulsado por parte do propio Instituto da Vivenda e Solo, e do mesmo só se consegue como máximo o 1 % da demanda anual, o resultado da política de vivenda é de total fracaso.

E, claro, o Plan de vivenda estatal que queda en herdanza non tivo tampouco moita consideración coas galegas e cos galegos. Na Comisión 2ª eu mesma faláballe ao director do Instituto Galego da Vivenda e Solo do «plan da croqueta», onde nada se tira e todo se aproveita. O Goberno do Estado do señor Rajoy deixou en herdanza un plan a catro anos sustentado soamente cos millóns que precisamente non se executaron do plan anterior. Un síntoma máis do estado de coma inducido ao que se levou a política de vivenda.

E nós xa lle manifestamos á propia conselleira que non dubidamos dos plans que se puxeron en marcha para contribuír ao acceso ás vivendas, dubidamos dos resultados, que son os que son. E cremos que se estas políticas non están a funcionar, como parecen demostralo os números, terá que analizarse o porqué e, sen dúbida, dar unha resposta inmediata á demanda de vivenda a un prezo accesible. Máis aínda nun momento no que os prezos do alugueiro —como antes apuntaba— están subindo e a oferta minguando, especialmente nas vilas máis grandes. Eu sei que aquí a propia conselleira negou este feito comparando os datos actuais co ano 2007, punto de inflexión nos prezos e, polo tanto, ano de prezos punta. A realidade é que a burbulla se está comezando a fraguar. E nós preferimos que se tome conciencia e que se abran os ollos para actuar desde a prevención, que nunca está de máis. Porque, segundo datos do INE, dende o cuarto trimestre do 2014, o índice de prezos medios

de vivenda sufriu unha subida continuada, sendo no primeiro trimestre de 2018 dunha suba de 7,7 puntos para a vivenda nova e de 2,4 puntos para a vivenda de segunda man.

Tomen nota porque o que lles trato de dicir é que o aumento de prezos está a acontecer en todas as comunidades, non é unha cuestión que afecte só Galicia. En materia de vivenda e de construción, Galicia ten esa condición —boa ou mala— de ir sempre na retagarda dos efectos e as consecuencias. E neste senso penso que é unha oportunidade que non se debe desaproveitar: contar con ese tempo de reacción para poñer en marcha políticas preventivas en materia de vivenda. Combatan o aumento de prezos do alugueiro cunha oferta suficiente de vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro ou en propiedade. E permitan que aqueles que opten ademais a un alugueiro social poidan optar á compra. Non neguen este dereito, como xa ten acontecido nalgunha das últimas promocións entregadas.

E dende o Grupo Socialista cremos que hai que ter unha especial consideración ademais coas unidades familiares máis vulnerables. Neste senso é preciso lembrar aquí que, segundo datos da EPA, se no 2009 eran dezanove mil setecentos os fogares sen ningún tipo de ingreso en Galicia, no 2018 o número de fogares incrementouse en trinta e catro mil trescentos. O que nos leva a ter claro que nin Galicia foi nin é o mellor escenario para os colectivos máis vulnerables, nin a oferta de vivenda pública é suficiente, sabendo que hoxe son case quince mil fogares máis os que non poden pagar sequer as facturas nin alugueiros de ningún tipo.

E supoño que o grupo de goberno ten unha estratexia de defensa clara a este respecto. De feito, teno manifestado en diversas ocasións, atribuíndo os escasos recursos para a promoción de vivenda pública á súa aposta por outras medidas, como a reutilización de vivendas baleiras. O certo é que deste plan, o das vivendas baleiras, pouco ou nada se sabe. E explícome: non existe información accesible sobre o número de vivendas dispoñibles en cada concello, e que permitan valorar o éxito ou o fracaso do plan. En todo caso, nalgun concello temos constancia de que a oferta é de moi poucas vivendas, e en moitos permanece en cero. Na área da Barbanza, que se sumou con entusiasmo a este plan, vese como despois de case dous anos non se conseguiu adherir nin unha soa vivenda ao plan. O pulo do alugueiro turístico decanta os propietarios cara a esa outra modalidade, que lles resulta moito máis atractiva. Estas cifras que vemos como se repiten noutras comarcas fannos dubidar, polo tanto, do alcance do plan, explicando, por un lado, talvez que os cartos previstos para a rehabilitación das vivendas deste programa como incentivo non se executasen; sendo esa talvez unha das causas que se engadiu a esa baixa execución dos programas dos que antes falaba. E, por suposto, supóño, porque —insisto— non hai datos oficiais ao respecto, e os que facilito son os que se poden atopar en novas recentes da prensa.

Cremos que se en xaneiro deste ano ademais se puxo en marcha un observatorio galego de vivenda, ¿que menos que reflectir estes e moitos outros datos que nos permitan en todo caso analizar a oferta, as necesidades e os éxitos e fracasos das medidas postas en marcha por parte da consellería, e co fin de que entre todos poidamos propoñer novas accións ou melloras. Porque desde o Grupo do Partido Socialista seguimos sorprendidos co feito de que este observatorio se reduza no día de hoxe a unha web con estatísticas escasas e con datos desfasados, moitos do ano 2011. ¡Totalmente ineficaz!

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta hoxe esta proposición, que pretende instar a Xunta de Galicia para que, por un lado, «adopte as medidas necesarias para reactivar desde o Instituto Galego da Vivenda e Solo a oferta, tanto en réxime de alugueiro como de propiedade, de vivendas do parque público, e en resposta ao Rexistro único de demandantes de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia». E, por outro lado, que «facilite en todo caso a posibilidade de optar a vivendas de alugueiro con opción á compra nas edificacións de nova promoción e na mesma porcentaxe que se constate no Rexistro de demandantes».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Agardando que poida acadar o apoio de todos os grupos, máis nada polo de agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Bo día.

Pasaron cinco días desde a sentenza do Tribunal Supremo sobre o caso Telmo Martín, Construcuatro, condenado por cobrar sobreprezos en B a familias, a persoas que mercaron vivendas de protección oficial no barrio de Navia, en Vigo. E supón isto unha condena firme por estafa a sesenta e dúas familias por un valor de 1.235.000 euros; teñen que devolver entre 10.000 e 30.000 a cada unha destas persoas. E ademais esta sentenza confirma unha multa de 3,7 millóns de euros, que é un expediente —porque vostedes contan outra historia— que foi iniciado no ano 2007 pola Consellería de Vivenda, presidida por Teresa Táboas.

Pasaron cinco días e aínda non dimitiu o señor Martín e, o que é máis grave, o Partido Popular aínda non pediu a súa dimisión. Espero que saian aquí dicir algo ao respecto, porque este é o modelo, este é o exemplo do Partido Popular sobre as vivendas de protección pública; é o señor Martín o exemplo. Voulles ler unha cita: «Erros que na vida privada son difíciles de xustificar, na vida pública son absolutamente inxustificables», Alberto Núñez Feijóo. Así que, aplíquense o conto.

Ao BNG parécenos unha grave ofensa, un insulto e unha falta de respecto ás case doce mil persoas inscritas no Rexistro da Xunta, ás ducias de miles de persoas que sobreviven na precariedade ou no paro e que nin sequera poden soñar cunha vivenda en alugueiro. Parécenos escandaloso cando Abanca é a principal propietaria de vivendas no Estado e en Galiza; esa banca rescatada con máis de sesenta mil millóns de fondos públicos e que agora especula con máis de catrocentas mil vivendas expropiadas. Escandaloso cando os fondos voitre entran a saco e compran miles de propiedades a saldo para especular e facer caixa; cando se

crean paraísos fiscais aquí no Estado español para as Socimis, que son inmobiliarias dedicadas ao alugueiro que non pagan o imposto de sociedades; cando hai máis de trescentas mil vivendas baleiras en Galiza, noventa mil delas nas cidades; e cando fracasou ese bluf do Programa de vivendas baleiras da Xunta.

O BNG vai apoiar esta iniciativa presentada polo Grupo Socialista, que pon o foco nunha cuestión que nós entendemos que é necesario impulsar, pero que é só unha parte do conxunto e do grave problema ao redor da vivenda. Efectivamente, pensamos que hai que promover vivenda de promoción pública, que hai que incrementar o gasto público en vivenda, que hai sobre todo que mellorar a execución orzamentaria, porque nos últimos anos foi baixísima. Pero a verdadeira política de vivenda require a intervención pública, a intervención do Estado, a intervención da Xunta de Galiza no mercado e no sector, para conseguir romper esa trama de intereses que neste momento favorece as grandes propietarias da vivenda. E trátase, polo tanto, de garantir a vivenda como un dereito básico da poboación, non como un luxo só ao alcance dunha minoría privilexiada. Precísanse, polo tanto, cambios estruturais.

Por iso nós nas nosas emenda falamos de cambios lexislativos, empezando pola Lei de vivenda ou a Lei hipotecaria, que deben establecer medidas, por exemplo, de fiscalidade, que penalice ou que premie segundo o caso. Tamén pensamos que hai que modificar o Plan estatal de vivenda. E, neste sentido, apelamos ao Grupo Socialista porque hai uns días criticaban con dureza este plan e agora parece que lles é marabilloso porque acaban de darlle luz verde. Din que foi unha herdanza do señor Rajoy, pero mentres que criticaron que era un plan que o que facía era incrementar a burbulla do alugueiro, facendo medrar artificialmente os prezos, agora resulta que lle deron para diante. E eu non sei se non sería máis xusto e máis oportuno pararse a pensar, revisalo, modificalo aínda que tivese un pequeno atraso.

E, por último, propoñemos unha medida que nos parece absolutamente fundamental, porque coa oferta de vivendas de protección pública non se vai resolver o problema, que é a creación dun parque público de vivenda mobilizando as vivendas da Sareb para destinalas a alugueiro social.

Con medidas como estas si que se resolvería de maneira radical o problema do acceso á vivenda para unha gran maioría da poboación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Pois, evidentemente, se vimos falar de vivenda, hai que empezar por falar do escándalo do Partido Popular, do escándalo do señor Telmo Martín, alcalde do Partido Popular en Sanxenxo, quen estafou e cobrou sobrepresos por valor de 1.200.000 euros e vai ter unha sanción confirmada polo Tribunal Supremo de 2,4 millóns de euros. Non estamos falando de calquera

couza, é un caso de corrupción moi grave. E se a Xunta de Galicia, que é a que ten competencias en vivenda, está gobernada polo Partido Popular, o Partido Popular debe de cesar inmediatamente o señor Telmo Martín, senón será o exemplo do que o Partido Popular quere facer coa vivenda: negocio.

E aínda encima o señor Feijóo liga o seu futuro ao futuro do señor Martín e xustifica o señor Telmo Martín con mentiras unha vez máis, con mentiras. Din que este foi un expediente iniciado polo Partido Popular, e como xa dixo o señor Bará iniciouse no Goberno bipartito, e dio a sentenza, porque vostedes menten a sabendas, aínda mentiu onte a señora Prado. Di textualmente: *«Se afirma también en la demanda que hubo ausencia de apertura de un periodo probatorio, de donde se deduce que por ello no pudo intervenir en la práctica de la prueba. Además que la administración no se pronunció sobre su solicitud de rendimiento de prueba y no era una prueba improcedente o innecesaria. Sin embargo, figura el acuerdo de incoación en los folios 1068 y siguientes del expediente administrativo de 1 de octubre de 2007»*. Ou sexa, menten para amparar o señor Telmo Martín. Unha vez máis, xa estamos acostumados ás mentiras do Partido Popular. Cesen o señor Telmo Martín, deixen atrás a súa historia na corrupción urbanística de Sanxenxo, a corrupción urbanística do Partido Popular de Galicia. Se vostedes amparan o señor Telmo Martín non teñen aquí lexitimidade para vir falar de vivenda despois.

E nós o da burbulla xa o levamos repetindo ano e medio aquí: danse as condicións perfectas para que se cree a burbulla que se está creando, e esa burbulla afecta moi negativamente a vida das persoas. É dicir, están subindo espectacularmente os prezos do alugamento porque non hai políticas de vivenda que o eviten. Nós levamos repetindo que medidas poden evitar esa burbulla: a promoción pública de vivenda, a mobilización da vivenda baleira, a penalización da vivenda que está baleira en mans dos grandes propietarios. Vostedes, por non facer, non fixeron nin en Madrid o cumprimento da Lei de facendas locais do 2004, para que os concellos poidan aplicar un recargo á vivenda baleira; bloqueárono en Madrid vostedes.

E é certo, o Partido Socialista ten unha oportunidade agora de promover ese cambio, pero desde o 2004 téñeno bloqueado porque hai contradición de intereses. Hai contradición de intereses, pois ou se está co dereito á vivenda ou se está cos propietarios que queren facer negocio coa vivenda. E vostedes en todas as medidas sempre se poñen do lado dos propietarios das vivendas, que utilizan a vivenda para facer negocio e non a vivenda para vivir sistematicamente, con ese exemplo do IBI, pero tamén co bloqueo da construción dun parque público de vivendas con prezos sociais. Vostedes nunca apostaron por iso porque, evidentemente, esas medidas o que favorecerían é unha moderación dos prezos, unha regulación dos prezos. Vostedes non fixeron iso cando modificaron a Lei de vivenda de Galicia e deron a posibilidade de reducir a reserva de solo para vivenda de promoción pública e de protección pública. Porque vostedes todas as medidas que fixeron foron para favorecer o negocio da vivenda.

E así temos os datos que temos. En 2017, os datos din que se incrementaron os desafiuzamentos neste país, en Galicia. En 2017, nove anos despois do inicio da crise, e aquí subiron os desafiuzamentos. E aínda virán aquí dicir e botar merda aos demais despois de estar provocando a peor das violencias que se pode ou das peores violencias que se poden utilizar



contra a xente, que é expulsalos das súas vivendas polas súas políticas, e nada máis que polas súas políticas que favorecen uns poucos.

E despois, aínda por riba, nin sequera nesas políticas de maquillaxe que vostedes fan son capaces de ter eficacia ou eficiencia. É de vergonza a execución dos programas de vivenda da Xunta de Galicia durante os últimos anos. O programa estrela, onde gastaron máis diñeiro en publicitar ese programa que no programa, literalmente: Programa de vivendas baleiras, executou o ano pasado o 3,4 % dos fondos. Dez mil catrocentos corenta e nove euros executaron do programa estrela da conselleira, que se fartou de presumir dun folleto de doce medidas que non significan nada. Pura publicidade e propaganda. E o programa Aluga, o 20 % de execución, etc.

Non é que fracasen vostedes, é que nunca quixeron facer outra cousa diferente. Queren tratar de disimular por se lles ten un custo electoral. Pero vostedes teñen claro de que lado están; están do lado dos que están facendo negocio agora coa burbulla do alugamento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e os que fixeron negocio anteriormente coa burbulla inmobiliaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Sánchez, señores de En Marea, posiblemente vostedes prefiran o modelo da Coruña, como non pode ser outro: almacéns como vivendas, e válenos calquera cousa. Iso si, sempre e cando paguemos... (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu escoiteino con toda atención, supoño que non lle interesa escoitalo. Escoiteino, non abrín a boca; vostede nin iso é capaz de facer, porque vostedes non son capaces nin de respectar o debate doutras persoas que pensan diferente de vostedes. (*Aplausos.*) Pero iso si..., (*Murmurios.*) se non lle chegou o tempo, señor Sánchez, se non lle chegou o tempo, pídalle ao presidente que lle dea máis, pero pido que respecte o meu turno; pido que respecte o meu turno porque eu tamén represento moitos votantes, máis ca vostedes, e teñen dereito a ser escoitados e respectados. Pois pídolle ese respecto. Agora, iso si, estou dicindo que se o modelo é o de converter almacéns que non cumpren nin a norma nin nada en vivendas, sempre e cando se paguen aos amigos e aos abaixo firmantes. Ese é o modelo de vostedes.

E a señora Pierres posiblemente prefira o modelo Garañón do señor Besteiro e o señor Orozco. A min non me gusta, e asegúrolle que o coñezo ben. Ese modelo non me vale. E logo

quero dicirlle unha cousa: defraudoume, sinceramente. Porque vostede sabe perfectamente que cando se parte de datos falsos as conclusións son erróneas e, polo tanto, a súa proposición é errónea. Pode ser válida, pode ser válida para traer para o debate, pero errónea. E voume explicar:

Primeiro. Fala do 41 %, ao cal tamén se sumaron o resto de coro de anos desta parte, de execución das partidas de acceso á vivenda do ano 2017. ¡Falso! O 41,3 % do nivel de execución é unha partida, casualmente a de «Axudas ao alugueiro», que é unha partida de fondos estatais, fondos que veñen finalistas, e que como estaba o Plan de vivenda prorrogado non se modificou, ten a mesma cantidade, non houbo novas incorporacións ao Plan de alugueiro e, polo tanto, houbo menos solicitudes, e incluso das solicitudes que se fixeron houbo unha serie de xente que non cumpría os requisitos e, polo tanto, non se esgotou esa partida. Pero o global de execución de acceso á vivenda da Consellería foi do 81 %. E rétoos a que o analicen con detalle. O 81 %. E é falso o primeiro dato.

Segundo. E vostede sábeo, por iso defraúdame, porque vostede sabe deste tema, sabe diferenciar unha vivenda de protección autonómica dunha vivenda de promoción pública. Sabemos perfectamente o que é cada cousa. E unha cousa son as vivendas de protección oficial, executadas e construídas por empresas privadas ou promotores privados, e outra cousa moi diferente son as promovidas pola Xunta, polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. E vostede está confundindo todo.

Mire, o Ministerio non ten datos das promovidas pola Xunta. Esas nove máis tres que di vostede que tiveron a cualificación, que explicou moi ben o que era unha cualificación de protección oficial, esas nove que dá o Ministerio son as privadas, promoción privada, e non forman parte do parque público de vivenda da Xunta, porque esas son outras. É máis, o parque público de vivenda da Xunta non está formado nin polas que promove a Xunta, a propia Xunta, e que son destinadas á venda. Por certo, adxudicadas de acordo cun decreto, o 253/2007. ¿Sabe quen gobernaban no ano 2007? Presidía un presidente socialista, gobernar non gobernaba ninguén. Xa o dixeron aquí onte que non houbera goberno ningún, que só foran gobernos do Partido Popular en Galicia, e niso teñen razón. Mire, ese decreto, por iso parte de temas falsos, non son nove as vivendas cualificadas, son bastantes máis, porque as de promoción pública non figuran aí para nada, entre elas de nova construción ou de rehabilitación.

E logo, por outra banda, hai que indicar que ese Decreto 253/2007 está neste momento en proceso de modificación. E xa se contempla nesa modificación, que se está a tramitar, o alugamento con opción de compra, cousa no que o decreto que aprobaron o Goberno bipartito non se contemplaba para nada.

E neste momento está en tramitación ou en execución ou en licitación un número de vivendas importante por parte da Xunta de Galicia: sesenta e dúas en Vigo, corenta na Coruña, vinte e dúas en Ourense, once que están en proxecto en Lugo. A maiores, en rehabilitación, que tamén contan, en Lugo hai catro edificios adxudicados. Por certo, dous deles pendentes de licenza municipal desde hai máis dun ano. ¿Sabe canto tempo se tarda en Lugo en dar unha licenza municipal para unha rehabilitación ou para calquera obra? Dous anos, de aí

para arriba. (*Murmurios.*) Goberno socialista, apoiado curiosamente polo BNG e polas mareas de Podemos, chámense como se chamen. Pois ese é o goberno que hai en Lugo: máis de dous anos nunha licenza. Se non hai licenza saben que non se pode edificar.

Estase a traballar e a rehabilitar vivendas en Betanzos, seis en rehabilitación, trece que están en licitación. ¿Acórdanse daquela proposta que trouxeramos aquí de vivendas modulares? Pois hai seis xa adxudicadas en Cenlle e Sober, e están outras seis para licitar. É dicir, estamos a falar de que neste momento o que é parque público da Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...—remato, señor presidente— parque público, é dicir, vivendas á disposición dos usuarios en alugamento, e que son propiedade da Xunta, son tres mil quinientas, e outras duascenas que se verá incrementado tan pronto como se rematen todas estas que están en fase de execución ou en proceso de execución.

E se falamos das que vostede falaba, señora Pierres, das de protección, protección pública, jeh!, promoción pública, protección oficial, promoción pública...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...que se adxudicaron en propiedade, pero que a Xunta loxicamente non é a propietaria, podíamos estar falando de varias ducias de miles de vivendas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Señor Castiñeira, só teño que dicirle unha cousa: señor Castiñeira 0, Orozco 3. (*Aplausos.*) Agora que estamos de Mundiais, pois ao mellor... (*O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.*) E, por outro lado, con vostede tamén aprendín eu... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Tranquilidade. Silencio, silencio, por favor. ¡Silencio!

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Señor Tellado, *habla cucurucho que no te escucho.*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Vamos ver, señor Castiñeira, con vostede hoxe ademais descubro que os termos «bastantes máis» e «moitas máis» son termos que deberían ser incluídos

no IGE, porque, claro, vostede contéstame dicindo que eu dou datos pouco fiables, e vostede dime que son bastantes máis, que son moitas máis. Ben, pois fagamos esa petición ao IGE para que os inclúa nos datos de vivenda. E tamén que «estamos a facer» non é o mesmo que «unha cualificación definitiva». Tamén estamos de acordo.

Pois, primeiramente, agradecer o apoio manifestado polos grupos do BNG e de En Marea. E sentimos a falla de autocrítica, de verdade que si, do Partido Popular. Algo que non nos sorprende en exceso, e menos a estas alturas. Porque da súa intervención nós só podemos deducir unha cousa: que o seu concepto de éxito dista moito do noso, porque dende o Grupo Socialista cremos que se escoitamos con atención as recomendacións formuladas en abril deste ano polo Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais das Nacións Unidas, concluíramos, entre outras cousas, que é preciso destinar recursos suficientes para ampliar o parque público de vivenda, para regular o mercado privado e evitar os prezos desorbitados. É algo ben obvio. E hai que entender que isto pode implicar nova vivenda ou vivenda de segunda man rehabilitada. Aquí non se está a falar de construír por construír, senón de aumentar a oferta do parque público de vivenda, moito máis que «bastantes máis» e «moitas máis».

Porque en España hai dous datos que son especialmente preocupantes: o primeiro, que non se chega a máis dun dous por cento da oferta de vivenda pública, cando nalgún país europeo como nos Países Baixos a cifra chega incluso ao 30 %. E o segundo, que no ano 2015, en España, a porcentaxe do custo de alugueiro sobre o total de ingresos dispoñibles do fogar foi para o total da poboación española dun 32,5 %, a segunda cifra máis alta de toda a Unión Europea.

E con estes datos queda claro que abandonar as políticas de vivenda é abandonar un dereito fundamental, é un elemento máis que acrecenta as desigualdades entre os que máis e menos teñen. Un goberno non pode deixar todo en mans da oferta privada, porque entón ocorre o que estamos a ver xa nas grandes cidades galegas; cidades nas que os grandes investidores están a mercar eses pisos en zonas céntricas como xa ten acontecido en cidades como Madrid e Barcelona, co fin de crear vivendas turísticas, que o que provocarán é o incremento exponencial dos prezos do alugueiro...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...e, polo tanto, a expulsión dos centros das cidades de moitos residentes.

Polo que respecta ás emendas, señor presidente, do Grupo do BNG, terán que entender que a iniciativa de hoxe pretende centrarse no ámbito autonómico. Non disentimos dalgunhas das propostas que propoñen, similares a outras que nós mesmos temos xa presentadas na comisión, pero cremos que ese é un debate que debера darse noutra iniciativa.

E respecto das emendas de En Marea, consideramos a inclusión como puntos de engádegas dos puntos 1 e 3 dos catro que propoñen, descartando o punto 2, polo mesmo motivo argumentando coas emendas do BNG, e o punto 4, por considerar que son os concellos os que teñen que decidir a súa inclusión no plan. En todo caso, porque nin sequera este plan —

como antes expliquei— significa que sexa posible crear ese parque de vivenda para alugueiros, aínda que cremos que é un programa moi mellorable e revisable que daría para unha iniciativa en si mesmo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pierres.

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Si, foi aludida no debate, si.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si.

Grazas, señor presidente.

Ben, eu vou reiterar o que dixen onte: primeiro, o que vou dicir é que a min se me chamou «mentirosa». E, claro, nesta cámara xa hai unha escalada de insultos que mentirosa dentro de pouco vai ser un adxectivo cariñoso, ¿non? Entón, primeiro, dicir que non son mentirosa, que eu onte nesta cámara non mentín. E os que menten son outros, porque aquí se dixo que o señor Telmo Martín foi condenado por estafa. E se algún se quere amparar e escudar no seu privilexio de ser deputado para inxuriar e calumniar dende esa tribuna, alá eles. Pero a outras pídenlles que deixen o escano por utilizar a súa tarxeta de deputada de xeito privado, pero poden ampararse..

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non, non, señor presidente, vou dicir e déixeme terminar que teño polo menos o dereito a explicar.

**O señor PRESIDENTE:** Non, xa está entendido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. Silencio. Xa está, xa está entendida a cuestión.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non, non, vou explicar por que non foi unha estafa, non, porque non foi condenado por estafa, é un expediente administrativo aberto no ano 2010...

**O señor PRESIDENTE:** Xa está entendido, é un matiz. Xa está, xa está, señora Prado, xa está.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e non hai condena penal... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Xa está. Terminou o seu tempo. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa está, grazas. Xa está. Non hai réplica. Non, non hai réplica. Non, non, non, non, non hai réplica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non,

nas alusións non hai réplica. (*Protestas.*) Non, non, di o Regulamento que nas alusións non hai réplica. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, perdoen, nas alusións non hai réplica. ¡Regulamento!

Non crucen discusións entre vostedes. Non, non, non hai réplica. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, que non. (*Protestas.*) ¡Non hai réplica! Non a hai. ¡Silencio, por favor! Xa está. Non, non, que non hai réplica. Que o teño claro, que non hai réplica. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non hai!

Non, foi aludida. Os deputados teñen que ter claro como aluden, e punto. Terminouse, terminouse, terminouse. (*Murmurios.*) Non, non, síntoo, ¡xa está! Non, ¡terminouse!, ¡terminouse!, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa está. ¡Terminouse! Señor..., vouno ter que chamar á orde. ¡Terminouse! Xa está.

Seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado as seguintes medidas:*

*1<sup>a</sup>) Establecer con carácter de urxencia un procedemento de homologación das pensións do estranxeiro coas pensións da Seguridade Social para que, as que sexan por incapacidade absoluta ou gran invalidez que están exentas do IRPF, se exclúan de calquera requirimento que se faga a efectos fiscais.*

*Mentres non se dispoña desta homologación, paralizaranse os requirimentos que a Administración tributaria está a facer aos emigrantes retornados con pensións públicas do estranxeiro, non procedendo a iniciar actuacións de xestión, investigación ou liquidación do IRPF para estes supostos.*

*2<sup>a</sup>) Impulsar o inmediato cumprimento dos acordos transaccionados na Proposición non de lei 8571 do Grupo dos Socialistas de Galicia na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia desenvolvido o 24 de maio de 2017.*

3ª) *Aplicar de oficio a exención no territorio español das pensións procedentes do estranxeiro pagadas por ou con cargo a fondos públicos, cando proceda de conformidade cos convenios para evitar a dobre imposición asinada polo estado español, vixentes no período impositivo que corresponda á declaración por IRPF, aplicando aos efectos as sentenzas que teñen declarado a procedencia de dita exención.*

4ª) *Nos supostos de devolución de recargas, intereses, sancións, recargas do período executivo e intereses de demora, aos que se refire a Disposición adicional única da Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, o Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo RD lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias, non houberen solicitado en prazo polos obrigados tributarios, a administración tributaria, de acordo coa información que obra no seu poder, procederá de oficio ao reintegro dos importes ingresados e non devoltos aos contribuíntes, na contía e cos límites previstos no apartado 2 de dita disposición.»).*

*(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. ¡Silencio, por favor! Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Pazos e señor Sánchez, silencio, esta é unha cámara. Silencio, silencio, xa está. *(Balbordo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, por favor, suspendemos dez minutíños, non hai problema. Silencio.

Señor Sánchez, silencio. *(Murmurios.)*

Señora Presas, ten vostede a palabra para a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa a lin. Silencio, silencio.

Vou suspender. Ben, señores, así é inaguantable. Vou suspender.

Señor Pazos, ¡silencio! E señor Sánchez, ¡silencio! Terminouse, se non, chámooos á orde aos dous. Silencio, ¡silencio!

Señora Presas, ten vostede a palabra para a defensa da proposición non de lei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor, terminouse. Silencio, por favor. Esta é unha cámara. Silencio por todas as partes. ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Podemos ter silencio?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Un lustro, máis de cinco anos pasaron xa desde que as e os emigrantes que hoxe mesmo percorreron as rúas de Santiago de Compostela e que agora están ás portas deste parlamento iniciaron a súa loita. Máis de cinco anos de loita que nos deixan en evidencia dúas leccións ou dúas conclusións:

A primeira, a dignidade de todas estas persoas emigrantes que, nos últimos anos da súa vida, deberan estar desfrutando despois de duros anos de traballo. Persoas que foron expulsadas do país pola miseria do franquismo e do posfranquismo e a falta dun futuro digno na nosa terra. Persoas que marcharon lonxe, en moitos casos, da súa familia, da súa comunidade, da súa terra e que, por fin, poderían estar descansando, e en lugar diso estiveron perseguidos e perseguidas como se foran criminais e corruptos. Pero o tempo pon a cadaquén no seu sitio, e vai quedando claro quen eran os criminais e os corruptos. Desde logo, para o Bloque Nacionalista Galego, este colectivo ten todo o noso respecto e considerámolo un exemplo absoluto de dignidade. (*Aplausos.*)

A segunda cuestión que evidenciou este paso do tempo é a outra cara da moeda, aquela que é máis agria e que é o motivo polo que volvemos estar hoxe aquí nesta cámara con esta cuestión, que é a absoluta desidia por parte do Partido Popular na Xunta e no Estado; un Partido Popular que foi cómplice, causa e consecuencia do que hoxe falamos. Referireime, en primeiro lugar, ás cuestións que competen ao Estado e despois tamén á inacción absoluta por parte do Partido Popular na Xunta, desoíndo os mandatos desta cámara.

Xa desde o 2012, durante ese gran Goberno do señor M. Rajoy, a Axencia Tributaria comezou a remitir —como recordarán as súas señorías— cartas a milleiros de retornados e retornadas, nas que se exixían pagamentos retroactivos, seguidos de multas e demais, no medio ademais dunha voráxine absoluta de confusión, ata o punto de que incluso nas propias oficinas das axencias tributarias se daban instrucións contraditorias. Foi así como comezou un longo proceso que, en realidade, cubría e ocultaba unha estratexia de recadar suculentas cantidades de diñeiro en tempos de crise. Ao mesmo tempo que o Partido Popular, por unha banda, no Goberno oficialmente aplicaba recortes sociais e nas pensións e, por outra parte, tiña esa axenda oculta da caixa B e continuaba a tecer en paralelo ese auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional.

O paso do tempo certifica a intención absolutamente recadatoria destes movementos por parte do Estado, que por iso se iniciaron uns movementos de persecución de máis de douscentos mil galegos e galegas, e que o Estado español aplicou un trato fiscal discriminatorio pola orixe das pensións. Dedicouse a Axencia Tributaria a perseguir deste forma este colectivo por percibir pensións de orixe comunitaria, obrigando a tributar no Estado, cando no país pagador estaban exentas e xa tiñan cumprido, segundo as súas casuísticas, as súas obrigas fiscais e administrativas.

Fíxense ademais no disparate. Eu facía mención ao 2012, e curiosamente foi o mesmo ano daquela amnistía fiscal chapuza ou amnistía fiscal da vergonza que practicou o señor Montoro. Eu quero recordar que esa amnistía fiscal —anticonstitucional, por certo, para aqueles que son tan devotos da Constitución— tivo como resultado que os defraudadores, aos que o Partido Popular permitiu branquear diñeiro, branquearon máis de corenta mil millóns de euros, mentres que para Facenda só retornaron menos de dous mil millóns. Ou sexa, en resumo: propaganda, publicidade e tamén branqueo. Ese foi o modelo do Partido Popular. Mentres, á custa dos e das retornados, xa se foron recadando máis de trescentos millóns de euros, 47 millóns deles en Galiza.



Por riba, quero insistir en que ese foi un proceso absolutamente chapuceiro. Moitas persoas foron multadas sen fundamento, e algunhas delas nin sequera recuperaron aínda esas contías. E a proba de que isto foi unha absoluta chapuza é que ao longo de todos estes anos temos tamén un amplo historial de casos que se gañaron nos xulgados. Eu imaxino que aquí virá o Partido Popular lavar a súa conciencia sobre os acordos incumpridos e que volverá dicirnos que hai moitos que non fixeron o que deberan, que se os emigrantes retornados algo farían mal, que se estamos a discriminar as e os pensionistas de aquí, etc. Pero se tantas sentenzas acreditan o que hoxe recollemos, pois será por algo.

A cuestión é que na altura, o fondo deste asunto, pois desde a Facenda estatal debían pensar que as e os retornados pois que ían estar calados, que ían ter medo, que ademais era unha época de recesión, na que se falaba de rescates e demais, e que preferirían pois que quedaran con esa quitación que se aplicaba ás súas pensións, e así cando mesmo asegurar o noso sustento. Pero a realidade é que lles saíu mal, porque saíu ese pobo firme e contestatario, que desde o 2013 se foi organizando ao longo de numerosas plataformas comarcais para cuestionar esta cuestión, defender un tratamento igualitario no ámbito fiscal e a vivir tamén con seguridade a súa etapa de xubilación.

Este esforzo mobilizador, de feito, provocou cambios concretos, provocou un proceso de regularización extraordinario no 2015 e pequenos parches que viñan evidenciar que, efectivamente, o Estado se equivocara na forma de aplicar esta cuestión. Pero foron cambios que, se ben foron unha solución para moitas persoas, deixaron moitas lagoas neste proceso. E no mellor dos casos, en moitas ocasións chegaron á xustiza a través desas sentenzas. Pero nin así con sentenzas que se consolidaron, e temos o exemplo de numerosas do ámbito alemán, se modificaron aspectos que aínda hoxe están pendentes. E iso é o que explica que este colectivo siga en pé na rúa demandando que se cumpran os convenios bilaterais, que en moitos casos non se está facendo, e tamén o impulso de cambios normativos que, por fin, harmonicen esta situación e eviten que vaia quedando moita xente atrás.

Por iso hoxe queremos insistir fundamentalmente en tres cuestións:

A primeira, que se realicen as modificacións oportunas na Lei 35/2006, para establecer un marco que evite estas situacións. Pensamos desde o BNG que hai que abrir o debate sobre o limiar da renda para a cuestión dos dous pagadores. Algo que, por certo, non só sería preciso e necesario para o caso das e dos pensionistas, senón que abriría a porta tamén a ver esta mellora para o conxunto dos traballadores e traballadoras; algo do que xa temos debatido noutras ocasións nesta cámara.

A segunda cuestión é que se realicen as modificacións oportunas para evitar a retroactividade, que está levando a que ese marco incompleto, ese período absolutamente insuficiente de regularización, pois deixe atrás moitas persoas e volva haber neste ano 2018 unha nova ondanada de sancións e requirimentos. Nós pensamos que isto habería que frealo en canto non se racionalice o marco, e tamén que se deberan de devolver de oficio todas aquelas cantidades que foron cobradas indebidamente.

Pero hoxe desde o BNG queremos insistir sobre todo nunha a cuestión que evidencia a absoluta desvergonza do Partido Popular na Xunta. O motivo fundamental polo que hoxe reiteramos estas cuestións é porque hai máis dun ano acadamos un acordo de forma unánime neste parlamento para buscar unha saída á situación das pensións de invalidez, pero vemos que o que foi ata hai ben pouco Goberno do Partido Popular no Estado no fixo absolutamente nada, pero o que é máis grave é que o Partido Popular de Galiza tampouco fixo absolutamente nada, tomándose a pitorreo unha vez máis os mandatos que emanan desta cámara.

En abril do 2017 impulsamos un acordo neste parlamento que instaba a Xunta de Galicia a que demandara do Goberno central algo tan elemental e tan absolutamente básico como que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento deses certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes. Desta forma, pois buscábase unha alternativa, un consenso, unha vía para que moitas persoas que están a ver como teñen unha pensión de invalidez recoñecida no país de orixe, e non se homologa, non se habilita a súa transposición ao Estado español, e que lles está a causar moitos problemas e moitas dificultades. É absolutamente inxusto que todas estas persoas teñan que acabar indo unha por unha á vía dos xulgados para obter a pensión que conseguiron por dereito. É absolutamente inxusto en calquera dos casos, pero permítanme dicir que se aínda por riba tes unha situación dalgún tipo de incapacidade ou invalidez, pois moitísimo máis.

Nós, a verdade é que con boa fe e con inocencia pola nosa parte, confiamos en que ese acordo podería levar a algún termo. Pero vemos máis dun ano despois que qué fixo a Xunta de Galiza Nada. ¿E que fixo o Estado? Pois tampouco absolutamente nada. Esperamos agora, e demandarémolo tamén de forma contundente, que os señores do Partido Socialista, que tamén aprobaron algunha destas cuestións nesta cámara, e tamén no Congreso, sexan exixentes co señor Sánchez. A nós teríanos gustado que nestas primeiras semanas isto do que estou a falar formara parte deses primeiros anuncios.

Nós, desde logo, estaremos vixiantes de que así sexa, porque temos o coñecemento ademais dunha situación que se está a dar que é moi grave, con sentenzas como unha que teño aquí, que é que ata o momento eses tribunais estaban a recoñecer estas situacións, pero é que agora mesmo está habendo un cambio de criterio nos operadores xurídicos e están a remitir á vía administrativa, a que estas persoas vaian á vía administrativa comprobar as súas situacións de invalidez.

Pero, ¿cal é a cuestión? Tamén temos debatido moitas veces nesta cámara do saturada que está esa vía. Entón, a realidade é que moitas e moitos dos nosos maiores se atopan cunha porta pechada nesas tribunais, cunha porta pechada tamén no ámbito do social e do administrativo, e un camiño sen ningún tipo de sentido e de final, nunha situación absolutamente inhumana.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Por iso, para facer por fin xustiza e acabar con esta vergoña, agardamos que hoxe por fin o Partido Popular rectifique e apoie estas iniciativas, e

contar tamén co apoio da oposición, e instaremos e demandaremos a que estes cambios se apliquen xa neste ano 2018. Porque ¡basta xa!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Saúdo tamén dende esta tribuna os homes e as mulleres galegos emigrantes retornados que se están mobilizando, e nestes momentos mobilizándose diante deste parlamento.

O Grupo Parlamentario Socialista xa ten abordado este tema nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, e tamén foron presentadas polo Grupo do PSOE iniciativas no Congreso dos Deputados, no Senado e mesmo no Parlamento Europeo.

Vostedes saben perfectamente que incluso o 3 de marzo do 2017 foi debatida unha proposición non de lei levada polo noso grupo na Comisión 3ª deste parlamento, e na que o partido maioritario, é dicir, o Partido Popular, impediu que se tratara con dignidade as e os emigrantes retornados. (*Aplausos.*)

Señor presidente, por favor, teño un murmurio continuo, que non me deixa... Eu xa sei que pouco lle interesa a estes señores, pero a nós si que nos interesa. Ben, pois escoiten, escoiten por favor.

Decía que o Partido Popular impediu que se tratara con dignidade os emigrantes retornados, aplicando unha vez máis o seu rodillo, o rodillo do Partido Popular. Naquela proposición non de lei, o noso grupo, os socialistas, pediamos que se deixara de tratar os emigrantes retornados como defraudadores, que se puxera á súa disposición a colaboración necesaria para que puidesen regularizar a súa situación e que se igualaran no trato fiscal co resto dos pensionistas españois.

Señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular, os homes e as mulleres de Galicia que tiveron que emigrar fixérono obrigados polas circunstancias. Tiveron que emigrar porque, ao igual que hoxe, no seu país non tiñan oportunidade de poder desenvolver o seu proxecto vital. E tiveron que emigrar de España e tamén de Galicia porque España naquel momento era un país empobrecido que saía dunha cruenta guerra fratricida.

Deputados e deputadas do Partido Popular, a ilusión máis grande que ten un emigrante é voltar á súa terra. A morriña, ¿saben o que é, señores e señoras do Partido Popular? (*Bal-bordo.*) A morriña é un sentimento único de Galicia. Si. ¿Vostede sabe o que é a morriña? Pois eu sei o que é a morriña, porque son filla de emigrantes, e vivín con eles. (*Murmurios.*) Eu sei perfectamente o que é a morriña.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Deputados e deputadas do Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Soa unha campaña dúas veces.)* Silencio.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Señores deputados e deputadas do Partido Popular, defendendo os dereitos dos galegos e das galegas é como se é militante de Galicia. *(Aplausos.)* E defendendo os dereitos dos galegos e das galegas é o verdadeiro compromiso con Galicia. Non con bágoas, que o único que amosan é a frustración de non poder ir a Madrid, porque non o queren. É bastante posible que as amizades con narcotraficantes non fosen unha boa carta de presentación. *(Murmurios.)* É posible que non fora unha boa carta de presentación, por moito que non lles guste.

A acción política dos gobernos do PP respecto dos emigrantes retornados durante estes anos foi que o Partido Popular asimilou os emigrantes retornados con defraudadores, que o Partido Popular aproba amnistías fiscais para favorecer os que máis teñen e os verdadeiros defraudadores. O Partido Popular fai unha amnistía fiscal para os seus amigos e para os militantes do Partido Popular. Miren, aproban unha amnistía fiscal que permitiu que se regularizaran as situacións de defraudación fiscal en paraísos fiscais, e encima a un custo mínimo, non acadando nin a metade do esperado, e así expresado polo propio ministro Montoro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Miren, foi unha amnistía para favorecer a quen foi vicepresidente do Goberno do Partido Popular, Rodrigo Rato; a quen foi ministro de Industria do Partido Popular, o señor José Manuel Soria; unha amnistía para quen foi tesoureiro do Partido Popular, Luis Bárcenas; unha amnistía para a esposa de quen foi ministro de Agricultura, Arias Cañete; unha amnistía fiscal para quen foi presidente da Comunidade de Madrid, Francisco Granados, entre outros.

Mentres, os emigrantes axudaron co seu traballo a levantar este país. Os emigrantes retornados non piden ser eximidos de tributación, os emigrantes retornados piden que non se lles trate como defraudadores. E mentres o Partido Popular é un partido condenado civilmente por corrupción como partícipe a título lucrativo e condenado por financiamento delituoso. *(Murmurios.)* Evidentemente que teño razón. Unha propia entrevista do señor Carlos Cruzado no ano 2016, que é o presidente da Gestha, o sindicato de técnicos de Facenda, dixo claramente que Facenda persegue emigrantes e non pon o mínimo esforzo nas grandes bolsas de fraude. Isto é o que di o presidente da Gestha.

Os nosos emigrantes retornados son persoas maiores na súa gran maioría, persoas con escasos coñecementos fiscais practicamente na súa totalidade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...que se preocuparon por aclarar a súa situación, pero que a propia Axencia Tributaria o deixaba na súa vontade de decláralos ou non.

No caso das pensións dos retornados de Alemaña non se están a recoñecer as sentenzas xudiciais que dan a razón a estes emigrantes, porque se pode entender que estamos nunha dobre tributación. E no caso das pensións de incapacidade absoluta ou gran invalidez...

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa, señora Rodríguez Rumbo. Remate. Mire o reloxo, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...—si, remato xa, señor presidente— que teñen recoñecida o que se pide é que se asimilen e que se lles aplique directamente a exención na súa declaración do IRPF.

Ben, como non podo seguir máis...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, nun pleno como o que estamos quero lembrar a libre expresión, que é algo inherente ao parlamentarismo moderno. Nós temos inviolabilidade, responsabilidade polas opinións que aquí vertemos. Iso si, podemos utilizala ben para falar de xeito solvente ou ben para dicir tonterías. Ninguén nolo impide, salvo pois cando considere o presidente que non nos axustamos a ese decoro da Cámara.

Onte mesmo, teño que lamentar que o señor Pazos —non está aquí agora— utilizou e frivolizou con algo tan serio como os abusos sexuais á infancia para confrontar partidariamente con En Marea, e non me parece de recibo. Igual que as mentiras que onte a señora Prado proferiu contra a nosa compañeira Paula Quinteiro, porque son mentiras, e é evidente. *(Murmurios.)* Si, si, eu pedín a dimisión da miña compañeira Paula Quinteiro, pero saben perfectamente que non polas supostas condutas que tanto vostedes como o señor Rajoy na sede parlamentaria impunemente lle atribuíron. Así é que non vale todo.

Ben, pero si, imos á cuestión, que conforme o artigo 104 pois o presidente entendo que me chamaría á cuestión, pero lembre tamén o artigo 76, polo cal lle debe dar a palabra a quen se considere aludido. E a cuestión é a necesidade de que as persoas emigrantes retornadas teñan un trato xusto. A situación das persoas emigrantes retornadas galegas podemos utilizala para exemplificar a historia da segunda metade do século XX. Son pensionistas que cotizaron durante a época dourada do Estado do benestar na Europa dos chamados «trinta anos gloriosos» nos anos cincuenta e sesenta, e que van cobrar a pensión na época do capitalismo financiarizado e do ataque precisamente a eses estados do benestar, incluídos os sistemas públicos de pensións. Un momento ademais que coincide no que os estados buscan detraer os seus ingresos fundamentalmente das clases traballadoras, tamén daquelas que están na súa xubilación, de xeito moito máis virulento despois de 2008, e no Estado español capitaneados por ese goberno de Rajoy.

Coa crise, ademais, non fai falta repetir que se acentuou a diferenza social entre quen menos ten e máis gaña. Os datos do noso país son demoledores a respecto de como se pulverizou a

clase media. E nun contexto —que sempre repetimos—no que as pensións representan o principal ingreso para un terzo dos fogares galegos. ¡Cantas e cantos pensionistas retornados que hoxe están aí fóra foron o principal sostén das súas familias nos períodos máis duros da crise, nun momento no que se atoparon precisamente con esa persecución de Facenda!

Así que este é o contexto. Namentres as persoas xubiladas eran requiridas por Facenda para regularizar con carácter retroactivo o IRPF de pensións cobradas no estranxeiro, a pesar dos casos de dobre imposición, o señor Montoro —como xa foi exposto aquí— impulsaba a amnistía fiscal —a famosa amnistía fiscal de 2012, anulada, por certo, polo Tribunal Constitucional pois considerou que era unha medida que servía para lexitimar a fraude fiscal—. E mentres se facía isto, as persoas emigrantes retornadas, que traballaran toda a vida, eran requiridas como delinquentes fiscais. Mentres tamén, por certo, se empezaban a descubrir os papeis de Bárcenas e ía aflorando a corrupción do PP, financiado con fondos provenientes de actividades ilegais, e estes son feitos probados.

Pois ben, é evidente que cómpre un trato xusto ás persoas emigrantes retornadas, o cal significa nada máis e nada menos que ser tratados igual que calquera pensionista. Esta petición da tributación afectou a milleiros de pensionistas, de emigrantes retornados galegos e galegas que —como xa foi exposto— volveron ser requiridos por Facenda e vólvense organizar e seguiranse organizando. Xa conseguiron algún éxito. Xa conseguiron que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea lles dera a razón nalgunha das súas reivindicacións. Pero cómpre —como sinala a iniciativa— rematar este proceso, cómpre a homologación do trato fiscal das pensións do estranxeiro coas da Seguridade Social. E, de feito, as sentenzas xudiciais foron dando a razón ao colectivo de pensionistas neste sentido especificamente.

Non foron suficientes estas medidas acadadas, como esa disposición adicional única da Lei 26/2014, porque agora volven ser requiridos e non foi suficiente ese período voluntario de tributación. Pero é que ademais esta modificación da lei viña recoñecer que houbo un exceso de celo por parte da Axencia Tributaria para con estas persoas.

Particularmente —antes de que se nos remate o tempo—, queremos sinalar que é especialmente lesivo para as persoas emigrantes retornadas a falta de tratamento xusto para as pensións de invalidez. Non entendemos como habendo consenso e unanimidade neste sentido non se impulse xa dunha vez. É de xustiza que haxa unha cláusula, como pide a iniciativa, que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contrarios para os efectos das obrigas tributarias.

Algo que parece unha cuestión menor, pero que é moi importante. O que pide esta iniciativa a respecto da campaña informativa é fundamental, dado que se moitas persoas, milleiros de persoas, non accederan a esa regularización no período voluntario, fora por descoñecemento. Así pois, o noso voto favorable á iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Miren, ¡agora o que xa nos faltaba é que os emigrantes sexan patrimonio dos grupos da oposición! Eu teño xente da miña familia enterrada en Arxentina e en Chile tamén. *(Aplausos.)* Non fagan demagogia con estas cousas que todos estamos afectados. *(Aplausos.)* Non veñamos aquí facer contas e historias. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Cando eu falo aquí de temas fiscais, a señora Rumbo e moitos de vostedes dinme que son como un profesor, que falo tal... Eu trato de falar de forma rigorosa. Critícaseme porque non fago política, e eu preguntolles a vostedes: ¿facer política é propoñerlles aos pensionistas cousas que non se poden facer, alimentando falsas esperanzas? ¿Facer política é prexudicar os pensionistas galegos, as nosas nais e os nosos avós, que nunca emigraron, tratándoos de forma desigual respecto dos que si foron ao estranxeiro? ¿Facer política é defender o incumprimento de obrigas fiscais —non lles estou chamando defraudadores— e que non teña iso ningunha consecuencia? ¿Iso é facer política? ¡Comigo non conten, señorías, e co meu grupo tampouco! Respecto e defensa aos emigrantes retornados, por suposto, ¡aí imos estar sempre! Agora, contar historietas que non son certas, non. ¡Sen ningunha dúbida!

Vamos á iniciativa e falamos das cousas que xa se explicaron aquí. Primeiro, hai un principio en Dereito tributario internacional e nos convenios de dobre imposición —e se o Bloque considera que un grupo nacionalista galego pode cambiar iso, pídao na iniciativa—... No Dereito tributario internacional, cando hai unha situación como a dos pensionistas emigrados, establécese a tributación no Estado da residencia. Non o digo eu, non o di o Grupo Parlamentario Popular, dino todos os convenios de dobre imposición firmados por España. Dío a lexislación tributaria internacional. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, esta xente que emigrou —estivo en Alemaña, en Francia ou onde queiran— e agora veñen para aquí, teñen que tributar, pero ¿saben igual que quen? ¡Que os pensionistas galegos! ¡Que as nosas nais e os nosos pais!, que cando cobran a súa pensión, teñen unha retención, señorías. Pero non digan que non, é que é así

Miren, por favor —pídollelo—, nas nóminas dos seus pais ou das súas nais, míreno todos, verán como teñen unha retención polo IRPF. Por iso eses pensionistas teñen o límite de renda en 22.000 euros. ¿Por que non o teñen os pensionistas estranxeiros? Porque non hai retención, cobran a pensión bruta.

Falei do exemplo dos irmáns xemelgos, ¡eu xa non sei como dicilo! Por iso esa xente ten que presentar a declaración. ¿Por que? Porque, se non, facemos de peor condición os nosos pensionistas. ¡É así, sen ningunha dúbida!

Miren, no ano 2014, ¿que pasou?, que despois de moita presión de moitos colectivos de emigrantes retornados considerouse que naquel momento había un descoñecemento moi grande sobre a tributación das pensións, e sen negar que tiñan que tributar aquí, fíxose unha regularización extraordinaria, déronse seis meses. Por certo, poderíanlle informar á xente de que aínda poden reclamar a devolución do que pagaron indebidamente. Hai catro anos de pres-

crición e aínda se pode facer. Polo tanto, por favor, non xoguemos con estes temas, non fagamos demagogia.

Señora Presas, pode volver aquí agora e poñerme a min a pan pedir e o que queira, pero esta é a realidade, ¡é a realidade! É o que marca a norma. E, volvo repetir, será facer política contar todo o que vostede acaba de contar, pero plásmeo con rigor e con carácter técnico, a ver que se pode facer.

Onde si hai un problema —e quero remarcalo, e falamos disto o ano pasado cando se fixo a iniciativa, en abril do 2017—, é cos pensionistas que cobran unha pensión doutro país porque tiveron unha situación de incapacidade. Pensemos que alguén cortou un dedo traballando en Alemaña e vén para aquí. Señorías, esa enfermidade que pode ser cualificada aquí como gran invalidez ou incapacidade permanente absoluta, e que trae consigo a exención do IRPF, ao mellor en Alemaña cualifícase de forma diferente. ¿E nós que dicíamos naquel momento? Terase que homologar a cualificación que ten en Alemaña aquí en España para que teña a exención do IRPF. E dicíamos que isto é complicado de facer porque a lexislación da Seguridade Social é diferente en cada un dos países, e ademais os documentos veñen moitas veces nunha lingua estranxeira, non hai equiparación entre as situacións. E a partir de aí propoñiamos que nos convenios de dobre imposición, na condición de reciprocidade, se recollera esta situación. Porque non se olvide de que co que vostedes están propoñendo a xente que estivese noutros países non tería o mesmo tratamento. Entón, eu ao que vou é: deuse un paso adiante hai unha semana na moción do Partido Socialista. Nós —vostedes non, a xente do Bloque, quizás porque ían presentar esta e estaban esperando á manifestación— votamos a favor da moción que presentou o Partido Socialista a semana pasada, na que cunha redacción moito máis técnica e moito máis rigorosa —e, polo tanto, ten máis posibilidades de saír adiante— se pide o mesmo que vostede está pedindo nos puntos 3 e 4, señora Presas. ¿A que vén agora con isto aquí?, ¿a que? ¿A poñernos a nós de cara aos leóns fronte aos emigrantes retornados, dicindo que nós o que queremos é prexudicalos? Non lle compramos esa situación.

Polo tanto, a petición para as pensións por incapacidade permanente absoluta e por gran invalidez está xa recollida na moción do Partido Socialista. Por certo, ademais é unha moción presentada polo Grupo Parlamentario que agora está no Goberno de Madrid, co cal espero que aí deamos apoiado entre todos. Porque seguro que nos van facer moito máis caso que a unha PNL aprobada ou proposta polo Bloque Nacionalista Galego. Non teño ningunha dúbida ao respecto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Agradecemos, en primeiro lugar, á voceira de En Marea o seu apoio, e tamén ao Partido Socialista esa emenda. Parece que hai posibilidades de que cheguemos a algunha transacción e intentarémolo. Sobre isto, aclarar que unha das cues-



tións que o Partido Socialista recolle na súa emenda é unha referencia a un acordo parlamentario anterior. Creo que a voceira do Partido Socialista quería referirse ao deste mes pasado e por equivocación remitiu mal a data. E, efectivamente, nesa cuestión nós somos partidarios de apoiar eses puntos referentes ás invalideces, e así o temos feito noutras ocasións. A motivación de que noutros puntos nos abstivéramos era porque era referente a outra cuestión referida a Venezuela, como xa foi explicada nesa sesión. Polo tanto, non intenten manipular.

Nós temos moitas discrepancias co Partido Socialista, nunca o ocultamos. Nin cando formaban parte do Goberno do Estado nin cando eran oposición. Agora ben, tamén hai unha diferenza importante entre o Partido Socialista e o Partido Popular, que é que hai con quen se pode falar e hai con quen se ve que só se pode falar para lavarlle a cara nun momento puntual, como ese acordo das invalideces, que xa se tiña acadado aquí en abril de 2017, antes de que vostedes o volveran votar cunha redacción diferente nas propostas do Partido Socialista, e que non fixeran absolutamente nada nin desde a Xunta nin desde o Estado. Porque non deu vostede, señor González, nin un só argumento de que fixeron neste precioso tempo para atallar esa cuestión que tanto lles preocupa sobre as invalideces. (*Murmurios.*) É difícilísimo buscar un marco para a transposición das cuestións referentes ás invalideces. Agora ben, despois, para moitas outras cousas, non o é. ¡Pois de algo terá que servir esa Unión Europea que tanto lles entusiasma, para habilitar algún tipo de marco.

Igual que noutras cuestións —salvando as distancias—, como se fan nas titulacións universitarias, ou outro tipo de certificacións. O que faltou e o que falta por esta bancada é vontade política. Agora, cando menos, eu espero que se retracten e que, se votan en contra, cando menos non fagan agora que como están outros en Madrid votan a favor para lavar a cara.

Máis cuestións sobre isto. Insistir en que non é a primeira vez que o Partido Popular incumpre os acordos deste Parlamento. Porque tamén sobre a cuestión que dicía a señora Rumbo, que non se están a cumprir os convenios bilaterais con Alemaña, eu teño aquí un acordo de maio de 2015, tamén impulsado polo BNG, que o Partido Popular tirou ao lixo porque non lle conviña discutir co señor M. Rajoy.

E, desde logo, nós non temos o patrimonio das e dos emigrantes retornados. Son persoas autónomas, libres e que deciden libremente como se organizan e que votan. (*Aplausos.*) Agora ben, eu tamén lles digo, non sei se as súas familias emigraron por gusto, a miña non, nin as que emigraron nos sesenta nin os que emigran agora. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Entón a min o que me daría vergonza... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...é vir falar con elas... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e explicarlles que non estou exercendo o poder político para evitar ese tipo de situacións. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Porque, efectivamente, o BNG non goberna o Estado español nin goberna a Xunta de Galiza, pero se o fixera, faría algo para que, cando menos, a cuestión das invalideces... *(Murmurios.)* Bueno, a min gustaríame poder falar, señor presidente...*(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non, claro, é que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi ben.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, a pel moi fina. Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Vamos terminar que temos que votar.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, claro, pero cando vós estades montando *un pollo*. ¡E non fale vostede, señor Tellado, do señor Bará, que tivo a elegancia de non dicir aquí que vostede lle estaba chamando baboso! *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E non lle dixeron nada desde a Presidencia e continuou falando... *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Sobre a emenda.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non, ¡que va!

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda do PSOE, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non, non, señor Santalices, eu vou explicar o que teño que explicar.

**O señor PRESIDENTE:** Si, pero mire o reloxo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non, mire o reloxo non. ¡Non me deixan falar!

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, pasou un minuto. *(Protestas.)* ¡Pero levamos un minuto aí! *(Protestas.)* Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Santalices, ¡xa está ben! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, estoulle dicindo que levamos un minuto. Dígolle que termine e que fale tamén sobre a emenda do PSOE. Levamos un minuto de máis. *(Protestas.)* ¡De máis! *(Protestas.)* Si, si que falou. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, ¡silencio! Continúe e vaia rematando. E posiciónese sobre a emenda do PSOE.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Sobre a emenda do PSOE, non debía estar atendendo pero xa falei no comezo da intervención, señor Santalices. *(Risos.)* Con todo cariño.

**O señor PRESIDENTE:** Pois non lle entendín. ¿Aceptouna? ¿Acéptaa?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Estamos falando dunha proposta de transacción porque hai varios puntos cos que nós non concordamos. E pola corrección tamén dunha equivocación por parte da señora voceira na remisión dun acordo, e ademais para nós é importante concretar a data de 2018. Entón temos unha proposta de transacción xa case pechada para lérllela aos demais grupos e levar a cabo a votación. Se non estiveramos perdendo o tempo agora coas interrupcións do Partido Popular, igual poderíamos ter feito un receso dun minuto *(Aplausos.)* para, antes da votación, trasladárllela a todos os grupos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Aínda poden telo.

Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¿Podo continuar ou...?

**O señor PRESIDENTE:** Non, xa terminou o seu tempo.

¡Mire o reloxo, por favor! ¡Dous minutos de máis! ¡Dous minutos!

Grazas, señora Presas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou o seu tempo. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben e abandona a tribuna de oradores.)* *(Aplausos.)*

Perdón, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, un momento. ¿Para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, vou saber para que quere a palabra. Todo o mundo ten dereito a pedir a palabra, agora valorarei. *(Murmurios.)* Silencio. ¡Silencio! ¿Para que quere a palabra, señora Prado?

**A señora PRADO DEL RÍO:** Polo artigo 77, para a observancia do Regulamento, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Nese sentido...

**A señora PRADO DEL RÍO:** Artigo 76, chamóuseme outra vez mentirosa.

**O señor PRESIDENTE:** Eu creo que o Regulamento estivo observado en todo momento.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Chamóuseme outra vez mentirosa.

**O señor PRESIDENTE:** Pero iso, señora Prado...

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non, señor presidente, quero explicalo.

**O señor PRESIDENTE:** Non lle vou dar a palabra.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, polo artigo... Píddollo... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, a Presidencia valora as alusións. Non lla vou dar. Síntoo, síntoo... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Prado, síntoo. Votamos. Terminou, por favor. Terminou.

¿Hai transacción? ¿Necesitan un tempo para a transacción? Señora Presas, ¿necesitan un tempo para a transacción? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, un minuto. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Perfecto, perfecto. Adiante, que este non vai ser o problema. Esta Presidencia non lles vai poñer problemas para chegar a un acordo. ¡Oxalá cheguen todos os días! *(Murmurios.)*

Silencio. Estamos pendentes de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio. ¡Silencio! *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señor Losada, non reflexione en voz alta que é perigoso. Reflexione en voz baixa que é mellor, é máis interesante. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio, señor Pazos, silencio. Non reflexionen en voz alta, se non isto... ¡mi madre! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio. Imos ter que pór aí unha especie de cristais como eses que se poñen para que non haxa ruído nas autopistas. *(Murmurios.)* ¡Chegamos a eses extremos...! ¡Vostedes verán! Eu levo aquí tantos anos que xa vin de todo. Eu xa vin de todo aquí. Levo tantos anos que xa vin de todo. Pero ata chegar a pór aí uns cristais... ¡a iso aínda non chegamos, de momento! ¡Xa veremos, todo se andará! *(Murmurios.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Rematados os debates, comezamos as votacións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? Pero esta xa é a proposta de transacción.

Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Carmen Santos. Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun observatorio autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e na xestión das institucións investigadoras e universitarias.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 50.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, de iniciativa popular. Non se aceptou ningunha emenda, nin do Bloque Nacionalista Galego nin do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, de iniciativa popular, sobre a creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa, con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 36; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Pazos Couñago.

Foi da señora Egerique, dixen mal... Aquí vén redactado señor Pazos pero foi da señora Egerique.

A emenda parece que se acepta como proposta de adición ao punto 2. ¿Non se acepta? ¿Cambiaron? Vale, entón non se acepta. Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto das posibilidades e circunstancias que se abren co Brexit, en termos comerciais, en relación cos produtos pesqueiros galegos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; abstencións, 34.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de D. Xosé Luís Bará.

Hai unha proposta de transacción, esta que teño aquí. ¿Coñecen os grupos esta proposta? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Entón, votamos esta transacción. Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no primeiro trimestre de 2019, así como para estudar a posibilidade de colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don José González Vázquez.*

*¿Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? Non.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 20.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Concepción Burgo.*

*Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

*Votamos.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mestrados habilitantes.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Luisa Pierres.

Acéptanse como engádegas os puntos 1 e 3 da emenda de En Marea. Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.

Hai unha proposta de transacción que me fixeron chegar. ¿Coñecen os grupos a proposta? ¿Si, señor González Vázquez? *(O señor González Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano do señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Queremos pedir a votación por puntos para, precisamente, resolver o problema que viña na iniciativa respecto das pensións de invalidez. Os puntos 1, 2 e 4 son para os que queremos pedir a votación por puntos.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta vostede a votación por puntos? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdón, déanlle voz ao escano da señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Xa que ese mesmo punto foi aprobado por este Parlamento e tomado a pitorreo polo Partido Popular, non aceptamos a votación por puntos. *(Murmurios.)* Para ese punto, cumpran o acordo de abril de 2017.

**O señor PRESIDENTE:** Non se acepta a votación por puntos. Votamos esta transacción.

Votamos. *(Murmurios.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos cos puntos da orde do día, neste caso o de interpelacións.

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio**

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día. Bo mediodía, señor conselleiro.

Hoxe falar de sanidade a verdade é que aos socialistas dános un pouco máis de respiro, porque celebramos, indubidablemente, a recuperación de algo que non deberiamos ter perdido nunca, que é a universalización da sanidade neste país, grazas á nova ministra e ao novo Goberno. *(Aplausos.)*

Pouco acostumados estabamos nos últimos tempos a estar orgullosos do Goberno de España. ¡Xa ve!, un goberno entra inundando o país de solidariedade e outro ten que saír correndo inundado de corrupción. A verdade é que as diferenzas son importantes.

En todo caso, sobre o sistema sanitario galego, que tamén se vai ver afectado —e en positivo— por algunhas destas medidas ou polas medidas que se están xa iniciando, nós hoxe queremos plantexar as nosas dúbidas, as nosas cuestións, por iso interpelamos sobre a planificación no que corresponde a atención ás persoas afectadas polos infartos agudos de miocardio.

Como o conselleiro sabe perfectamente, e como os deputados e deputadas desta cámara coñecen, hai algunhas dúbidas sobre esta cuestión plantexadas non só polos grupos políticos, senón tamén por moitos dos profesionais do sistema e, evidentemente, tamén por moitos dos usuarios, que facéndose eco desas dúbidas teñen tamén as súas incertezas.

Para aclarar e para aspirar a conseguir unha mellor planificación e organización do sistema —se esta é posible, que nós consideramos que si—, traemos esta interpelación, que focalizaremos especialmente sobre tres cuestións.



En primeiro lugar, sobre a implantación do sistema de Hemodinámica 24 horas nos hospitais de Lugo e de Ourense. E, en segundo lugar, sobre a necesidade dunha ambulancia medicalizada no Salnés. A terceira cuestión, e ao fío tamén desta área sanitaria, pero probablemente para que poida mellorar tamén a atención noutros lugares, é a planificación do transporte dos afectados polo IAM, porque existen dúbidas sobre a necesidade de levar ou de transportar as persoas afectadas a un ou outro hospital, atendendo fundamentalmente a que ante un infarto agudo de miocardio a atención é fundamental en tempo, e non ten sentido, ou polo menos é moi difícil de explicar, que se leven pacientes a hospitais máis lonxanos en distancia e en tempo, que a outros máis cercanos en distancia e en tempo, cando se trata de atender canto antes. Estas son as dúbidas que plantexa, fundamentalmente, esta iniciativa.

En realidade a implantación da Hemodinámica 24 horas en Lugo e en Ourense, a ambulancia medicalizada no Salnés e a mellora das decisións do transporte, son melloras que se van facer. Vanse facer, probablemente, en breve tempo, antes do que se pode esperar é bastante probable, e vanse facer porque son necesarias. A cuestión está, señor conselleiro, en se vostede vai estar na solución ou vai permanecer no problema. Porque se van facer e decidir, e vostede o sabe. Polo tanto, nós queremos saber, en primeiro lugar, se vostede xa ten a decisión tomada de facer estas melloras ou vai esperar a que sexa unha exixencia tan imparabile que teña que facelas por obriga. Nós cremos que vostede debería de facelas xa por convicción, e ese é o noso plantexamento.

Vista a planificación da Consellería en realidade, que tende aparentemente — e todos os datos o din — a priorizar non só os hospitais das cidades fronte aos periféricos, que tamén, e xa o vimos na planificación da Lei de saúde e nas decisións constantes sobre persoal, senón tamén, dentro dos hospitais das cidades, algunhas cidades sobre outras, a verdade é que ás veces nos preguntamos se vostede é conselleiro de Sanidade de Galicia ou conselleiro de Sanidade do suroeste de Galicia, porque dá a sensación de que nalgún plantexamento se aproxima máis a un hospital que a outro, como se tivera máis querencia por algunha cidade.

Se me permite, señor conselleiro, que sabe que me gusta entrar nalgúns debates, ás veces periféricos, se o que ten vostede na cabeza é ser candidato en Vigo, eu non llo recomendo, porque igual ten dificultades, sendo número un, para saír elixido concelleiro. Pero en realidade, se vostede ten plantexado iso, a verdade é que está intentando conseguir votos no hospital de Vigo, que está ben, é unha posibilidade. Os cidadáns de Vigo, seguramente, llo poden agradecer, pero vanse ver prexudicados neste caso os de Ourense, porque está derivando a Vigo pacientes de Ourense, e o que non entendemos é por que non está as vinte e catro horas hemodinámica alí ou en Lugo.

Porque, ¿que ocorre coa hemodinámica? Estaba en horario de oficina. Houbo un momento no que en Lugo e en Ourense só se podía infartar en horario de oficina, porque se infartaba un despois das tres da tarde tiña un problema de atención, tiña unha peor atención. Existía un inicio de recollida de datos; datos que despois só ten o Partido Popular, e os menciona o voceiro do partido Popular en Sanidade, pero non se lles facilitan aos outros grupos. Tenos a Consellería, menciónaos a Consellería, pero non se lles facilitan aos outros grupos. Eses datos, que só se coñeceron no seu primeiro rexistro pero non nos seguintes, dicían, evidentemente, que a súa decisión de implantar só ata as tres da tarde a hemodinámica en Lugo e

en Ourense, pero especialmente en Lugo, era bastante prexudicial. Cando deron datos prexudiciais, cando e evidenciaba que os datos eran malos, desapareceron, e agora apélase a unha suposta protección de datos.

Se aquí ninguén pide os DNI, nin os apelidos, nin as direccións, pedimos estatísticas. Se a estatística é unha cuestión de protección de datos, estamos tendo un problema de transparencia. Só queremos datos estatísticos, de cal é a cuestión, cal é o problema, cal é a incidencia e cal é a súa solución. Vaise facer, porque despois daquela cuestión de telos unicamente ata as tres da tarde, ampliouse por presión dos demais grupos, por presión cidadá, por presión dos profesionais, ata as dez da noite. ¿Por que non ampliar as 24 horas? Polas mesmas razóns que se ampliou ata as dez da noite, é imposible non argumentar que se amplíe ata as oito da mañá e facer o ciclo 24 horas. Vaise facer, e vostede ten que decidir se está do lado da solución ou do problema.

Ambulancia medicalizada no Salnés. Pídeno varios xefes de cardioloxía en Galicia e pídeo o vicepresidente da Sociedade Española de Emerxencias, que ademais é presidente da delegación galega desa sociedade, que ademais é o xefe de Urxencias no Salnés, e di que é imprescindible unha ambulancia medicalizada no Salnés.

É algo obvio e necesario que necesitamos esa ambulancia naquela zona. ¿Por que? Porque o transporte dos afectados de infarto agudo de miocardio que se está facendo agora é deficiente, no sentido de que non temos ese medio.

¿Porque non ter unha ambulancia medicalizada no Salnés?, ¿cal é o problema? Hai dúas cousas que nos saltan á vista sobre esta cuestión. Primeira, ¿será unha cuestión de custo? É difícil que o sexa, porque se pode estimar —indo cara arriba, para calcular en bruto— que pode ter un custo de 600.000 euros; iso é o que gasta o Sergas en sacerdotes ao ano. Nós preferimos ambulancias que sacerdotes, é unha posición política. Vostedes, por agora, prefiren sacerdotes. Eu non quero ter un infarto, pero se eu tivera un infarto, prefiro un médico que un cura. E é unha posición política. Nós preferimos que nos atenda unha ambulancia medicalizada que un sacerdote. Por suposto, vostede pode pensar outra cousa, pero nós o que dicimos é, case preferimos unha ambulancia medicalizada, e é necesario, como din os profesionais.

Segunda cuestión que vostedes argumentan sobre a ambulancia medicalizada. Non é necesaria polos niveis de atención. Sen embargo, aínda que sosteñen habitualmente que a chegada do verán e o aumento poboacional non incrementan a demanda asistencial, si está esa ambulancia tres meses ao ano en Sanxenxo. Non se preocupe, non lle vou falar do alcalde de Sanxenxo, non se preocupe. Por certo, lexitimamente alcalde cunha moción censura, lexitimamente alcalde cunha moción de censura. (*Aplausos.*) E vouno deixar aquí. Permítame un apuntamento, unha moción de censura curiosísima, porque o que antes era alcalde votou a favor da moción de censura sobre si mesmo para ser tenente de alcalde, que no meu pobo dise: «iso cheira mal». Pero non é cuestión de falar do alcalde de Sanxenxo, que, se non, se me alporiza a bancada.

Desprazamento dos afectados. Hai un problema, porque os profesionais indican algo que para aquelas persoas que poidan non ter un coñecemento da planificación é bastante obvio.

Por que os afectados de infarto agudo de miocardio no Salnés se desprazan a Vigo ou ao Salnés. ¿Estanlles vostedes guindando o dereito a ter unha boa atención? ¿Estanlles trincando dereitos? Igual son vostedes moi de trincar. Ultimamente fálase moito de trincar; igual son moi de trincar.

A cuestión, señor conselleiro, está, se estes afectados teñen unha mellor posibilidade de ser atendidos en Santiago que en Vigo, ¿por que? Aquí argumentouse en varias ocasións sobre que a decisión recae no 061. E nós preguntámonos, ¿o 061 é un ente abstracto que ten a sede en Wisconsin ou en Cincinnati? Porque igual non ten nada que ver co Sergas. Igual o 061 non ten ningún criterio que compartir. Igual o Sergas, a Consellería de Sanidade, non ten nada que falar co 061. Igual as decisións do 061 sobre onde se traslada non se consultan nunca. Se é así, dende o noso punto de vista temos un problema, se vostede non ten capacidade de dialogar co 061 para iso.

Hai outra argumentación que non a queren contar, como a maior parte das cousas que ocorren en Sanidade, e é que é unha organización que prioriza o uso das ambulancias, que teñen que vir do sur da provincia ao norte para levar pacientes ao sur, ás veces intercambiándoos en gasoleiras. ¡Intercámbianse pacientes dunha ambulancia a outra en gasoleiras! E todo para optimizar o servizo de ambulancias e que á volta poidan recoller outros pacientes. Ou o que é o mesmo, señor conselleiro, priorizan coches, e nós queremos priorizar os enfermos.

Este é un debate no que nós non entendemos por que non se saca a debate aberto e transparente, e que os profesionais non son quen de entender que ese traslado non se faga ao hospital máis próximo, ao servizo máis próximo, porque estamos falando de que existen medidas de tempo moi limitadas, moi xustas, que poden axudar, poden contribuír, a unha mellora clara ou incluso a decisións que case bordean entre vida e morte.

A cuestión está en por que unha ambulancia si para Sanxenxo e non todo o ano para todo o Salnés. E tampouco existe claridade sobre os criterios e as decisións de por que trasladan pacientes a Vigo e non a Santiago, no norte da provincia. Por que Hemodinámica se ampliou só unha parte e non todo, como é necesario, en Lugo e en Ourense. Dende o noso punto de vista, é pola vontade desta consellería de ser cicatera na administración dos recursos. Vostedes son moi dilixentes á hora de recortar, pero moi pouco á hora de ampliar dereitos. Vaise facer, son cousas que se van facer.

Vostede, no que lle corresponde de tempo —que non me corresponde a min decidilo— sobre ser conselleiro de Sanidade, ten oportunidade de formar parte da solución e resolvelo. Se non, a seguinte persoa que vaia ser conselleiro ou conselleira de Sanidade vaino facer. Eu creo que sería moito máis interesante que o puidera facer vostede, porque en realidade aos socialistas non nos importa, cando as decisións son boas, que as tome outro, o que nos importa é que a decisión sexa boa. Cremos que esta é unha boa decisión e, polo tanto, estaríamos encantados de que vostede a tomara.

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Antes de darlle paso ao conselleiro para a resposta, saudamos a Asociación Cultural Xeración Erasmus Plus. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra, para respostar, o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señor presidente, señores deputados, moi bos días a todos.

A verdade, señor Torrado, a diferenza entre nós e vós é que nós falamos con datos, non falamos como se estiveramos nunha cafetería. Damos datos reais e, desde logo, non insultamos. Sempre se di que o insulto é cando non tes ningún argumento, e me parece que vostede ten bastantes. *(Aplausos.)*

Imos dar datos, porque creo que é o que necesita coñecer a cidadanía para logo comparar. Segundo a publicación Estandar de calidad de la Sociedad Española de Cardiología, proceso de síndrome coronario agudo con elevación del segmento ST, son estudos que fai esta sociedade, a máis importante en cardiología de España, as redes de atención ao infarto supoñen a ferramenta ideal para atender os pacientes de forma adecuada desde a fase prehospitalaria. É coñecido que a implementación destas redes conleva unha redución nos tempos de reacción e incrementa as taxas de repercusión, impactando así nos resultados dos pacientes que sofren esta entidade, reducindo tanto a súa mortalidade como a súa morbilidad.

A Sociedad Española de Cardiología di: en España as primeiras redes de infarto agudo de miocardio créanse en Murcia, ano 2000; Navarra, ano 2002 e Galicia, ano 2005. É dicir, Galicia é a terceira comunidade autónoma de España que crea unha atención ao infarto agudo de miocardio cunha cobertura de 24 horas para todos os cidadáns de Galicia no ano 2005.

No ano 2012, só 6 comunidades autónomas, máis as citadas anteriormente, Cataluña, Baleares, Asturias, Aragón, Comunidade Valenciana e Castela-A Mancha, desenvolverán unha rede de atención ao infarto agudo de miocardio, o que supoñía que un de cada dous españois non se encontraba baixo a cobertura dunha destas redes. E segue dicindo a Sociedade Española que no ano 2016 aínda persiste en tres comunidades autónomas que non posúen unha rede de atención ao infarto: Andalucía, Canarias e Extremadura. Estes non teñen atención as 24 horas. Os galegos, dende o ano 2005, si a teñen.

Estas desigualdades na atención do síndrome coronario agudo con elevación do segmento ST tamén se observa nos resultados clínicos. Cando se analiza a mortalidade a 30 días, axustada por idade e sexo, debido a esta entidade, segundo a comunidade autónoma, observamos —son datos do INE 2014— que Cataluña, Murcia e Galicia teñen as cifras máis baixas: 3,5, 4 e 4,2. País Vasco, 4,4. Séguelle Navarra, 4,9 %; Castilla-La Mancha e Asturias presentan unha taxa de 4,7; e o resto, Cantabria, La Rioja, Valencia, Extremadura, Castilla-León, Canarias, Aragón e Madrid están entre o 5 e o 5,7. Andalucía neses datos acada o 10,1 %.

Polo tanto, a planificación da atención sanitaria ao infarto é un modelo de éxito en Galicia. Foi desenvolvida no ano 2005, como dicíamos anteriormente, mediante a publicación do Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio, PROGALIAM. Desde a súa im-

plantación, foi replicado e adaptado no resto das comunidades autónomas do Estado, que adoptan este modelo para os seus servizos sanitarios. O obxectivo xeral do Progaliám é o de diminuír a mortalidade e morbilidade, mellorando a expectativa de calidade de vida do paciente con infarto, promover a equidade no acceso a prestacións do sistema sanitario e diminuír a variabilidade no uso de recursos e tecnoloxías diagnósticas e terapéuticas.

Co Progaliám conseguimos consensuar os protocolos clínicos sobre infarto agudo de miocardio nos distintos servizos, hospitais e niveis asistenciais; mellorar os protocolos organizativos necesarios para a súa integración funcional; crear unha rede específica para a atención do paciente con síndrome coronario agudo e crear unha base de datos que facilite o coñecemento, a avaliación e a mellora continua do proceso. E os datos do Regaliám, o Rexistro do infarto agudo de miocardio en Galicia, non ofrecen dúbida, son concluíntes. En Galicia, máis do 96,5 % das persoas con infarto agudo de miocardio, unha vez eliminadas aquelas persoas que teñen parada cardiorrespiratoria ou shock, sobreviven. É dicir, o 96,5 % sobreviven. Isto supón que, segundo os últimos datos deste mes de xuño do rexistro Regaliám, a mortalidade en Galicia é dun 3,5 %, inferior á porcentaxe que a Sociedade Española de Cardiología, a SEC, propón como criterio de calidade, que é inferior a un 5 %.

Os datos indican que todas as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde cumpren este estándar de mortalidade, que, como digo, é un indicador de calidade asistencial da Sociedade Española de Cardiología. Polo tanto, estes bos indicadores sobre a mortalidade por infarto tamén se cumpren no Salnés e na área de Pontevedra.

Polo que se refire á decisión de derivación dos pacientes con infarto, é realizada polos profesionais da Fundación pública de urxencias sanitarias de Galicia 061, que é quen determina a ambulancia que traslada ao paciente dende o lugar do infarto á Unidade de Hemodinámica máis próxima, e faino con criterios técnicos de efectividade e calidade; avalía a dispoñibilidade de ambulancias da contorna e o tempo de traslado ao Servizo de Hemodinámica máis axeitado. Polo tanto, non existe unha norma fixa nese sentido, toda vez que o recurso máis adecuado é consecuencia dunha análise de cada situación.

Unha vez máis, desde a Consellería de Sanidade continuaremos na mesma liña de sempre, de mellora da calidade asistencial, dunha forma rigorosa, utilizando argumentos técnicos e fundamentados, analizando e establecendo medidas de mellora para que a cidadanía galega continúe a ter un sistema sanitario público seguro e de calidade. Desde logo, non vai primar de onde sexa ou onde viva o conselleiro de Sanidade ou o seu equipo, desde logo, non que un parlamentario sexa dunha área determinada e quera reclamar servizos exclusivos para esa área.

Nós temos unha visión de conxunto, de Galicia no seu conxunto, por iso falamos dunha rede de éxito que desde o ano 2005 leva funcionando en Galicia e mellorando continuamente, porque para iso temos Comisión de expertos, non o decide un político dunha zona determinada, senón unha comisión de expertos que revisa eses criterios e analiza continuamente as medidas a tomar. De feito, na última comisión dixeróñse varias cousas, e unha delas era que, se queremos diminuír o tempo de asistencia, un labor moi importante é unha nova campaña de medios de comunicación para que o cidadán recoñeza de forma rápida os sín-

tomas que poden chegar a ser un infarto, e a partir de aí, pór en marcha o circuío. O máis efectivo, tamén demostrado, é a chamada ao 061, que é quen analiza todas as situacións posibles para reducir o tempo de tratamento, que é un tempo importante.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Antes de debater, teño algunha consideración sobre o que dixó. Pouca resposta deu, tamén hai que dicilo, señor conselleiro, pouca resposta deu. Hai unha consideración, e é que creo que debemos ser realistas. Vostede subiu aquí a dicir que, cando non se teñen datos, se insulta. Créame, non percibín ningún insulto na miña intervención. Se vostede apreciou algún, eu, evidentemente, descúlpome, pero creo que non.

Fíxese, sobre os insultos nesta Cámara. Eu escoitei aquí, falando eu: tonto, papanatas, indocumentado, ignorante, e neste mesmo Pleno, a un deputado non do meu grupo —pero a min iso non me importa porque o decoro e a coherencia vale para todos— chamóuselle baboso.

Home, eu estou de acordo con vostede en que non hai que insultar, pero igual debe mirar un pouco máis para aquel lado, porque non ten sentido facer este debate se non.

Sobre o debate en cuestión que vostede trouxo aquí, di: Nós falamos con datos. Nós tamén queremos, por iso llos pedimos. O problema é que non os dá. Nós pedímoslle datos. ¿Para que? Para falar con datos, o que pasa é que non os dá. Vostede os ten, pode falar de datos ¿con quen? Co Partido Popular, porque o voceiro do Partido Popular trae aquí datos que non se lle permiten a ningún outro grupo, e entón pode falar con datos con el, pero con nós non. ¿Por que? Porque non nolos dá.

Nós utilizamos os datos que teñen os profesionais e os que non están baixo o seu control. ¡Anda que non será por non pedir informes e datos! E sempre votan en contra, que non será tan difícil. A próxima vez que vaian votar en contra voules lembrar que vostede quere que teñamos datos, e eu estou de acordo con iso, señor conselleiro, así vostede ve que podemos estar de acordo en cousas.

Dixó que se implantou o sistema de Hemodinámica 24 horas en Galicia en 2005. Olvidouse dicir quen gobernaba, que moitas veces... Xa sei que foi un erro, que vostede tenlle boa consideración aos gobernos que fan boas cousas. Ás veces acórdalles quen gobernaba nalgúns anos para facer algunha crítica, e olvidouse de dicir quen gobernaba naquel ano.

E despois, a verdade, fixo moi poucas consideracións. Polo que percibín, vou ter que corrixir e non vai ser vostede candidato en Vigo, ten a pinta de que vai ser deputado da oposición en

Andalucía, porque é basicamente o que fixo aquí, facerlle oposición a Andalucía. Está ben. Teñen máis ou menos (*Protestas.*) datos.

Fíxense se a cousa vai ben, que nós non podemos falar aquí de datos de Galicia e vostede pode falar aquí de datos de Andalucía. Fíxense se somos transparentes. ¡Fíxese se seremos transparentes, señor conselleiro!

Pero se vostede quere ser deputado da oposición en Andalucía —está ben, é lexítimo—, ten pinta de que vai ter un resultado parecido ao que vai ter en Vigo. Dígoo porque está esco-llendo sitios onde teñen un problema electoral, pero bueno, vostede, por suposto.

Sobre as 24 horas en Lugo e en Ourense, cando me empezou a facer algunha apreciación sobre os datos, por un momento pensei que me ía dar os datos de Lugo. Estamos en época mundialista e foi ao pao. Por un momento, pensei que se ía confundir e me ía dar os datos de Lugo, pero non mos deu.

Claro que nós desexariamos telos e ter acceso a eses datos, aínda que vostede di que non é posible por algunha razón que hoxe xa non explicitou e supoño que xa sabe que non é posible explicitar, polo tanto, quedamos sen eles.

Vostede sabe tamén que cerca dun 30 % dos infartos se dan nas primeiras horas do día, entre 6 e 10 da mañá aproximadamente, segundo apuntan os estudos máis recentes. Polo tanto, nós consideramos que é un dato máis para insistir na necesidade das 24 horas, porque ampliar ata as 10 da noite como se fixo recentemente, por esta presión e atropeladamente, non é xustificable se non se prolonga.

E por dar datos, eu dinlle un e fíxenlle unha pregunta que me gustaría que me respondera. Xa sei que utiliza a segunda intervención para facer unha intervención un pouco máis incisiva sobre as cousas porque non hai tempo de resposta, é posible. Pero agradézolle se me contesta unha pregunta, ¿os 600.000 euros que custaría esa ambulancia medicalizada no Salnés, agora se destinan a sacerdotes no Sergas? ¿Vostede que prefire?, ¿sacerdotes no Sergas ou unha ambulancia medicalizada no Salnés? É unha cuestión dicotómica. Nós preferimos a ambulancia medicalizada, ¿vostede que prefire? Por agora os sacerdotes, pero ¿ten algunha previsión de cambiar esa posición? É lexítima calquera das dúas cuestión, nós é que somos máis de curar na sanidade con ciencia que con fe, pero está ben. Quero dicir que vostede ten o Goberno na súa man e, polo tanto, pode decidir.

Por último, falou do traslado e dixo —e nisto agradézolle a resposta— que se fai con criterios de dispoñibilidade de ambulancias. Pois nisto é co que non estamos de acordo. Se a atención ás persoas que teñen un infarto, que se están xogando a vida, que necesitan unha atención urxente e rápida, que dependa das ambulancias... Se depende da dispoñibilidade de ambulancias que vaian a un sitio máis lonxano, nós cremos que hai que incorporar máis ambulancias ao sistema.

Por iso defendemos que os criterios sexan claros, para que, se ese é o criterio, poidamos opinar. Se o criterio é de dispoñibilidade das ambulancias, nós priorizamos os enfermos e vos-

tedes as ambulancias, que é un criterio que nós non compartimos pero podemos ter un debate sobre os criterios. Vostede aquí explicitou cal é o seu: dispoñibilidade de ambulancias. Nós preferimos a atención aos enfermos, por iso lle dicimos que ese é un criterio imparabile, imparabile, e polo tanto vai existir unha ambulancia medicalizada no Salnés máis pronto que tarde. Vai existir unha reformulación do plantexamento sobre onde teñen que ir os enfermos, e vai existir un Servizo de Hemodinámica 24 horas en Lugo e en Ourense máis pronto que tarde, e vostede o sabe.

Nós o que lle pedimos é que o fagan. E nós pedímoslle que o fagan porque cremos que é a mellor decisión. Vostede non deu ningún dato aquí —xa que dixo que lle gustaba dar datos, deunos de Andalucía pero non moitos de Galicia— sobre algo que puidera contradicir esta decisión, por tanto cremos que en realidade está de acordo con nós pero, por algunha razón que aínda non conseguimos entender —non sei se terá que ver coa súa predilección por olvidarse dalgúns hospitais e priorizar outros, non sei se terá que ver con iso—, non deu ningunha explicación sobre por que toman as decisións que toman.

Xa sabe, quedalle a pregunta sobre que me aclare se prefire unha ambulancia medicalizada no Salnés ou os sacerdotes no Sergas. E a de cando vai pensar a Hemodinámica 24 horas en Lugo ou en Ourense.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor deputado.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que ten unha deformación, porque eu creo que nomeei as 17 comunidades autónomas, e só quedou co dato de Andalucía, ¿por que será? É curioso, señor Torrado, é curioso. Vostede só escoita Andalucía e Salnés, do demais non hai nada, ¡non hai nada! (*Aplausos.*)

Ourense cítao por acompañamento. Ourense non lle importa moito. Entón, imos dicir Ourense porque así collemos máis territorio, pero a vostede o que lle importa realmente é o Salnés e Andalucía, deixoumo claro ao longo desta mañá e outras veces, a verdade que si.

Pero non, non ten razón, non ten razón. Nós non falamos de territorio, falamos —como dicía— de persoas, e sobre todo de servizo de calidade, que é o que ten a Xunta de Galicia a través do Servizo Galego de Saúde. A verdade é que ten un servizo de alta calidade.

Sigo citando a Sociedade Española de Cardiología porque é unha sociedade de moitísimo prestixio, na que nos dous últimos mandatos foron presidentes dous xefes de servizo de Cardiología de Galicia. É unha honra para nós ter a cargo da Sociedade Española de Cardiología a dous xefes de servizo. Agora hai outro especialista que é de Andalucía. No seu informe RECALCAR, de finais de 2017, sobre recursos e calidade en cardiología, fala de que existe



unha notable variabilidade nos indicadores entre as unidades de cardioloxía das diferentes comunidades autónomas. A dotación de salas de hemodinámica e de conformidade coa enquisa RECALCAR —como digo, derivada de recursos e calidade, estudo da Sociedade Española de Cardioloxía—, di que a media é dunha sala por cada 366.164 habitantes, existindo notables variacións entre comunidades autónomas. A dotación de salas de hemodinámica está algo por enriba dos criterios de planificación recomendados, nunha sala por cada 400.000. Isto son criterios de planificación.

Galicia ten un ratio de 258.907 habitantes por sala, é dicir, bastante menos do que considera unha planificación de calidade. Extremadura, por exemplo —non teño agora o dato de Andalucía, teño o de Extremadura—, está con Galicia dentro das comunidades que teñen a taxa máis baixa. Están ben as taxas en Extremadura de salas de hemodinámica por poboación. Existen comunidades autónomas como Castilla-La Mancha, con máis de 510.000 habitantes por sala, ¡510.000!, o dobre case do que ten Galicia; ou Navarra, con máis de 640.000, que supera con creces a ratio galega.

Tamén se recolle neste informe que o mantemento dos programas de angioplastia require un ámbito poboacional de influencia suficiente —máis de 600.000 habitantes—, e un cadro de hemodinamistas acorde para posibilitar un servizo 24 horas ao día os 365 días do ano.

Vostede, na súa interpelación, pregúntame por que non se derivan os pacientes con infarto de miocardio do Salnés ao Hospital de Santiago e non ao de Vigo. Vostede prefere que vaian a Santiago e non a Vigo. Non sei se vostede sabe que os seus compañeiros de partido no Concello de Vigo —o señor Losada agora está despistado— solicitan que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés volvan ter como referencia para hemodinámica as unidades e servizos dispoñibles no Complexo Hospitalario de Vigo.

Eu creo que sería moi interesante (*Protestas.*) que esta moción que presenta o Partido Socialista en Vigo, na que pide a miña dimisión, por certo... A verdade, teño mala sorte, porque os do sur piden a dimisión e os do norte tampouco están contentos... Non sei exactamente que teño que facer. (*Murmurios.*) Si, pero non sei se dimitindo axudo a uns ou a outros, e como me quere de candidato en non sei onde, teremos que seguir traballando polo ben da sanidade galega, e, dende logo, coa igualdade, coa mesma accesibilidade para todos os pacientes, vivan onde vivan, (*Aplausos.*) e non, dependendo de onde sexa o parlamentario que fale, pedir unha cousa ou a contraria.

Hoxe o parlamentario non era de Lugo, hoxe era de... Pero mire, falando de Lugo, ten mala sorte tamén, porque hoxe, esta mesma mañá, o presidente actual da Sociedade Española de Cardioloxía, o doutor Anguita, estaba entregando un premio no HULA que di: Unidade excelente en manejo del síndrome coronario. Fíxese, das mellores unidades están en Lugo. ¡Que curioso! E sen embargo non se están facendo ben as cousas.

Grazas, señora Burgo. Gústame que tamén interveña, pero agora está o señor Torrado falando, e teñen que saber se veñen falar do Salnés ou de Lugo, teñen esa confusión. Pero a Sociedade Española de Cardioloxía di que a unidade de Lugo é magnífica, porque ten 24 horas. Como todos os cidadáns de Galicia, teñen atención ao infarto agudo de miocardio 24 horas dende o ano 2005. (*Aplausos.*)

Miren, a elección non é entre sacerdotes e cardiólogos. A estrutura asistencial ten máis de 3.600 millóns de euros para pagar o persoal, o material, e que o servizo sexa de calidade. En ambulancias temos máis de 31 millóns de euros de presuposto para atención urxente a todos os cidadáns, e priorizamos os diñeiros que os cidadáns deciden que vaian para sanidade, e non polo capricho dos políticos da zona, localistas, que van buscando votos e non atención sanitaria. *(Aplausos.)* Nós estamos buscando mellorar servizos e non votos.

Moitas grazas, señor Torrado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Si, señor Losada, pero non houbo ningunha inexactitude, soamente foi mencionado. Non, non. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, estaba moi atento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é certo. Estaba moi atento.

Xa está. Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, estaba atento. Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, estaba atento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non entren agora en diálogo. ¡Estaba atento! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero estaba atento. *(Murmurios.)* Estaba atento. *(Murmurios.)* Certifico eu que estaba atento, de verdade. Vino, ademais, especialmente atento. *(Murmurios.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

A ver se temos un debate máis calmado, porque levamos un Pleno... Non sei se me invalida ser deputada de Vigo para facer esta interpelación, pero, en todo caso, vouna facer.

Bo día, señor conselleiro. Xa non é —como vostede xa sabe— a primeira vez que traemos este asunto ao Pleno, se non, podíannos acompañar as compañeiras auxiliares de enfermería, pero xa estiveron aquí noutra ocasión e están seguindo o debate.

Este é un tema importante que, a teor do que nós coñecemos e do que entendemos pola planificación da sanidade pública, ten moita relación coa privatización de servizos. Vostede sabe tamén que esta deputada levou á Comisión de Sanidade, unha vez máis, a solicitude. Xa perdín a conta, dende a pasada lexislatura, das veces que levaron os distintos grupos da oposición a petición de que se volva trasladar ao servizo público o hospital público-privado de Vigo.

Pero a min gustaríame comezar trasladando o traballo que fan as compañeiras auxiliares de enfermería. As miñas compañeiras asisten o traballo das enfermeiras e enfermeiros, dos médicos e das médicas, dos celadores e celadoras, porque todas e todos traballamos en

equipo nos diferentes servizos do Servizo Galego de Saúde. As compañeiras encárganse de que o ambiente sexa o correcto, de que o instrumental estea ben; coidan, alimentan, asean, escoitan e asisten as persoas enfermas; e fan un traballo humano importantísimo no noso sistema público de saúde. O que non fan é transportar e mover roupa sucia, como estamos a falar neste conflito.

Durante todos os debates, tanto no Pleno como na Comisión 5ª, de Sanidade, tivemos que escoitar un montón de veces —e hoxe a min gustaríame preguntarllo tamén, e aínda que non esta por escrito, entendo que o vai dicir na resposta— que existía xurisprudencia respecto das tarefas que tiñan que facer as auxiliares de enfermería. A min gustaríame saber que entende vostede por xurisprudencia, porque ten unha definición en materia de dereito que eu creo que non se axusta ao que vostedes entenden por xurisprudencia. Gustaríame sabelo.

Ademais, gustaríame que nos trasladase que sentenzas temos en relación con este conflito que poderían sentar xurisprudencia, en que tribunal e en que momento, porque eu non atopei absolutamente nada. Sen embargo, o que atopei son unhas normas que non lles dan a vostedes a razón.

Dixeron tamén nalgunha ocasión —e por iso prefiro empezar por aquí— que era unha tarefa das auxiliares de enfermería e dos auxiliares de enfermería. E se ten trasladado na Comisión de Sanidade algo que non é certo e que figuraba nun estatuto destas e destes empregados. Sen embargo, se imos á normativa vixente, señor conselleiro, Lei 55/2013, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que regula a provisión de servizos, que regula os dereitos dos profesionais e como se clasifican os profesionais, non vén absolutamente nada.

É certo que é unha norma de carácter fundamentalmente administrativo e definatorio sobre como se ordenan os profesionais dentro do Servizo Galego de Saúde. Pero ten unha parte interesante, señor Almuíña, que é a Disposición derogatoria única, que fala das normas que se derrogan con esta norma que se aprobou, e unha delas é o Estatuto do persoal sanitario non facultativo das institucións sanitarias da Seguridade Social, aprobado pola Orde do 26 de abril de 1973, a excepción dun artigo que se derogou despois co Real decreto 16/2012. É dicir, non está vixente ese Estatuto do persoal sanitario non facultativo ao que vostedes sempre fan referencia. É dicir, non existe ningunha norma dentro do Estatuto do persoal estatutario que indique cales son esas tarefas.

As únicas normas que poden falar das tarefas das e dos auxiliares de enfermería son aqueles decretos que regulan a profesión, os estudos de auxiliar de enfermería. Temos dous: o Real decreto 546/1995 e o 558/1995, que en ningún caso indican que o transporte da roupa sucia sexa unha tarefa das auxiliares de enfermería. O segundo regula máis o currículo formativo da FP. É un decreto de seis páxinas, non ten un contido excesivo. E o Real decreto 546, do 7 de abril, polo que se establece o título de técnico de coidados auxiliares de enfermería, correspondente ás ensinanzas mínimas, que é o que fala das capacidades profesionais, non indica en ningún momento, dentro das capacidades, nada que teña que ver con ese transporte da roupa sucia. O único que se podería acercar é, dentro do artigo 2.1, cando fala do

mantemento da orde, limpeza e condicións hixiénico-sanitarias do paciente e do seu contorno.

Pero se imos ao despregamento dese artigo ao longo do decreto, señor Almuíña, nas diferentes unidades de competencia que describe o artigo 2.1.3 deste decreto fala da «unidade de competencia 3: coidar das condicións sanitarias do contorno do doente e do material e instrumental sanitario utilizado nas distintas consultas, unidades e servizos. Competencia 3.2: manter a orde, limpeza e condicións hixiénico-sanitarias da habitación do enfermo, tanto a nivel hospitalario como domiciliario». Relata unha serie de competencias e actividades, e en ningún caso —en ningún caso— transportar e mover paquetes de roupa sucia. Podería vostede entender que o punto que di —xa levándoo ao extremo—: «verifícase que a habitación se atopa limpa e ordenada», pero está falando da habitación dos doentes.

É dicir, en resumo —e xa deixo o corpus normativo—, non hai ningunha norma no ordenamento xurídico que diga que transportar paquetes de roupa sucia é unha obrigaón das auxiliares e dos auxiliares de enfermería. Polo tanto, eu quixera que vostede nos dixera en que estatuto —presunto, porque o único que estaba vixente, efectivamente, está derogado dende o ano 2003, cando entrou o estatuto marco— se di que iso é unha tarefa destas compañeiras, porque non o é, non existe.

Quixera tamén que me dixera que sentenzas manexa vostede e que entende vostede por xurisprudencia dentro do corpus normativo ou de dereito que podería obrigar a estas traballadoras públicas a facer ese traballo.

A realidade ¿cal é? Que vostedes hai ano e medio que sabían da existencia deste conflito, porque o conflito comezou cando os traballadores e traballadoras da empresa privada de limpeza se negaron a facer un traballo para o que non estaban contratados, vostedes non o resolveron e sabíano hai ano e medio. Non sei se particularmente vostede o sabía. De feito, nesta interpelación tamén lle preguntamos canto tempo e cando tivo coñecemento o Goberno, porque entendemos que, se vostede non o sabía, ten un problema vostede co xerente da EOXI e debería cesalo, porque a verdade é que só se dedica a xerar problemas dentro da EOXI, señor Almuíña. E non o digo porque estea imputado por presunto homicidio imprudente, dígoo porque, como vostede sabe, amoestación tras amoestación, ameaza tras ameaza aos traballadores, xerar problemas cando hai ano e medio que se coñecía esta circunstancia, entendo que vostede ten que tomar algunha decisión xa, porque é ingobernable a EOXI de Vigo. A situación, tal e como está, non é, dende logo, asumible.

Hai un organismo, que é a Comisión mixta de seguimento, que vostedes contemplaban no prego de cláusulas administrativas particulares da PFI, que se utilizaba como elemento de control das condicións nas que se estaba a facer a concesión. Despois de terminar esa oficina técnica —xa pasaron dous anos da apertura do centro—, segue traballando a Comisión mixta de seguimento, e gustaríanos que vostede nos dixese cales son —enténdase o contido— eses informes da Comisión mixta de seguimento en relación coa execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria. Nós entendemos que deberían estar facéndose cargo disto, o problema é que vostedes non teñen capacidade contra a Xerencia privada, e

agora están obrigando os profesionais públicos a facerse cargo de algo que non é competencia legal destes profesionais.

¿Que papel está a xogar a persoa que representa a Administración —enténdase, a Consellería de Sanidade— no Consello de Administración, en canto a trasladar a situación de precariedade na que se atopan os servizos privatizados? É certo —e insistimos en varias ocasións— que se intenta enfrontar os traballadores das empresas privadas da concesionaria cos públicos, cando realmente non é culpa nin é un problema dos traballadores, senón que é un problema da decisión de privatizar, de facer unha PFI, e logo, non facer que a concesionaria se faga cargo dos servizos.

Se vostedes van seguir beneficiándose dese lucro da concesionaria, e eu teño que lembrar que xa o ano pasado declaraban 1,3 millóns de euros de beneficio, ¡de beneficio!, por enriba do que se lles está a pagar; é dicir, beneficio. Non queremos nin pensar como vai ser isto cando rematen eses custos que aínda se estaban a desgravar da construción do propio hospital.

E se ten pensado vostede rectificar na decisión desta fórmula de colaboración público-privada. Sabe vostede que nós xa lle pedimos por enésima vez que isto se reverta, porque nin economicamente nin administrativamente, nin dende o punto de vista da xestión, foi nunca unha boa idea, e estamos pagando agora as consecuencias. E as compañeiras, os traballadores e as traballadoras públicas, non teñen por que pagar —tampouco os da empresa privada— as decisións mal tomadas por parte da Consellería de Sanidade de escoller esta fórmula económica —pero non só económica, senón de xestión— como modelo para o hospital de Vigo. Esa é a realidade.

E, por suposto, preguntámoslle que pensa facer ante o conflito da roupa sucia. Porque, señor Almuíña, mañá hai outra xornada de folga no centro, e créame cando lle digo —supoño que vostede o sabe— que o persoal público non vai á folga por pracer, vai á folga cando ninguén os escoita, cando os están ameazando con amoestalos, cando aínda hai expedientes abertos e cando realmente non hai nada na normativa que os obrigue a facer ese traballo. E, sen embargo, a Xerencia, sen ningún tipo de negociación cos representantes sindicais, obrígaos a facer un traballo ao que non se lles obrigou dende o principio da apertura do centro. Por certo, con todas as dificultades que temos definido xa neste Pleno e nas comisións.

Polo tanto, señor Almuíña —e indo á cuestión práctica porque é un problema grave que hai que resolver—, gustaríame que nos respondese tamén en relación con esas presuntas sentenzas.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señor presidente.

Señores deputados.

En primeiro lugar, quixera deixar claro que temos unhas magníficas traballadoras técnicas auxiliares de enfermería. Desde logo, coñezoo de primeira man porque traballei con moitas delas nesta área sanitaria, e sei que son magníficas traballadoras. Como tamén son bos traballadores os traballadores da empresa concesionaria de limpeza. Hai xente que quere buscar enfrontamentos entre profesionais, entre traballadores, e eu creo que non é ese o caso.

Miren, a construción do hospital público Álvaro Cunqueiro permitiu acabar co déficit en materia sanitaria que arrastraba a área de Vigo, e así o consideramos moita xente deste e doutros contornos. A obra civil sanitaria de maior magnitude nun momento no que o país atravesaba grandes dificultades económicas. Era difícil pensar nese ano en poder construír un centro e facer unha remodelación total e absoluta de toda a área sanitaria.

A apertura e posta en marcha do Álvaro Cunqueiro permitiu acometer unha reordenación integral da atención hospitalaria, pero tamén da primaria, en Vigo, que, a pesar da súa complexidade, en moi pouco tempo tense revelado moi positiva para todos, especialmente para os pacientes.

As valoracións dos máis de 2 millóns de pacientes atendidos son extraordinariamente favorables e amosan altas cotas de satisfacción nas enquisas que periodicamente se efectúan para contrastar a súa opinión. As valoracións profesionais —como o demostran os ránkings de reputación sanitaria publicados a finais do ano pasado, no 2017 o último publicado— colocan o CHUVI nun nivel de recoñecemento profesional sen precedentes, situándoo entre os 30 mellores hospitais de España.

O hospital público Álvaro Cunqueiro é un dos hospitais máis modernos e avanzados de Europa, e reúne as mellores condicións de confortabilidade para os pacientes e as súas familias, cun nivel profesional excelente, que ten á súa disposición a mellor tecnoloxía dirixida a prestar unha medicina de vangarda.

O modelo de iniciativa de financiamento privado ao que vostede fai referencia, é un modelo legal que en España admite diferentes formas, pero a que maioritariamente se aplica é á modalidade deseño, construción, financiamento e operativo, DBFO. Baixo esta modalidade, a entidade privada concesionaria constrúe a infraestrutura, pona á disposición do servizo público de saúde e faise cargo da xestión dos servizos non clínicos que habitualmente se prestan baixo contratación con empresas especializadas en todos os centros sanitarios.

Con este modelo construíronse hospitais en moitos países europeos e en distintas comunidades autónomas gobernadas por diferentes partidos políticos: Comunidade de Madrid, Castela-León, Baleares e Cataluña. Pero o modelo de construción non define o carácter de asistencia. Unha vez máis, teño que insistir en que o Hospital Álvaro Cunqueiro é un hospital público, con persoal dependente do Sistema Galego de Saúde.

Polo que respecta ás funcións da categoría de TCAE, teño que trasladarlle que distintas sentenzas do Tribunal Superior de Galicia e doutros, como o Tribunal do País Vasco, recoñecen

que a este persoal lle corresponde a tarefa de recollida de roupa sucia por ser recoñecida como unha tarefa certamente complementaria non xa do quefacer profesional sanitario, senón incluso de específicos cometidos atribuídos aos auxiliares, función de acordo co disposto no Estatuto de persoal sanitario non facultativo.

Ata datas recentes, no Hospital Álvaro Cunqueiro a recollida das bolsas de roupa sucia desde as habitacións aos puntos de recollida viña sendo realizada polos traballadores e traballadoras da empresa concesionaria, aínda que esta función non estaba contemplada no prego de contratación, segundo logo se demostrou. Tras unha denuncia —como ben dicía— dos representantes sindicais dos traballadores e traballadoras desta empresa que fixo que interviñera o Consello Galego de Relacións Laborais, esta tarefa deixou de ser asumida pola empresa concesionaria, polo que pasou a ser realizada, desde o 2 de maio de 2018, polo persoal do Servizo Galego de Saúde como tarefa comprendida entre as funcións do persoal técnico en coidados de enfermería.

Tanto nos hospitais públicos de Vigo como no resto dos hospitais públicos da nosa comunidade autónoma, a prestación de servizos non sanitarios como limpeza, lavandería e lencería e cafetería, entre outras, son realizadas por empresas externas. No caso concreto do hospital público Álvaro Cunqueiro son realizadas pola empresa concesionaria, en virtude, evidentemente, do seu contrato de concesión.

No prego de prescricións técnicas recollidas no contrato con esta sociedade, establécese no parágrafo 20.2.2, en relación co alcance e ámbito de aplicación do servizo de lavandería e lencería, que o servizo de lavandería e lencería incluírá as tarefas asociadas á recollida do téxtil sucio nuns puntos asignados para tal fin pola Administración en cada unha das unidades asistenciais dos centros de perímetro concesional. Así mesmo, o parágrafo 20.2.6, dentro das especificacións técnicas particulares do servizo establece que o persoal dependente do Servizo Galego de Saúde depositará diariamente a roupa sucia nos puntos habilitados para tal fin dentro das bolsas que serán subministradas polo concesionario. O concesionario será o encargado de recoller a roupa sucia nos puntos habilitados para tal fin nos distintos centros do perímetro concesional e trasladala á lavandería. Polo tanto, parece que está claro que estas tarefas son competencia dos traballadores pertencentes á categoría de auxiliares de enfermería do persoal do Servizo Galego de Saúde, e así, como digo, se fai por unha reclamación presentada polos representantes sindicais dos traballadores desa empresa.

Pero a realidade é que o que estamos a falar, a discusión que hai neste momento, é exactamente onde se deixa a bolsa, se na porta da habitación —dime que si— ou seis metros máis alá, no punto establecido para a recollida. Esa é a discusión, esa é a discusión. Non falemos de nada máis, é simplemente iso. Pódese falar e levar esa discusión ao ámbito que hai que levalo, por iso desde aquí aproveito para dicir que ese tipo de discusións parece razoable que se leve a unha comisión de centro como se intentou desde o principio, pero non foi posible; e se non, hai outras vías para poder facelo, como, evidentemente, a vía xudicial.

Creemos que é un desprazamento no que hai que ver, primeiro, o servizo ao cidadán, e nós non podíamos deixar que se abandonara esta roupa sucia na porta das habitacións, tiñamos

que ter accións. Se nos din que non o pode facer esa empresa concesionaria e si está dentro dos labores que pode asumir ese persoal, desde logo, non é atacar a un ou defender a outros, é simplemente que se poida cumprir o servizo sanitario básico, para o que todos, todos, no Sergas traballamos no mellor sentido.

Desde logo, desde aquí pido a todas as traballadoras afectadas que sigan coas vías establecidas, que temos vías establecidas para chegar a acordos. Pero, desde logo, me parece que a vía que se está tomando é un *callejón* sen saída. Creo que iso hai que evitalo e hai que tratar de non levar a enfrontamentos, que moitas veces é o que se quere por parte dalgunhas persoas, e si á resolución de conflitos, para dar o servizo de calidade que os pacientes de Vigo, ou de calquera área sanitaria, necesitan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Varias aclaracións previas. O Hospital Álvaro Cunqueiro non veu completar nada, veu reducir un 31 % das camas en Vigo, esa é a realidade. Dende o proxecto inicial ao proxecto final, pecharon vostedes centros e camas, quedamos con menos servizos que anteriormente, e temos unha das listas de espera máis avultada de toda a comunidade autónoma e, ademais, nin sequera temos acceso a poder coñecela. Lémbrolle que vai facer un ano e medio ou máis —creo que xa pasou do ano e medio— que vostede incumpre responderme a min, a esta deputada, unha petición de información ao abeiro do artigo 9 —vostede segue incumprindo a lei— solicitando as listas de espera non estruturais. Iso para comezar.

En segundo lugar, non engane a ninguén vostede. Non se trata dun modelo de construción. As PFI están definidas por lei. Xa que vostede indica a Lei de contratos do sector público, non estamos falando de construción, estamos falando tamén da xestión dos servizos, estamos falando tamén de como se xestionan os servizos sanitarios, porque aínda que o persoal siga sendo público nalgúns casos —porque as derivacións de doentes á privada é unha privatización, señor Almuíña—, como se xestiona a totalidade do hospital incide directamente no servizo sanitario, e aquí temos un problema.

As sentenzas no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que vostede non sabe cales son porque non mas puido indicar, ou en Euskadi —unha cousa é unha sentenza e outra cousa é a xurisprudencia, señor Almuíña—, ¿foron ao Tribunal Supremo? ¿Cantas hai para que senten xurisprudencia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale, pero ¿sentan xurisprudencia? Porque vostede falou do prego de condicións administrativas particulares, e eu tamén lin o prego, pero non di que profesionais son os que se teñen que facer cargo. Fala do Servizo Galego de Saúde, pero temos un problema, porque entón vostedes redactaron un prego que vai en contra das normas do estatuto marco do persoal estatutario, que xa de entrada non di nada, e das competencias do Real decreto 546/1995 das auxiliares de enfermería, que non



fala do transporte da roupa sucia. ¿De que estamos a falar? Non estamos a falar de se a roupa se pon na porta ou a roupa se pon nunha xaula noutro punto. Estamos a falar da falta de respecto aos profesionais, señor Almuíña, porque antes de que vostedes privatizaran o hospital — aínda que sei que vostede non o considera privado— eses problemas non existían. E da incompetencia da Xerencia pública, que é incapaz de enfrontarse á Xerencia privada. ¿E despois quen o paga? Os profesionais públicos. Cre que as compañeiras queren facer folga. Por certo, a folga é unha maneira legal de conseguir os dereitos laborais. Non a que vostede decida aquí. É un dereito fundamental.

Pero ademais, señor Almuíña, tampouco definen vostedes cales son eses puntos, efectivamente, porque os pregos están como están e porque a PFI se fixo como se fixo. E creo que quen falta ao respecto aos profesionais son vostedes e é a Xerencia, abríndolles expedientes, insultándoas.

Non estamos falando dun tema concreto no que, por suposto, hai un conflito concreto. Estamos falando de como xestionan vostedes a sanidade pública, de como tratan os profesionais, de como maltratan os profesionais e logo son quen de saír falando de humanizar os servizos sanitarios na propia EOXI de Vigo. É un insulto ao persoal, séntense insultadas porque as están tratando como se foran calquera cousa. Estanas insultando por parte da Xerencia, que dixo que atacaban e xeraban malestar aos outros profesionais, e despois fálase de humanizar o servizo.

A Xerencia de Vigo é un desastre, e o que está pasando con Galaria, señor Almuíña, tamén o teñen que solventar, porque é unha vergoña que nos extorsione unha empresa pública na que vostedes enchufaron e puxeron a dedo á ex-conselleira Rocío Mosquera. Estanos extorsionando, ¿e quen o paga? Os enfermos. Os doentes de oncoloxía, as persoas enfermas de cancro ás que non se lles fan as probas, e ten que ir o Servizo Galego de Saúde a rescatar o que non fai unha empresa pública que é, realmente, unha empresa privada. Esa é a realidade (*Murmurios*.) e iso solo pasa en Vigo. A Xerencia de Vigo é un desastre, e vostedes teñen esa responsabilidade.

E pediríalle, por favor, que respondese ás cuestións que veñen na interpelación. Se non quere falar de nada máis, polo menos fale da interpelación e dígame cales son os informes da Comisión Mixta de Seguimento. Que papel e quen é esa persoa que está aí por parte da súa consellería. Que se lle di á concesionaria que teñen que facer. E por que, se sabían hai un e medio deste conflito, que non é un conflito que as centrais sindicais poñen contra as auxiliares de enfermería, é un conflito polos dereitos dos profesionais de limpeza, que están explotados por unha empresa que non pon persoal suficiente, esa é a realidade, e o hospital está sucio dende que abriu porque non hai persoal suficiente. E agora hai un problema porque, para resolver, vostedes resolven pola vía fácil, trasladándolle as responsabilidades aos profesionais públicos.

Esa non é a vía da resolución do conflito. Os que xeran o conflito son vostedes, e son vostedes os que teñen que reflexionar sobre como se resolve, señor Almuíña. As profesionais non queren estar día si, día tamén, protestando e en folga, porque xa teñen bastante coa carga de traballo que teñen. Créame que están agobiadas e cansadas, e a ninguén lle gusta —e remato xa porque non teño tempo— estar nesta situación.

Por favor, trasládenos que vai facer para resolver o conflito. Díganos cales son eses informes da Comisión Mixta de Seguimento, se se lle deu o visto e praxe agora e cando facía o traballo a empresa de limpeza. E póñase as pilas para resolver isto. E terá que facer dimitir ao xerente imputado porque isto é un desastre. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Peche da interpelación, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señor presidente, señores deputados.

Señora Solla, sen acritude, ou se dimite ou se cesa, facer dimitir é complicado. (*Murmurios.*)

Repito como iniciei a miña intervención. Defendo o magnífico traballo que fan as traballadoras e os traballadores, tanto auxiliares de enfermería deste centro e de todos os centros, como os traballadores da empresa de limpeza. E, desde logo, non van encontrar en min unha persoa que trata de enfrontar colectivos, senón que trata de facer o mellor servizo entre os máis de 38.000 traballadores que temos.

O cronograma dos feitos, señora Solla, foi como segue. Coa apertura do hospital público Álvaro Cunqueiro uníronse dous equipos de persoal, o persoal do Hospital Xeral e o do Hospital Meixoeiro. Refírome ao que é a entidade de hospitalización importante, e tamén do Nicolás Peña. O persoal de limpeza era o mesmo porque se subrogou na nova empresa, polo que nun principio seguiron realizando as tarefas como se facía nos antigos hospitais, realizándose de forma diversa segundo as unidades. Así, nalgunhas unidades recollíase a roupa sucia polo persoal de limpeza pola mañá e polo persoal do Sergas pola tarde; e noutras era o persoal do Sergas quen trasladaba a roupa sucia aos puntos determinados e alí era recollida polo persoal de limpeza. Había unidades nas que, por acordo entre as traballadoras da limpeza e as propias TCAE, o labor de traslado das bolsas xa era asumido por estas últimas. Nestas unidades, Urxencias, REA, non chegou a haber conflito nunca, posto que esa tarefa, que se estima en 4 minutos de duración nunha xornada laboral de 7 horas, xa era realizada polas propias auxiliares.

Esta organización do traballo mantívose ata que a empresa concesionaria asinou un convenio co seu persoal do hospital público Álvaro Cunqueiro, no que recolle que deixarán de facer esta función a partir do 1 de maio de 2018. Despois de varias reunións para determinar os puntos de recollida que se estaban a negociar coa sociedade concesionaria, estes foron ampliados precisamente para facilitar este labor. Polo tanto, a partir deste momento a función deixou de prestarse polo persoal de limpeza e tivo que encomendarse ao persoal do Sergas da categoría de auxiliares de enfermería, persoal ao que lle corresponde esta función de acordo co disposto no Estatuto de persoal sanitario non facultativo, tarefa recoñecida como competencia deste persoal en diferentes sentenzas. Preguntaba que sentenzas, pois teño aquí varias, teño varias. Eu non sei se vostede as ten ou non as ten, pero mire: *El Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima el recurso de suplicación interpuesto por la parte actora contra la sentencia del Juzgado de lo Social número 1 de Ourense*. É dicir, unha sentenza de Ourense

que foi desestimada despois, que foi confirmada polo Superior de Xustiza. E tamén unha, porque teño aquí varias, haberá máis, pero teño esta do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, Sala do Social, sección 1ª, sentenza do 30 de maio. Quero dicir que sentenzas hai, pero todo é discutible. Xurisprudencia, eu non falo e xurisprudencia, aquí solo falou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, na mañá de hoxe só falou vostede de xurisprudencia. Eu non falo de xurisprudencia, falo de sentenzas xudiciais e falo de que pode haber discrepancias —é normal que haxa discrepancias—, pero hai camiños para poder chegar a acordos, ¡claro que os hai!

Miren, as supervisoras, os supervisores e a dirección de enfermería informaron verbalmente, cando isto se produciu, ao persoal das unidades dos cambios e da obriga de realizar esta tarefa, que consiste basicamente —unha vez que teñen feitas as camas e aseados os pacientes—, en lugar de deixar as bolsas de roupa sucia na porta, levala aos puntos habilitados, como dicía, a uns catro ou cinco metros das habitacións. Esa era a discusión.

Ante a negativa das traballadoras de realizar esta función, a Xerencia remitiu unha orde por escrito ante os riscos agravados que comporta na saúde dos pacientes nas unidades asistenciais consideradas críticas: quirófanos, UCI, UCI pediátrica, Oncoloxía, Hematoloxía. Non afectou a todos, afectou especialmente —a Xerencia foi moi coidadosa de facelo— ás áreas críticas, onde non debe haber roupa sucia.

Foron enganadas as traballadoras por determinadas persoas, que lles informaron de que non fixeran a recollida, que era o que tiñan que facer. Posteriormente, dous ou tres días despois, déronse conta de que non era así e empezaron a facelo, porque era unha orde que estaba contemplada dentro das funcións. Pódese discutir, como dicía —e dixémolo naquel momento—, que a través da comisión de centro se podía chegar a negociar. E se non, isto é do que estamos falando.

Fala vostede de sentenzas. Perfecto. Se non chegamos a un acordo aquí, hai a vía xudicial. Paréceme que o que non debo defender como conselleiro é que se anulen sete intervencións; que sete pacientes que se ían operar marchen para casa; ou que trinta persoas que ían facer colonoscopias, coa súa preparación, non poidan ser atendidas. (*Aplausos.*)

Eu pido desde aquí, por favor, que se chegue a liñas de diálogo para obter un resultado final, e cando hai discrepancias, temos unha vía que non prexudica os pacientes, que é a vía xudicial.

É curioso, cando falan de privatización, aumentan as funcións do persoal do Sergas, e neste caso non falan de privatización. ¿De que falamos neste caso? ¿Maior xestión interna ou externa?

Moi bonito é falar dunha cousa, e cando chegan aos concellos onde gobernan, non botan atrás ningunha xestión indirecta e seguen exactamente coas mesmas en todos os concellos nos que dixeron que ían cambialo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Vostedes queren chegar a un enfrontamento para conseguir rédito electoral. Desgraciadamente é así, utilízano continuamente, dálles igual o servizo sanitario...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e danlles igual tamén os traballadores e traballadoras do servizo sanitario.

Creo importante, de verdade, que poidamos reconducir a situación. Poder conversar, chegar a acordos e que, dende logo, non se repita esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, dezaseis horas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

### **Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías. Boa tarde, conselleira.

É unha mágoa que, aínda que esteamos a estas horas, unha cuestión que eu creo importante para todo o sector non concite máis presenza parlamentaria, pero, bueno, coñecemos como vai esta dinámica e estaremos todos incorporados nuns momentos, á parte de que, evidentemente, nós con motivo desta interpelación presentaremos a correspondente moción para substanciar os diferentes puntos que consideramos necesarios.

Señora conselleira, eu non sabía se comparecería vostede ou comparecería o conselleiro de Facenda, en canto que conselleiro de Función Pública que normalmente dirixe os procesos de negociación colectiva no ámbito da Administración autonómica, pero é certo que a Consellería de Medio Rural e tamén a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio están altamente afectadas en toda esta problemática.

E eu íalle dicir ao conselleiro de Función Pública que o Grupo Parlamentario Socialista nesta interpelación e eu en concreto non veño co meu libro, senón que co que vimos habitualmente en materia de emprego público autonómico é cos deberes que os usuarios dos servizos públicos, neste caso tamén todos os empregados públicos, neste caso do sector, nos poñen aos diferentes responsables políticos, con moitísima máis obriga, evidentemente, os deberes que impoñen a quen está a gobernar.

E non é coincidente precisamente unha preocupación deste grupo parlamentario e de todo o sector que precisamente o día que a Consellería publica no *Diario Oficial de Galicia* o período de alta incidencia de incendios para este ano 2018 entre o próximo 1 de xullo e o 30 de setembro pois que as negociacións ou as conversas para avanzar dalgunha forma no que é a reorganización funcional e o que é a mellora substancial das condicións de traballo dos axentes forestais e dos axentes medioambientais, realmente, apenas teña dado pasos, despois de practicamente ano e medio dende que Función Pública, xunto con Medio Rural e con Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, adquirira compromisos en mesas de negociación dun cronograma, precisamente para avanzar —como digo— na delimitación clara das novas funcións dos axentes forestais e medioambientais, e, sobre todo, despois de terse aprobado unha nova configuración de escalas e especialidades con motivo da Lei de emprego de público, que, ademais, declara a extinguir as anteriores escalas do grupo C2 e do grupo C1 dos axentes forestais e dos axentes medioambientais, e que realmente e precisamente a piques de iniciarse o 1 de xullo a campaña e o período de alto perigo en materia de incendios forestais, pois que o Goberno galego precisamente non teña avanzado, poderíamos dicir, salvo que nos diga outra cousa na súa réplica e con motivo das cuestións que lle vou comentar, que os pasos dados sexan ou foran outros no sentido que todos esperamos.

Porque, señora conselleira, a protección e a conservación da natureza e do medio ambiente son unha preocupación esencial de toda a sociedade; é unha tarefa prioritaria que require dos poderes públicos a habilitación dos necesarios medios humanos e materiais. E o desafío da prevención, da extinción e investigación de incendios forestais de nova xeración e a súa correlación co conxunto das políticas forestais e das políticas agrogandeiras en Galicia intensifican o reto que vostedes teñen na Xunta de Galicia co seu persoal asignado precisamente a todas estes labores críticos.

Porque tras a creación —como lle dicía— da primeira escala de axentes forestais, alá polo ano 1992, despois das transferencias adscritas ao grupo D de clasificación funcional, no ano 2000 créase a nova escola de axentes facultativos medioambientais, adscrita ao grupo C de titulación; actualmente —como tamén lle dicía— declarada a extinguir pola propia Lei de emprego público de Galicia de 2015, coa creación dunha nova escala de axentes técnicos de xestión ambiental.

O conxunto dos axentes forestais e medioambientais está basicamente dividido en dúas consellerías: na de Medio Rural, que ten adscritos en torno a trescentos cincuenta efectivos, e a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que tería adscritos en torno a cento cincuenta efectivos. Nós, é un tema que hoxe non imos tratar, supoño, salvo que vostede teña algunha consideración neste sentido, e tamén poríamos o foco en se esa división organizativa pois dá un bo resultado operativo. Pero esta é unha cuestión que creo que deberíamos falar nal-

gunha outra ocasión dende unha perspectiva máis da operativa da organización dos servizos que coa antiga chamada toda «Gardería Forestal».

Porque todo este colectivo —como tamén lle dicía á señora conselleira— ten paralizadas dende o mes de decembro de 2017 todas as negociacións coa Xunta de Galicia sobre un acordo que regulara varios aspectos. En primeiro lugar, as condicións de traballo. Toda vez que o anterior acordo asinado a finais de 2004, que entrara en vigor en 2005, leva evidentemente varios anos —como eu creo que ben sabe— caducado.

As negociacións sobre esta posible revisión das condicións de traballo iniciáranse xusto despois da vaga de lumes do mes de outubro de 2017. Non é casual, evidentemente, pero foron suspendidas unilateralmente pola Dirección Xeral de Función Pública. E eu non sabía —e en todo caso o Goberno é colexiado e todos poden dar conta das diferentes actuacións do Goberno— que explicara precisamente o conselleiro de Facenda o porqué desa paralización unilateral das negociacións.

Porque as propias consellerías de Facenda, de Medio Ambiente e de Medio Rural, en setembro —como lle lembraba antes— de 2016, asumiran o compromiso de desenvolver un novo regulamento, xa non só de condicións de traballo, senón tamén de funcións das novas escalas. E mesmo a Consellería de Educación tamén asinara compromisos para levar adiante un proceso de formación de todos os efectivos, axentes forestais e medioambientais, de cara aos requisitos de formación e titulación da nova escala, para o curso 2017-2018. Compromiso que, polo que temos visto, tamén está sen cumprir.

Os compromisos, por outra parte, absolutamente necesarios, polo menos dende a perspectiva do Grupo Parlamentario Socialista, para a necesaria creación efectiva de postos en materia de investigación de incendios forestais en cada distrito, son outro dos incumprimentos que esperamos que deixen de producirse despois do acontecido na vaga de lumes, pero, sobre todo, despois de todos os traballos, de todos os estudos e de todas as comparecencias que tivemos ocasión de escoitar na Comisión de estudo para unha nova política forestal e en materia de incendios forestais.

Estes tres ou catro grandes incumprimentos podemos subliñar que deixan patente unha falla de compromiso real, polo menos ata o de agora, por parte do Goberno galego coas condicións de traballo e coa necesaria reformulación funcional de todo o que é o colectivo de axentes forestais e medioambientais. Como lle dicía ao inicio desta intervención, encontrándonos precisamente no inicio e no día no que o *Diario Oficial de Galicia* publica a orde da súa consellería para delimitar para este ano o período de alta incidencia en materia de incendios forestais. O cal non o vou cualificar *a priori* dunha certa irresponsabilidade, pero si que non podemos entender como o Goberno galego, como tres consellerías implicadas nesta cuestión, pero que afecta dunha forma especialmente intensa a Consellería de Medio Rural, leva tanto tempo e tantos meses sen acometer unha necesaria reforma de eficacia e de eficiencia e, sobre todo, de operatividade e de condicións de traballo de todos os colectivos que traballan no sector.

E esta é unha cuestión que —como digo— traemos dende o Grupo Parlamentario Socialista, pero —como supoño que a todos nos consta— que teñen formulado as distintas organizacións sindicais e mesas sectoriais de traballo, e en mesa xeral de negociación.

Pero é que, ademais, no pasado mes de abril, tamén houbo unhas primeiras xuntanzas coas organizacións sindicais por parte da súa consellería, da Consellería de Facenda, para tamén tratar toda a problemática dos tempos de traballo das brigadas forestais, dos tempos de traballo e da creación de prazas das brigadas forestais. E en abril, inicialmente, os compromisos eran de estudar a posibilidade de que os traballadores contratados a tres meses este ano pasaran a catro meses, no 2019 a cinco meses, no 2020 a seis meses, e que para este ano precisamente habería un compromiso para o 2019 de creación de catrocentas prazas de brigadas de bombeiros forestais. Ata o de agora, salvo que nos diga outra cousa, non temos noticias de que neste proceso de negociación neste sector tan delicado nestes momentos tiveran avanzado.

Pero é que é máis: as propias organizacións sindicais, ante a absoluta pasividade da Consellería de Facenda, da Dirección Xeral de Función Pública, e é certo que a pesar de intentos por parte da Consellería de Medio Rural, e en menor medida da Consellería de Medio Ambiente, ante esa pasividade á hora de pór encima da mesa propostas de nova regulamentación da nova escala, en febreiro do 2017, presentaron todo un regulamento completo, precisamente para facilitarlle ao Goberno galego un traballo perfectamente sistematizado, onde se regulasen as solucións específicas, non só en materia de prevención e extinción e investigación de incendios, senón en materia forestal e en materia de conservación da natureza, biodiversidade e calidade ambiental. E non só as funcións, senón toda unha completa estrutura de carreira administrativa, toda unha regulación completa do réxime absolutamente necesario de xornada, horario, quendas, licenzas e permisos, de incompatibilidades en materia de uniformidade e tamén de regulación do armamento. E, para finalizar, o último capítulo regulaba, de forma tamén perfectamente sistematizada, a necesaria segunda actividade, requisitos de saúde laboral, de igualdade e todo o proceso de participación en diferentes órganos de traballo.

Esta foi unha proposta, que eu creo que coñecen, presentada pola maior parte das organizacións sindicais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...—vou rematando, presidente—, pero apenas tratada e polo menos recibida por parte da Dirección Xeral de Función Pública, pero aí teñen responsabilidades importantes, evidentemente, Medio Rural e Medio Ambiente.

E sen entrar noutro tipo de comparacións que ás veces poden resultar máis ou menos operativas, pero si que é certo que hai unha serie de demandas de equiparación e de homologación con outras categorías asimiladas en diferentes parámetros, como poden ser os servizos de gardacostas da Comunidade Autónoma, onde si que neses procesos de negociación as organizacións sindicais están esperando determinados puntos e determinadas liñas de homologación laboral.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Por iso, señora conselleira, e tamén llelo preguntariamos ao conselleiro de Facenda ou á conselleira de Medio Ambiente, ¿que previsións ten o Goberno galego precisamente para acadar un novo acordo de condicións de traballo e de funcións para todos os axentes forestais e medioambientais de Galicia?

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Boa tarde, señor presidente. Boa tarde, señorías.

En primeiro lugar, quixera empezar a miña intervención facendo un recoñecemento expreso, como non pode ser doutro xeito, ao labor tan importante que fan os axentes medioambientais, os axentes forestais para a Administración galega, que en realidade é para a sociedade en si. E fano, ademais, en moitos ámbitos: na protección do medio ambiente, tan importante para Galicia, pero tamén na protección dos bens e das persoas na prevención e na extinción de incendios forestais.

E vou procurar no nome das tres consellerías, e como Goberno galego, por suposto, pois dar toda a información para que vostedes queden tranquilos e saiban de primeira man que non hai negociacións pechadas, que as negociacións son continuadas e que, ademais, avanza a bo ritmo. E agardo que iso sexa bo para o colectivo e sexa bo para a sociedade en xeral.

Miren, gustaríame salientar que no ano 2016 xa demos un paso moi importante tras a reunión da Consellería de Medio Rural coas organizacións sindicais. E o colectivo recibe o apoio para impulsar un proceso específico de formación, tal e como vostede salientaba na súa intervención, para que os axentes poidan acadar a titulación que lles permita acceder á nova escala de axentes técnicos en xestión ambiental do grupo B, que se crea na Lei do emprego público de Galicia no ano 2015. E así permítanme tamén lembrarles que con data do 15 de setembro de 2016 se asina por parte das organizacións sindicais e por parte da Xunta de Galicia un acordo sobre o cronograma de efectividade para ser quen de alcanzar esta nova escala, xa que parte dos axentes non tiñan a titulación axeitada para poder acceder.

Aí puxémonos a traballar, e puxemos en marcha ese proceso, sendo quen de que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria —son catro consellerías— lanzara un procedemento específico para os axentes de recoñecemento de experiencia profesional.

Este procedemento, no cal participaron arredor de douscentos axentes, non implica unha mera declaración de intencións, senón que implicou un compromiso orzamentario, que era fundamental para poder desenvolver esta actividade de preto de catrocentos mil euros. E



implica tamén un compromiso dos funcionarios da Consellería de Educación. Polo tanto, era un compromiso do Goberno que se ía facer efectivo.

A este acordo primeiro, o de formación para ser quen de acadar a titulación necesaria e, polo tanto, estar na escala que eles demandaban, súmase outro proceso, que é o de promoción interna. Promoción interna que se leva a cabo, e así foi asinado e levarase a cabo no momento no cal o 40 % do colectivo obteña a titulación necesaria para poder facer esa promoción interna. Pero aínda así, houbo xa un proceso de formación, houbo xa un proceso selectivo. E non foi quen a Consellería de Facenda de poder sacar adiante a promoción interna porque non acadamos ese 40 %.

Pero non imos parar aquí e imos continuar un novo proceso de formación, porque é así a intención do Goberno e é así tamén a intención das organizacións sindicais para que todo o colectivo teña as mesmas posibilidades. E nese sentido, pois formación. Formación neste caso, ademais, con novidades para poder darlles unha maior facilidade, que é esa formación á distancia, que non ía incluída nun primeiro momento. Na última semana deste mes de xuño, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria trasladará a oferta formativa para o curso académico 2018-2019. E aquí pois intentar que o 40 % xa poida optar despois ao proceso que ten que sacar adiante Función Pública.

Polo tanto, non se pode dicir, señorías, que estamos a incumprir, porque non só unha vez senón dúas estamos dispostos a comprometer medios persoais e tamén materiais para que os nosos axentes poidan levar a efecto a promoción interna acordada. Neste proceso estamos todos implicados: están implicados os axentes, está implicada a administración, están implicadas as organizacións sindicais, e eu estou absolutamente segura de que tamén vostedes, e ademais mostrando inquedaanza a través de estar hoxe aquí, pois tamén están implicados.

O resto das cláusulas do acordo suscrito no ano 2016 —por se se descoñecía ou por se non había a información suficiente—, como dicía antes, non é un incumprimento, senón que é que non se puido levar a cabo. Estou segura de que o vindeiro ano si que xa se acadará e, polo tanto, poderán levarse a cabo.

A consecución deste obxectivo é moi importante, é dicir, a promoción interna é moi importante, que xa vaian á súa escala é moi importante, porque repercute en algo fundamental, que é unha mellora retributiva merecida por parte dos axentes forestais e medioambientais, e que supón un incremento de dous mil euros anuais só no que é o soldo base.

As reunións e os contactos cos axentes forestais mantivéronse constantemente e continuos ao longo deste proceso, ben sexa nunha consellería, noutra consellería, e despois xa cunha máxima organización a través de Función Pública.

En terceiro lugar, eu téñolles que dicir que retomaremos por parte da Dirección Xeral de Función Pública as negociacións que xa se retomaron e se están a levar a cabo para establecer as novas condicións de traballo dos axentes. E así, con data do 3 de maio de 2018, mantívose unha xuntanza coas organizacións sindicais e, como continuación desa negociación, Función Pública trasladoulles unha proposta, na que substancialmente se establecían incrementos

no nivel de complemento de destino para os anos 2018-2020, a modificación da orde do 2005 sobre condicións de traballo, así como a creación dun grupo de traballo para elaborar o regulamento da nova escala de axentes. O día 30 de maio de 2018 recibíronse na Dirección Xeral de Función Pública —tal e como dicía vostede— as alegacións formuladas por parte das organizacións agrarias, que foron xa estudadas e avaliadas por parte de Función Pública.

Esta proposta, a inicial de Función Pública, suporía como mínimo, para efectos retributivos, un incremento de máis de dous mil euros por axente e ano. E que unidos aos dous mil euros que suporía a súa integración na escala, estaríamos a falar de como mínimo un incremento retributivo de catro mil euros por axente e ano. E —concrétolles— esa proposta simplemente para clarificar en que proceso estamos, porque ás veces pode ser un pouco engorroso: falar de ir mellorando as condicións, dous mil, e en escala outros dous mil. É dicir, por un lado, falamos de elevar dous niveis os postos de traballo dos axentes, o que supón un incremento no período 2019-2020 dunha media de mil euros por efectivo. E, por outro lado, elevar nun 50 % a contía do complemento de produtividade que os axentes perciben durante o período de alto risco de incendios forestais, que pasaría de douscentos cincuenta e cinco euros ao mes a trescentos oitenta e tres, para facer un total de incremento anual de mil douscentos euros.

Na reunión mantida o pasado día 18 de xuño —é dicir, hai tan só dous días— entre a Dirección Xeral de Función Pública e as organizacións sindicais, na cal estivo presente tamén a Consellería de Medio Rural, avanzouse no sentido de reducir o período de alto risco que antes se lle propoñía de seis meses a catro meses, co fin de que este persoal sexa quen de compatibilizar do mellor xeito o seu traballo pero tamén a súa conciliación familiar, coa posibilidade de incrementar excepcionalmente un mes máis en caso de emerxencia. Ademais, propúxose incrementar a retribución da produtividade a catrocentos corenta e oito euros ao mes e estudar un incremento nos niveis dos postos ou do complemento específico. En conxunto, podería chegar a supoñer unha media de incremento de dous mil cincocentos euros por efectivo.

Tamén se avanzou no sentido de facer unha proposta de condicións de traballo que substitúa as vixentes do ano 2005, que en realidade non é que estean fóra de lugar, xa que naquel momento se fixo por orde, e hai unha norma estipulada, e non debemos levar a erro no momento de dicir: non, é que aquilo que estaba asinado no ano 2005 xa non ten razón de ser.

Ademais dos incrementos retributivos ofrecidos, a Consellería de Medio Rural está traballando en mellorar a formación e as condicións de traballo do colectivo dos axentes. Así, por un lado, entregáronselles teléfonos móbiles con bono de datos de 5 gigas, chamadas a móbiles e fixos da comunidade autónoma ata cincocentos minutos/mes, e chamadas ás extensións curtas corporativas sen custo e sen computar nesas cincocentos minutos.

A mellora retributiva ofrecida complétase con outras melloras e compromisos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...que a Administración —e vou rematando— adquire en beneficio do colectivo. Por un lado, ofrécese a posibilidade de

que nas quendas nocturnas non teñan que estar fisicamente senón localizados, así como un regulamento de funcións da nova escala de axentes técnicos en xestión ambiental.

Ben, xa despois na réplica concretareilles máis polo miúdo outras das accións que está levando a cabo, xa específicas, tamén a Consellería do Medio Rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Ben, señora conselleira, alegrámonos de que lle poñan deberes á Consellería de Facenda e Función Pública porque é importante. Porque cando un proceso destas características ten que ser compartido por catro consellerías —como estamos a falar—, sabemos que das catro consellerías unha vai pilotar o proceso de negociación, que vai ser a Dirección Xeral de Función Pública, e os empregados públicos saben como a Dirección Xeral de Función Pública pilota os procesos de negociación colectiva. E o exemplo que vivimos ou que viviron os máis de dous mil empregados públicos de Xustiza está aí. Entón, nese sentido, se a Consellería de Medio Rural, —como digo— en menor medida a de Medio Ambiente e a de Educación na parte que lle corresponde están encima precisamente de que Función Pública cumpra cos obxectivos da negociación, igual pode ser unha garantía, pero non as temos todas connosco vistas algunhas das experiencias. Porque falaba de que os procesos de mellora do salario base dos axentes forestais e medioambientais dependerían dos procesos de promoción, que á súa vez dependen dos procesos de formación. E son procesos que, unha vez que Educación consegue desenvolver eses currículos, ten que convocar e desenvolver Función Pública. E Función Pública —porque xa son moitos os procesos prometidos incluso legalmente en leis de medidas de promoción, de funcionarización e de consolidación— non está sendo capaz de levar adiante practicamente ningún. Entón, se nos fiamos a esas capacidades de xestión destes procesos, teñen que estar —nós, por suposto— na Consellería de Medio Rural moi vixiantes.

Pero, por unha parte, unha cousa é facilitar os procesos de ascenso ou de integración na nova escala, e outra cuestión distinta é levar adiante os acordos das condicións de traballo que regulan todas estas cuestións, e nalgunhas delas facía esta alusión, ¿non? E nese sentido a nós tamén nos preocupa unha cuestión que temos comentado tanto en materia de emerxencias como en materia de análise da política forestal e de xestión dos lumes forestais, como é precisamente a fragmentación dos servizos e dos operativos. Quero dicir con isto que para o Grupo Parlamentario Socialista —e supoño que para todos os grupos da Cámara— é fundamental levar adiante estes procesos, levalos a bo porto. Porque teremos que tratar —e o Goberno galego ten eu creo que a obriga— de reducir a fragmentación de operativos e de servizos que interveñen nos incendios forestais, dende as brigadas forestais aos bombeiros urbanos, aos grupos de emerxencia supramunicipais, ás brigadas municipais e mesmo á UME.

E, por certo, falando de operativos e de dispositivos facilitados, nós tamén lles insistiríamos nunha cuestión: que garantan unha correcta coordinación dos sistemas de comunicación

Tetra nos diferentes operativos que interveñen nos lumes. É unha cuestión tamén que podería pór entre paréntese porque habería que tratar dunha forma tamén sectorial sobre este punto.

Señora conselleira, o acordo de 2005, evidentemente, poden dicir que non estaba caducado, etc.; é unha formulación, é un aserto que fai a Dirección de Función Pública. Pero é certo que ese acordo de 2005 está absolutamente desfasado ou caducado dende o momento en que se constituíron as novas escalas.

Á parte de que hai que ter en conta outra cuestión, é dicir, que todo o dispositivo de incendios forestais, a función de dirección técnica dun incendio forestal non pode tampouco absorber toda a regulación de funcións e de condicións de traballo precisamente dos axentes forestais e medioambientais. Non hai que esquecerse precisamente de todas as funcións que teñen que desenvolver en materia de montes e de conservación da natureza.

Eu, por pórilles un exemplo dunha cuestión tamén fundamental, volvendo ás brigadas forestais, pídolle que nos dea unha resposta de que previsións teñen precisamente para dotar de postos de traballo e de investigación forestal os diferentes distritos. Porque sen saír da provincia de Ourense, onde das cincuenta mil hectáreas queimadas en outubro queimáronse vinte e dúas mil, nos distritos de Ourense, no distrito 11, non hai ningún axente de investigación; no distrito 12, unicamente un axente; no distrito 13, señora conselleira, un axente; no distrito 14, dous axentes, sen dedicación precisamente exclusiva á investigación; e no distrito 15, un axente, que comezara hai pouco. Non é anecdótico, é un compromiso fundamental que ten que ter o Goberno galego para levar adiante un bo traballo non só de prevención, non só de extinción, senón de investigación dos motivos dos incendios forestais, que está enmarcado en toda esta negociación e modificación das correspondentes relacións de postos de traballo para dotar, efectivamente, dos postos necesarios.

Hai determinadas cuestións ás que aludiu, esperamos que esas cuestións apuntadas non só no soldo base senón noutros complementos e noutras condicións de traballo cheguen ao porto que está anunciando, porque nese sentido son cuestións fundamentais determinadas homologacións do complemento específico coa progresividade en prazos de incorporación que se teña que facer coas escalas de gardacostas. É un tema fundamental, e saben perfectamente en Medio Rural, non sei se en Función Pública, que non son admisibles...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...os seis meses de traballo extraordinario. Ir ao modelo de tres máis un, tres meses o período crítico de verán máis un de dispoñibilidade, podería ser un punto de chegada. Hai que falar, evidentemente, do ascenso do complemento de destino. Teñen, por certo, un bo acordo asignado recentemente na Comunidade de Madrid; poden mirarse nese espello, non noutros espellos da Comunidade de Madrid.

E, en definitiva, señora conselleira...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...—e remato, señor presidente—, as escalas e os colectivos de axentes forestais e medioambientais non poden seguir ancorados nun modelo organizativo e funcional dos anos noventa precisamente ante unha problemática...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...medioambiental e de incendios forestais de nova xeración.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da interpelación, conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Créanme, señorías, que todo o que lles relatei vai ser un cumprimento. E en ningún momento rompemos negociacións nin diálogo, senón todo o contrario. Facémolo as distintas consellerías, coordinadas por unha —como debe ser—, pero seguiremos ata conseguir o mellor para os axentes, pero o normal para tamén o que é a sociedade en si.

Así que, por un lado, formación, e xa non fallamos, pois dispuxemos de catrocentos mil euros para darlles unha formación específica. Despois da formación ten que vir a promoción interna. Non puidemos ser capaces, porque non alcanzamos o 40 %. Agardemos que non sexa o 40 %, senón que o vindeiro ano con maiores facilidades e non só con formación presencial, senón tamén con formación á distancia, sexan quen todos de ter a titulación correspondente. E aí estará a exigencia —créame— para que se faga a promoción interna e que todos, ao final, estean na escala que se merecen.

Este goberno segue a estar comprometido cunha nova definición das condicións de traballo dos axentes. E, como xa manifestei anteriormente, estamos a manter de xeito continuo reunións, reunións nuns ámbitos e noutros ben dispares. Participaron representantes da Dirección Xeral de Función Pública e organizacións sindicais, con presenza, por suposto, da Consellería de Medio Rural. E nela avanzamos, e avanzamos non só en tres e un, senón que estabamos en seis meses e pasamos a catro meses, porque son catro meses onde agora vai estar contratado o persoal nun período de risco, que aínda que hoxe sae publicado que son tres meses, e, efectivamente, administrativamente é xullo, agosto e setembro, avanzamos nun mes máis. De maneira que o persoal da Xunta de Galicia contratado por tres meses estará catro meses, ao igual que tamén o estará o persoal que está contratado a través de Tragsa e Seaga. Co cal non tería moito sentido que faláramos a nivel de axentes medioambientais de tres máis un, cando en realidade xa estamos falando de catro, e, polo tanto, aquí falamos de catro máis un.

Ademais, insisto en que se propuxo incrementar as retribucións de produtividade a catrocentos corenta e oito euros ao mes e estudar un incremento dos niveis dos postos e/ou do

complemento específico. En conxunto, unhas melloras que poderían chegar a supoñer unha media de incremento de dous mil cincocentos euros por efectivo.

¿E por que facemos todo iso? Por un lado, porque hai compromiso do Goberno, porque sabemos da esencial función e do compromiso dos axentes medioambientais e o traballo que desenvolven en todo o territorio. E sabemos que están a defender lexitimamente ademais os seus intereses.

Non dubiden, polo tanto, de que dende este goberno non imos parar ata chegar a un acordo, ata chegar a negociar. E esforzaremos para que, ao final, tendamos a man e que eles traballen a gusto e a sociedade, ademais, que o perciba.

Para facilitarlles aínda máis formación, a Xunta de Galicia vai seguir proporcionándolles a necesaria para obter esa titulación. Pero, ademais de todo isto, quero facer constar que, á parte do 8,7 % do incremento entre o ano 2018 e o 2020, están os incrementos que agora mesmo estamos pactando.

E a isto hai que engadir que han de ter coches, han de ter EPI necesarios para desenvolver o seu traballo. E aí estamos facendo tamén un grande esforzo; foron 3,5 millóns de euros en vehículos para este colectivo este ano. E direilles que no día de mañá serán entregados aos axentes medioambientais un total de trinta e seis coches novos en propiedade, 4x4, e un total de cincocentas sesenta táblets para que poidan desenvolver de maneira eficaz o seu traballo. Ademais, tipo *renting*, pero sendo novos, por suposto, alugáronse oitenta e oito vehículos, tamén 4x4, e outros vinte máis tipo turismo.

Iso é orzamento, iso é dispoñibilidade que pon a Consellería de Medio Rural na man dos axentes medioambientais, porque sabemos do seu labor. Polo tanto, entendemos que temos que traballar en varios eidos: por un lado, que se lles recoñeza o seu traballo e, por outro lado, á parte do recoñecemento, que iso sexa un incremento da súa nómina e, ao mesmo tempo, que traballen con total seguridade. Polo tanto, poñer á súa disposición todo o posible, incluído os EPI.

E non se preocupe vostede, porque fallos poida que haxa en todos lados, pero a rede Tetra é unha das máis avanzadas a nivel Europa. E eu agardo que sexa totalmente efectiva para este período.

Motísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a información emitida pola CRTVG en relación coa manifestación cidadá levada a cabo o día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra da reapertura da mina nos concellos de Touro e do Pino**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Ángeles Cuña, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Cando queira.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde. Boa tarde, señor conselleiro.

Vimos falar aquí da manifestación contra a mina de Touro-O Pino e o seu tratamento na TVG. O 10 de xuño, hai dez días, a locución da nova no *Telexornal* durou catro minutos e dezoito segundos. Na manifestación histórica contra a herdanza envelenada, na manifestación contra a megaminería das grandes multinacionais coa febre do cobre, máis de trinta mil persoas, plataforma veciñal, PDR, máis de trinta concellos, máis de cento vinte organizacións, plataformas, colectivos e asociacións de toda Galicia, todas as forzas políticas e sindicais, na TVG ningunha imaxe multitudinaria. Temos dereitos, dereitos sobre os nosos recursos: a auga, a terra, os bosques. Non queremos chumbo, non queremos arsénico, non queremos metais pesados. Sabemos do que falamos. Non máis contaminación.

A TVG fai referencia á lei do Bipartito. A TVG non fala da Lei de depredación; bo exemplo do carácter cómplice e servil do seu partido. Fálase da mobilización previa en redes, da plataforma contra a mina, xunto á campaña da empresa a prol do proxecto. É a opinión da Xunta. A TVG non fala da empresa Atalaya Mining, marca local Cobre San Rafael; director executivo, Alberto Lavandeira, que vén da multinacional suíza Glencore. A televisión non di que Glencore acumula centos de denuncias por vulneración de dereitos humanos e asasinatos, mesmo de activistas, no Perú, as Filipinas, Colombia, o Congo e Zambia. A TVG non di que pretende aproveitarse da riqueza da nosa terra. Distintos fondos internacionais, cinco países con distintas porcentaxes: invisto douscentos millóns de euros e gaño dous mil millóns de euros. ¡Bo negocio!

¿Que di e que non di a TVG, señor Rueda? Estamos diante doutro caso de manipulación informativa, acrecentado coa supresión das desconexións locais e do *Diario Cultural* previstas para setembro. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos, está sen ser desenvolvida, incumpríndose, entre outros, a obriga de crear un consello de informativos da CRTVG.

Preguntámonos: ¿por que non se emitiron imaxes do conxunto da manifestación? ¿Considera acaído facer referencia a que a lei que regula a actividade mineira en Galiza é do Bipartito? ¿Considera acaído poñer ao mesmo nivel o vídeo da campaña crítica Camina xunto ao vídeo favorable ao proxecto impulsado pola propia empresa Cobre San Rafael? ¿Considera acaído colocar a opinión da Xunta e non dar voz...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...ás forzas políticas da oposición no Parlamento de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ¿Ata cando vai seguir amordazando a CRTVG? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, perdoe, é o tempo, ¡eh! (*Murmurios.*)

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señora Cuña, vostede está no seu grupo, e vostede mesma, por suposto, está no seu dereito, e eu na miña obriga de vir contestar este tipo de preguntas, que na miña opinión —e tamén estou no dereito a dicilo— é unha pequena obsesión sobre que non exista liberdade de información e de que se diga exactamente nos contidos dos medios públicos o que a vostede lle gustaría que se dixera, (*Murmurios.*) ditando exactamente o contido do que hai que dicir. (*Aplausos.*)

Esta pregunta —desde logo, non o interpreto así, e nesa clave vou contestar— non vai sobre a mina de Touro, vai sobre o seu convencemento de que a liberdade de expresión é algo moldeable á súa conveniencia política; non existe como tal, morre a liberdade de expresión. O que interesa é que se diga o que a min me gustaría que se dixera. E se non se dixo iso, non me gusta, e, polo tanto, que veña o Goberno explicar por que os profesionais dos medios de comunicación públicos non din o que a vostede lle gustaría que dixeran.

Isto é o contido da súa pregunta, isto é exactamente o que os levou no seu momento a traer aquí o Goberno a dar resposta a por que non se linchaba un profesional dos medios públicos porque escribira un artigo que a vostede non lle gustaba o que dicía, por que non intervimos para que se cambie unha programación, un avance de programación, que xa anuncia que a vostede non lle gusta como vai ser e, polo tanto, que o Goberno interveña na tele e que o cambie, e agora estamos discutindo o contido dunha información concreta que a vostede non lle gustaría. E xa nos dixo aquí exactamente como tiña que ser, e que tiña que ser exactamente así.

Aquí discútese a duración, a orde... Por certo, a primeira noticia vostede di na súa pregunta, foi a crise sucesoria do PP. Claro se a Televisión de Galicia non falara da crise sucesoria do PP, ao mellor estaba aquí respondendo por que a Televisión de Galicia non lle deu importancia á crise sucesoria do PP. A pregunta foi a primeira, pero non lle gustou a orde tampouco. Probablemente tampouco lle gustaría aínda que fora ao contrario. Discutimos as imaxes, discutimos os contidos, discutímolos absolutamente todo. Este é o seu modelo de información.

Voulle responder por terceira vez, e se seguen con esta obsesión eu seguirei coa verdade, que é que os profesionais dos medios públicos teñen liberdade para facer (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) o seu traballo, señora Cuña, señores das mareas de Podemos.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Lago, silencio. Señor Lago, chámoo á orde. (*Murmurios.*)



Chámoo á orde, señor Lago.

¡Silencio!

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Comprendo que se poñan moi nerviosos porque non lles guste escoitar que hai liberdade de expresión para que os profesionais fagan exactamente o que teñen que facer. Esta é a verdade. Claro, vostedes veñen dun partido —xa llelo dixen nas outras dúas respostas, teño que dicírllelo outra vez— que dixo cando se falaba de formar goberno en España: vostedes collan o Ministerio de Hacienda, collan Turismo, a min déixenme os telediarios, para moldealos, para dicir o que teñan que dicir e para ver se ideoloxizamos todo, e con iso facemos política. (*Murmurios.*) Iso é exactamente o seu modelo, señora Cuña, ese é exactamente o modelo das mareas de Podemos. Ese é o modelo de falta de respecto aos medios públicos da televisión...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor vicepresidente, terminou o seu tempo.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...e este goberno vai seguir por moito que vostede se obsesione con ese tema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Réplica, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Si, dous minutos, dous temas: un, a mina a Touro; dous, os medios.

Mina de Touro: Lavandeira, especulador, mentirán, sicario, con experiencia nas minas de Katanga, ex-presidente de Río Narcea —empresa titular dos dereitos de Corcoesto—, denunciado porque o aire arredor de Riotinto superaba en dez veces os niveis normais de arsénico. O demo tende ao inferno, efectivamente.

¿Como se comportan? Aparentan contribuír ao desenvolvemento. Estratexia do divide e vencerás, sobre todo entre a veciñanza. Ofertan algúns postos de traballo; non din cantos se poden perder e a que prezo. Din cero en contaminación; non o cren nin eles. Teñen as patas curtas como as mentiras que vostede di, pero marcharán correndo. Son depredadores, si, sen escrúpulos. Non limparán, o negocio é o negocio. Desprestixian para deter as mobilizacións. Son poucos e fan moito ruído, dicía o señor Lavandeira, ocultando o alto risco real. Hai informes. Nega que o río Ulla pertence á Rede Natura —¡alucinante!— de conservación da biodiversidade, que desemboca na ría de Arousa, principal banco marisqueiro de Europa. Mente tamén sobre o Camiño. Adoitan dotarse de aparellos políticos, económicos, avogados e medios, amparándose en leis e políticos amigos.

Esperemos que o señor Tahoces cumpra coa legalidade, e vostedes tamén. Esquecen o seu pobo e a súa terra. Silencian e ignoran os veciños e as veciñas de Touro e O Pino. Amosan o seu desprezo por toda a sociedade.

Con respecto aos medios que vostede di, modelos. Claro que temos modelos distintos, levamos desde que empezou a lexislatura pedindo un modelo de televisión pública plural, plural e transparente. Pero son os xornalistas e traballadores da CRTVG no seu cuarto venres negro, fartos e fartas da situación que viven, os que se manifestan exixindo a creación do consello de informativos. Por iso, se vostede escoitou ben...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña. Grazas, terminou o seu tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...denuncie a manipulación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña. Terminou o seu tempo...

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Perdón, o último, simplemente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, terminou o seu tempo, terminou.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** A el deixoulle tempo, teña a mesma vara de medir.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non lle deixei nada. Non, perdoe.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Teña a mesma vara de medir.

Vale...

**O señor PRESIDENTE:** No tempo si que non...

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...dimiten. Onte dimitiron porque... *(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, terminou, terminou. Terminou o seu tempo. Terminou o tempo, señora Cuña. Terminou.

Peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, non fai falta que se enfade tanto na súa pregunta, que entendín perfectamente de que vai; é tanto como dicir que eu estou lexitimado. Se cando se fala nos medios públicos e nos medios privados de que o señor Villares ten a enésima crise no seu partido, eu creo que lle dan pouca importancia, e teño que dicir que o movan na parrilla. E estaría lexitimado

porque na súa opinión subxectiva o Goberno pode facer o que queira cos medios públicos. (*Murmurios.*) Iso é o que farían vostedes se chegaran ao goberno. Como non me gusta o que din os telexornais, se eu estou no goberno, para iso estou aquí para explicar... (*A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señora Cuña, señora Cuña, ¡silencio!

Señora Cuña, silencio. Se non, téñoa que chamar á orde. ¡Silencio! (*Murmurios.*) Silencio. Non, está vostede interrompendo. Agora está el no uso da palabra. (*A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Silencio!, silencio, silencio. Non, non, xa falou vostede. ¡Silencio! (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Santos, non empece agora vostede, parece que está isto... (*Murmurios.*) É que a chamo á orde. (*Balbordo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non teño problema ningún, ¡eh! Ningún, ningún. Pero vostede non provoque, non provoque. ¡Non provoque, por favor!

Señor Rueda.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señora Cuña, ¿como que non lle respondo á súa pregunta? A súa pregunta é por que o Goberno cando non lle gusta o que din os medios públicos nos informativos non chama por teléfono e os cambia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a pregunta que vostede fai. ¿Por que non cambia a orde?, ¿por que non cambia as imaxes?, ¿por que non cambia os contidos?, ¿por que non cambia a duración? ¿Por que non fai exactamente as notas de prensa das Mareas de Podemos, que é o que nos está vostede dicindo, que terían que ter os informativos? ¿Sabe por que non o facemos? Porque cremos na liberdade dos medios de comunicación e nos profesionais. (*Murmurios.*)

Xa sei que a vostedes isto lles dá moita graza, a vostede, á señora Santos, que está sentada ao lado...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** A Asociación da Prensa de Madrid exige a Podemos — imos falar dos seus maiores, despois xa falamos de vostedes — que «*deje de una vez por todas la campaña estigmatizada de acoso personal que viene llevando a cabo contra profesionales de distintos medios, a los que amedrenta y amenaza cuando están en desacuerdo con sus informaciones*». (*Murmurios.*) Se ao final repiten comportamentos, repiten comportamentos. Non fai falta ir a Madrid...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Non fai falta ir a Madrid; vaíamos aquí, a Galicia, á mina de Touro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Silencio. Señor Cal, silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ¿Europa que?

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Non vou dicir o nome da deputada porque senta ao seu lado, porque o saben de sobra, pero esa deputada que senta ao seu lado, á súa esquerda: «*Ha reprochado a los medios de comunicación que cubrían la rueda de prensa que las preguntas abordasen la actualidad interna del partido instrumental y se desviasen del tema sobre el que ella había ido a contestar allí, la mina de Touro*». Estábanlle preguntando por algo que non lle gustaba. Polo tanto, estaban fallando os representantes dos medios de comunicación. Unha falla de respecto, igual que a que ten vostede cando me di que chame por teléfono para que se cambien os contidos. É exactamente o mesmo.

Axencia EFE: «*Tenso enfrentamiento con los periodistas. Durante el turno de preguntas, esta diputada se ha negado a responder a aquellas relacionadas con cuestiones de su partido y ha recriminado a los presentes*» —é dicir, profesionais dos medios de comunicación— «*que no la interpelasen por aquellos asuntos que motivaban la convocatoria*». É dicir, que non lle preguntasen exactamente o que ela quería para responder e que logo reflectisen exactamente o que vostedes querían. *(Murmurios.)*

Este é o seu modelo, señora Cuña, este é o modelo das Mareas de Podemos...,

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...este é o modelo de collan vostedes os ministerios e a min déixenme os telediaros. Este é o modelo que di unha vez máis *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que sorte teñen os galegos e as galegas e os profesionais dos medios de comunicación de que vostedes non gobernen e non fagan os informativos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente, terminou o seu tempo.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os servizos e liñas de axuda que se están a pór á disposición dos emprendedores para facilitar a creación ou a consolidación temperá de novas empresas**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Parlamentario Popular.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos, señorías.

Señor conselleiro, iniciar un negocio e emprender é moi diferente a xestionar unha empresa ou traballar para ela. Eu coñezoo de primeira man porque proveño dunha familia de emprendedores, e sei do compromiso e dos desafíos que conleva a decisión de abordar un proxecto empresarial que permita introducirse no mercado, ben sexa fabricando un produto ou prestando un servizo.

O Partido Popular presentouse ás eleccións do ano 2016 cun programa electoral que contaba con importantes medidas de apoio enfocadas aos mozos e ás mozas con vocación empresarial. Un programa electoral con propostas que deran a resposta axeitada aos novos empresarios que teñen a vocación de explorar novas liñas de negocio, especialmente no eido industrial e tamén no rural. O Grupo Popular segue comprometido coa filosofía detallada no noso programa electoral.

Señor conselleiro, atrás quedaron os anos nos que a noticia diaria era a destrución de emprego; a noticia era a destrución de mil cincocentos empregos diarios en España; a noticia era o peche continuo de empresas e de microempresas de autónomos; a noticia era que outra vez volvía gobernar o Partido Socialista en España; e a noticia era, señorías, o batemento de todos os récords de destrución de emprego de toda a historia do noso país. Hoxe, a noticia volve ser que o Partido Socialista volve gobernar España, pero tras un goberno do Partido Popular que conseguiu dar a volta a todos eses datos desastrosos, provocando que a noticia hoxe sexa que se crean mil setecentos postos de traballo diarios no noso país. Éxito, señorías, acadado principalmente grazas a unha ambiciosa reforma laboral, exemplo para outros moitos países europeos e deostada polo Partido Socialista naquel momento, pero que agora só sufrirá retoques cosméticos co novo Goberno socialista do señor Pedro Sánchez.

En Galicia, señor conselleiro, os datos son aínda mellores, sendo a comunidade na que máis descende o paro de forma continuada nos últimos anos, ademais de ser líderes en exportacións, o que é síntoma do bo músculo do tecido empresarial galego.

Señor conselleiro, todos sabemos que estes bos resultados se conseguen grazas ao apoio deste goberno a un sector industrial galego, e especialmente aos creadores de novas empresas, como son os emprendedores. Ese apoio non vale só con palabras, demóstrase con financiamento e con ordes de axuda. Cada vez son máis as empresas que deciden montar o seu negocio en Galicia, sobre todo polas posibilidades que dende o Goberno se ofrecen nesta comunidade.

Por todo isto, preguntolle, señor conselleiro: ¿cales son as axudas que se poñen á disposición dos emprendedores para facilitar a creación de novas empresas ou para a consolidación temperá de novas empresas na nosa comunidade?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, eu agradézolle a oportunidade precisamente para abordar nesta cámara a situación da política industrial, da política de emprendemento do Goberno e, polo tanto, de forma directa cal é a incidencia que pode ter na creación de emprego e na creación de emprego de calidade. Porque unha política industrial e unha política de emprendemento sólida é precisamente unha fonte de creación de riqueza e, sobre todo, de creación de emprego e emprego de calidade.

Efectivamente, o Goberno está a traballar nun impulso ao emprendemento, nun cambio na cultura do emprendemento, para dalgunha forma dar unha resposta ás necesidades da nova economía; unha economía fundamentada e baseada no talento, na creatividade, na innovación, e, polo tanto, en como se poden levar ao mercado produtos distintos e como se poden impulsar novos procesos que permitan unha mellora da competitividade.

Iso significa apoiar o emprendemento, apoiar a innovación e, polo tanto, traballar para que ningún proxecto novidoso, ningún proxecto viable quede niso, nun proxecto, e que, polo tanto, o poidamos levar ao mercado. E para levalo ao mercado precísanse políticas de apoio, políticas tamén de financiamento. E iso é precisamente no que estamos a traballar, nun apoio aos proxectos de emprendemento, sobre todo, a través desa xeración dunha nova cultura, traballando cos proxectos nos espazos de *coworking*, nas aceleradoras, nas incubadoras que estamos desenvolvendo en colaboración con diferentes institucións.

Podemos falar da colaboración a través da Escola de Organización Industrial, onde temos oito iniciativas que nos están permitindo levar ao medio rural e aos concellos máis pequenos estas iniciativas de emprendemento. Tamén esa colaboración coa Zona Franca de Vigo, no desenvolvemento da Business Factory Auto, que está permitindo promover unha nova xeración de empresas de automoción. Podemos falar tamén do sector TIC, coa colaboración con Telefónica, a través do Galicia Open Future, e de Vodafone, co Connecting for Good. Ou ben a incubadora de novos fármacos en colaboración con Kaertor e Janssen.

En definitiva, son seiscentos proxectos os que apoiamos e que están a permitir o desenvolvemento de novos empregos, en concreto mil empregos.

Tamén estamos desenvolvendo apoio ao financiamento, sobre todo capital-risco. Somos a terceira comunidade con maior número de operacións. E outros programas como o Galicia

Mil, onde temos apoiados tres mil cen proxectos para mobilizar 500 millóns de euros nas novas iniciativas que se poden impulsar nos próximos anos. E ese programa Galicia Emprende, que na vindeira edición vai mobilizar 11 millóns de euros ao impulsar oitenta proxectos.

En definitiva, un apoio ao novo ecosistema de emprendemento e innovación, apostando e poñendo en recursos as novas oportunidades e, sobre todo, as repostas dos proxectos dos novos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro...

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...empresarios e dos innovadores. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o tempo. Grazas.

Réplica, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.

Está claro que para este goberno e para o Grupo Popular o sector industrial é clave. Sabemos que é fundamental sentar as bases e xerar o clima ou as condicións perfectas para conseguir atraer tecido empresarial.

Para o Partido Popular todas as iniciativas empresariais son benvidas e a todas se lles concede, como non pode ser doutra maneira, como a lei indica, a oportunidade de presentar o seu proxecto e, se é viable, con todas as garantías que a lei permite, de que poida iniciar a súa actividade. Isto é o que fai un grupo, un goberno e un partido responsable, e non o que fan o resto dos señores da oposición. Porque como xa saberá, señor conselleiro, o máis importante para as señorías da oposición é conseguir que non se implante ningún tipo de iniciativa empresarial en Galicia.

Señor conselleiro, os señores do BNG e das mareas de Podemos teñen dous obxectivos fundamentais no ámbito empresarial: obxectivo 1, pechar empresas existentes; obxectivo 2, impedir que se abra algunha nova. *(Murmurios.)* Iniciativas súas, señor conselleiro...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...son que se pechen as centrais térmicas, que non se monte ningún parque eólico na nosa comunidade... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...que empresas tractoras da nosa comunidade como PSA-Citroën non poidan medrar..., *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Lago, silencio.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...que se peche Ence, que se peche Elnosa...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Isto, señor conselleiro, é o que escoitamos a diario neste parlamento. Porque, señor conselleiro, non queren o crecemento económico de Galicia, porque canto peor lle vai a Galicia, pensan eles que mellor lles irá a eles.

O pasado ano aprobamos unha importante lei, a Lei de implantación empresarial, con medidas clave para que o tecido industrial da nosa comunidade poida medrar. E, como non podía ser doutra maneira, os concellos teñen que ser pezas chave para a atracción de empresas ao seu territorio. O meu concello, o concello industrial da provincia de Ourense por antonomasia, non dubidou en adherirse a esta iniciativa. Por iso nesta quenda de réplica, señor conselleiro, pídolle que nos indique a reposta a esta iniciativa, a iniciativa Concellos Doing Business, do resto dos concellos de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Peche, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, efectivamente, cando falamos de emprendemento e falamos de innovación temos que falar dun cambio de cultura, de novas iniciativas para apoiar este tipo de proxectos, pero esas axudas a esa política de financiamento teñen que ir acompañadas necesariamente tamén das maiores facilidades dende o punto de vista administrativo. Polo tanto, as administracións, tanto da Xunta de Galicia como os propios concellos, temos que traballar conxuntamente para dar as maiores facilidades posibles; facilidades administrativas, facilidades fiscais e facilidades do acceso ao solo empresarial.

E a Lei de implantación empresarial, que se aprobou por parte deste goberno a finais do ano 2017, veu acompañada dun acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias precisamente para facilitar que os concellos que están comprometidos coa industria e que apoian o desenvolvemento industrial poidan establecer unha alianza coa Xunta de Galicia para dotar dunha maior axilidade administrativa e, sobre todo, para dotar de incentivos fiscais o desenvolvemento industrial de Galicia.

Os concellos, polo tanto, convértense nunha peza clave para poder ofrecer máis oportunidades ao investimento empresarial. E os concellos galegos teñen esa oportunidade a través do convenio do Doing Business que a Xunta de Galicia ten asinado coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Nestes momentos, señorías, por darlles o dato concreto, son cento vinte



e oito os concellos galegos que están interesados no selo do Concello Emprendedor; un selo de Concello Emprendedor que establece bonificacións fiscais ata o 95 % nos impostos locais e que tamén establece un maior acceso ao solo industrial. Ese é o espírito que nos ten que mover ás administracións na simplificación administrativa e nas reducións da fiscalidade.

Sen embargo, hai outro dato importante, sobre todo para trasladar a esta cámara, e é que tres de cada catro concellos emprendedores están gobernados polo Partido Popular. Iso quere dicir, señorías, que ten que haber un compromiso por parte de todos os grupos políticos para comprometerse coa industria, porque non colaborar co desenvolvemento industrial simplemente deslexitima calquera grupo político que queira falar de emprego e de emprego de calidade. Hai un acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para facilitar o desenvolvemento industrial. E eu aproveito esta oportunidade para facer este chamamento a todos os grupos políticos e a todos os concellos para que se sumen a este acordo. E, polo tanto, dende a colaboración institucional deámoslles as maiores posibilidades posibles para desenvolver a industria no noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas sociais manifestadas na mobilización do día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela reclamando a denegación do proxecto mineiro para a extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, o pasado día 10 a praza do Obradoiro quedou pequena para acoller os milleiros de persoas que erguendo a súa voz reclamaban o dereito á vida para eles e para os fillos dos fillos dos seus fillos. Unha porcentaxe elevada desa xente que ve moi de cerca a ameaza do proxecto de megaminería asistía por primeira vez a unha manifestación; víaselles nos rostros e na decisión dos seus ollos. Xentes das ribeiras da conca do Ulla e de territorios cercanos, xentes sinxelas que non saen manifestarse facilmente. Porque na súa balanza pesa máis a sostibilidade do territorio que vai de Touro a Aguiño ca o millonario negocio dunha empresa espoliadora que non vai xerar riqueza, diga o que diga a propaganda.

E toda esa xente que ve ameazado o presente e o futuro dos seus quere saber, pregúntase dez días despois se vostedes e o seu goberno tomaron nota e se pensan facer algo a favor das súas vidas e facendas. Porque esa xente é consciente de que non chega coas leis, que ten que llelo dicir con berros para que non se torzan. Porque esa xente xa sabe que vostedes non son de fiar. Sabe que levan meses agochando información vital sobre a mina. Coñece xa que nos últimos dez anos, dos trinta e pico que leva parada a mina, houbo analíticas e que as augas non son de fiar, nin as subterráneas nin as superficiais. Tampouco

son de fiar vostedes, que gobernando non quixeron ver o que alí había, porque o que lles asusta, o que lles fai erguer a voz e chantarlles cara é a consciencia de que vostedes, sabendo do que aí se agochaba, non moveron un dedo na súa defensa, nin un apercibimento á empresa, nin un aviso. Nada, nada, viraron a cara para o outro lado desprezando a vida e a saúde da poboación afectada. Faltaron ao seu deber, teñen a concesión do goberno en período de caducidade. Esa xente sábeo, e sábeo ben, porque os informes sectoriais son claros, e as ameazas habidas e facendas tamén. Están en perigo milleiros de postos de traballo, desde as explotacións leiteiras das terras altas ata os cultivos mariños da ría, e tamén as augas potables de máis dunha ducia de concellos que beben do Ulla. É a saúde do territorio.

Por iso, non é serio falar dos postos de traballo cando os intereses financeiros abren a boca para disfrazar a realidade crúa. E estas xentes agora, sabendo que hai, reclaman máis. Reclaman a restauración do espazo abandonado polos mineiros e logo polos que aproveitaron para almacenar toneladas e toneladas de residuos tóxicos, sen control, ¡sen control!

Por iso, o domingo día 10 de xuño, viñeron a Compostela, e desde o Obradoiro fixéronlle a pregunta que vostede debería contestar hoxe: ¿van atender o clamor social manifestado na mobilización do pasado domingo día 10, reclamando a denegación do proxecto mineiro de Touro-O Pino? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señor Rivas, é que eu pensaba e confiaba no seu rigor, no seu rigor habitual, (*Murmurios.*) pero vexo que lamentablemente se está contaxiando do discurso irresponsable dos seus compañeiros, e lamento que traia esa irresponsabilidade a un tema tan serio como a mina de Touro.

E dígolle isto porque o que non é serio, señor Rivas, é pretender dende a súa posición neste parlamento xerar alarma social, e tampouco é serio vir trasladar unha serie de acusacións e de desinformacións sobre o proxecto do que estamos a falar.

E dígolle isto dende o máis absoluto respecto, pero trasladándolle con toda a contundencia que as súas premisas son sinxelamente incertas e que non se basean en información obxectiva, e que ademais vostede —e trasládollo con todo o respecto— fala de agochar información. Vostede mesmo ten solicitado a este goberno información sobre a mina de Touro, e vostede non foi consultala. É curioso que pida información e que non a consulte. (*Murmurios.*) Iso mesmo está pasando con outras asociacións, que tamén solicitan información pero non a van consultar. ¡Curiosa esa forma de trasladar aquí información fidedigna! Iso si: xerar alarma social, desinformar e simplemente traer aquí premisas incertas.

En primeiro lugar, señor Rivas, as analíticas de Augas de Galicia descartan calquera tipo de afección do Ulla derivada da explotación mineira. Absolutamente ese é o dato. Polo tanto, calquera outra cousa é simplemente pretender confundir de forma gratuíta a cidadanía sobre este tema.

En segundo lugar, a Xunta de Galicia claro que toma nota das sensibilidades sociais. Pero vostede, no uso da súa condición de parlamentario, sabe que o primeiro que ten que facer calquera goberno responsable é sinxelamente cumprir coa lei. E a súa preocupación debería ser precisamente que este goberno cumpra coa lei, que é o que está a facer, cumprir coa lei, ademais a lei que vostedes mesmos aprobaron. E sabe que non se aprobará o proxecto se non hai os informes favorables e se non hai unha declaración de impacto ambiental favorable. Sábeo porque o di a lei, e este goberno vai cumprir a lei.

O Bloque Nacionalista Galego ten antecedentes claramente dunha posición contra a minería. Vostedes cambiaron a súa posición, non sabemos por que. Eu o único que lle traslado é que o que lle pediría é que simplemente se someta á verdade, que traia aquí información veraz e que, dende logo, se quere calquera tipo de información sobre os aspectos técnicos, eu pódolla trasladar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

**O señor RUÍZ RIVAS:** Señor conselleiro, eu sei que non temos certificado de boa conduta moral e relixiosa como se estilaba antes (*Aplausos.*), pero voulle dicir algo de verdade con toda cordialidade: a súa falsidade hoxe rebasou os límites posibles. Porque vostede negoume información sobre a mina, ¡negouma! (*Aplausos.*) E soamente ma facilitou hai un par de meses, mandándome unha cartiña dicindo que, bueno, que fose por alí co carné na boca, para consultar todo o volume de información que vostedes foron acumulando para colapsarnos. Non, non somos idiotas, non somos idiotas. E ultimamente mandoume en dous cedés; ultimamente, hai quince días escasos. Por tanto, eu non podo estar informado, señor conselleiro, se vostede oculta información. E ocúltaa á mantenta. Igual que pechan a televisión e a radio para que non se saiba. ¡Vostedes ocultan información! (*Aplausos.*) ¡Vostedes son a mordaza deste país!

E voulle dicir máis: en canto á responsabilidade dun goberno, a responsabilidade dun goberno —e dígollo por enésima vez— é coidar dos seus administrados, e aquí os intereses de postos de traballo están na xente que vai sufrir a megaminería. Pásese vostede por alí, dea unha volta polo territorio da mina clandestinamente, que é como se ve; vaia vostede por alí, cheire, vexa e despois opine. E virá asustado e cambiará de opinión, como cambia calquera que vai por alí.

E dígolle máis: mire vostede para as torres da catedral de Santiago e vexa o volume que vai ter ese muro, que vai ter cento vinte e seis hectáreas de balsa de estériles, que están ameaa-

zando todo o territorio da cunca da Ulla. E non lle digo nada máis, porque dicirlle máis creo que é —e perdóeme a palabra— idiota, porque vostedes non abren os oídos; vostedes están... Ía dicir como aqueles... Non digo. Descúlpeme. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Peche da pregunta, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, queda constatado que efectivamente non teñen ningún tipo de interese na información (*Murmurios.*) (*Risos.*) sobre a mina, queda constatado que efectivamente este goberno está poñendo á disposición de todos os cidadáns, e vostede é loxicamente un deputado que ten dereito a toda a información igual que o resto de cidadáns, e tanto os cidadáns como vostede teñen acceso a esa información. Polo tanto, este goberno está actuando con total transparencia, dotando e trasladando toda a información a través dos seus servizos da Xefatura Territorial.

E eu o que lamento é que vostedes cando falan da minería, fano simplemente dende a ideoloxía, e así é moi difícil falar seriamente. Porque a súa ideoloxía simplemente é unha ideoloxía que está en contra da minería. E iso ten loxicamente todo o respecto. E deberían explicarllo seguramente ás trescentas empresas, na súa maioría pequenas e medianas empresas con sede nesta comunidade, aos cinco mil postos de traballo directos e indirectos por que vostedes están en contra da minería. Seguramente, por esa concepción ideolóxica, que curiosamente mudaron. Porque cando estaban no goberno estaban a favor da minería, aprobaron unha lei, aprobaron cen proxectos de explotación, aprobaron proxectos de investigación, e estaban a favor. Agora resulta que están na oposición, mudan e a súa ideoloxía recórdalles que teñen que estar en contra da minería.

Mire, señoría, a Xunta de Galicia non está promovendo ningún proxecto. A Xunta de Galicia o único que está a facer é tramitar unha solicitude, que conforme a lei lle daremos ese trámite e actuaremos con total transparencia, e en todo momento responderemos a esa solicitude conforme a lei. Polo tanto, ese proxecto terá que cumprir todos os requirimentos que se poidan marcar polos informes sectoriais sobre a declaración de impacto ambiental, e se non cumpre non se aprobará. Non teña a máis mínima dúbida.

Mentres tanto, creo que o Bloque Nacionalista Galego ten que deixar de facer ideoloxía neste parlamento e remitirse ao cumprimento da lei, (*Murmurios.*) e seguramente informarse a través da propia información que lle traslada esta consellería, e non vir aquí simplemente xerar alarma social. Porque iso os galegos non llelo agradecerán e non llelo recoñecerán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de don Antón Sánchez, que non está.

Perdón, desculpe. Hoxe é un día complexo e acábome de trabucar, porque estas preguntas están aprazadas. Levo un día malo, é normal, non podemos ter un día malo. Vostedes sabrán que non foi un día bo para o presidente, non foi un pleno bo. Entón, levo un día malo. E iso pódelle pasar a calquera. Equivoqueime. Pido desculpas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdoblamento e conversión do corredor Nadela-Sarria en autovía**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señora conselleira, un dos avances máis significativos na pasada lexislatura en materia de mellora das infraestruturas viarias na provincia de Lugo foi a posta en servizo do corredor que une a capital coas localidades de Sarria e Monforte, xa que a nova vía de altas prestacións contribuíu a vertebrar e comunicar o sur da provincia de Lugo; unha vella reivindicación desde distintos sectores da sociedade, tanto da capital da provincia como das localidades do sur da mesma.

O proxecto, deseñado polo Goberno galego, prevía as condicións técnicas e estruturais para seguir avanzando neste obxectivo, e máis en concreto para converter o actual corredor nunha autovía. O Partido Popular liderou a proposta para activar a conversión en autovía deste corredor, establecendo como prioridade iniciar este proceso de desdoblamento nunha lonxitude de 11,5 quilómetros entre o enlace da Sarria-centro e a rotonda O Páramo-A Pobra de San Xiao. A Xunta acordou iniciar as obras por este tramo por ser un dos que soporta unha maior intensidade de tráfico (unha media de 6.600 vehículos diarios) e presentar ademais un nivel de servizo máis baixo polas menores posibilidades de adiantamento. Recentemente, a Axencia Galega de Infraestruturas, organismo dependente da Xunta, adxudicou por 170.610 euros a redacción do proxecto construtivo para acometer esta obra.

O Goberno galego segue, deste xeito, apostando por infraestruturas eficientes e sustentables, deseñadas pensando nas persoas e no mellor servizo aos usuarios das vías. A Xunta aposta por comunicacións que reforcen a competitividade do territorio e melloren a vida dos galegos e que sirvan de pulo para apoiar os motores da recuperación e do emprego, incrementando as oportunidades de cohesión social e territorial.

A maior parte do tráfico que usaba a estrada LU-546 foi absorbido por este corredor. A súa conversión en autovía é, ademais, unha vella demanda de toda a comarca. Dende o Grupo Popular, señora conselleira, gustaríanos que nos respostase sobre que previsións manexa o Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdoblamento e conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo que a aposta polo reequilibrio territorial e pola vertebración interior de Galicia ten sido unha constante nos últimos anos dende a Xunta de Galicia en materia de infraestruturas, que se ten traducido noutras cuestións, como o impulso importante en infraestruturas viarias de novo trazado para comunicar o interior e —como dicía— para a cohesión interior de Galicia e para máis oportunidades.

E unha desas infraestruturas clave en Galicia é a vía de altas prestacións de entre Sarria e Monforte. En novembro de 2015 culminamos ese corredor, construído por treitos: en outubro de 2012, en servizo Sarria-O Inicio; Bóveda-Monforte, en servizo en outubro de 2015; e tamén abrimos ao tráfico, en novembro de 2015, ese treito O Inicio-Bóveda.

É un fito importante a posta en servizo desta vía de altas prestacións para a mellora da mobilidade e para a mellora da vertebración do interior de Galicia, e tamén, sobre todo, o reforzo da seguridade viaria entre Lugo e a capital de Lemos, que quedan conectadas en 45 minutos.

Dende logo, sen dúbida, como mostra do empeño por dotar de máis e mellores infraestruturas o interior de Galicia, este é un exemplo; un grande esforzo, pois en plena crise económica —insisto— foron 135 millóns de euros os destinados a estes tres treitos para poñelos en servizo dende a Xunta de Galicia. Foi un paso decisivo para mellorar a seguridade viaria, para mellorar as comunicacións. E continuamos traballando para incrementar, sobre todo, a funcionalidade desta vía de altas prestacións.

E por iso a principios do ano 2017 licitamos a redacción dese proxecto de trazado, esa redacción de impacto ambiental e ese proxecto construtivo dunha primeira fase, a primeira fase do desdoblamento da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito entre o enlace na Pobra de San Xiao e Sarria-centro; unha conversión en autovía que estaba planificada dende o inicio da actuación. A posta en marcha deste treito está realmente moi xustificada tecnicamente, principalmente polo incremento do tráfico. Se o comparamos coa media de incremento de tráfico de Galicia, o incremento das vías da rede autonómica foi dun 2 % e este treito nos últimos dous anos incrementouse un 10 %. Por iso decidimos iniciar o desdoblamento nestes 11,5 quilómetros prioritarios entre A Pobra de San Xiao e Sarria-centro, no que temos detectado que é o máis prioritario en canto á orografía e pendentes pronunciadas, que diminúen dende logo considerablemente as posibilidades de adiantamento, e, polo tanto, competitivo en canto a tempos de percorrido.

¿Isto que nos fixo? Pois priorizar, avanzar nos trámites administrativos deste desdoblamento desta vía de altas prestacións, importante para vertebrar o interior de Galicia. E por iso a principios deste mes de xuño iniciamos un procedemento de información pública, no que todos os interesados poderán facer as súas achegas.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, señora conselleira, polas explicacións e por transmitirnos de maneira tan clara e tan precisa a aposta que está facendo o Goberno galego polo reequilibrio territorial e pola vertebración interior de Galicia.

Para a provincia de Lugo, e máis concretamente para a zona sur da provincia, son moi boas novas isto que nos acaba de transmitir. Estamos vendo concrecións, execucións e cumprimento de promesas. Seguimos a ver a traxectoria do Goberno do Partido Popular, que, como tantas veces di o noso presidente, o Goberno do PP fala facendo, e non, como estamos acostumados a escoitar moitas veces da oposición, dicindo que este goberno fai publicidade e propaganda. Esta resposta demostra que o movemento se fai camiñando.

Señora conselleira, agradézolle persoalmente de antemán, como deputada da provincia de Lugo, o esforzo que está facendo a súa Consellería por mellorar a rede viaria na nosa provincia.

Por outra banda, sei que está a facer o mesmo en toda a comunidade galega. Pero gustaríanos que nos concretase —se isto é posible— os prazos que manexan dende a Consellería que vostede dirixe, de maneira tan eficaz, para a realización deste desdoblamento e poder converter este treito do que estamos a falar, que é tan complicado, en autovía, tendo en conta que —como vostede nos di— é unha obra que non está exenta de dificultades, xa que estamos en Galicia, onde a orografía é complexa —que tamén vostede o dixo na súa intervención—, e existen ademais varios enlaces de comunicación e de poboacións neste treito que vai desde A Pobra de San Xiao a Sarria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Peche desta pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señora Amigo, pois o último paso que temos dado —como dixen— foi o pasado 4 de xuño, a información pública do proxecto de trazado para o desdoblamento da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito priorizado A Pobra de San Xiao-Sarria-centro; unha información pública tamén que é precisa para efectos expropiatorios e tamén avanzando, polo tanto, en materia expropiatoria; e tamén, de forma simultánea, para avanzar trámites administrativos, estamos a tramitar a declaración de impacto ambiental.

Como dicía, é unha infraestrutura cuxo desdobramento está planificado dende o principio. E, polo tanto, durante a construción xa quedaron preparados os desmontes, as estruturas, para que fora máis sinxelo e máis factible, máis viable o desdobramento desta vía de altas prestacións.

A duplicación da calzada, polo tanto, será máis sinxela. A duplicación da calzada será pola marxe esquerda en sentido Sarria; proxecto que prevé adaptacións nos enlaces existentes, que saben que son tres: A Pobra de San Xiao, Sarria-norte e Sarria-centro. Prolongados os seis pasos inferiores, os pasos de fauna de enlace transversal, os pasos superiores non é necesario amplialos, porque xa están ampliados dende o inicio da construción do corredor.

Unha conversión en autovía que suporá un investimento por parte da Xunta de Galicia de 23 millóns de euros —datos estimativos e aproximados co proxecto de trazado e redactado—. Polo tanto, 23 millóns de euros para mellorar a seguridade viaria nesta zona, separando fisicamente os sentidos de circulación, eliminando os adiantamentos invadindo o carril contrario e aumentando os espazos para vehículos avariados. E, polo tanto, 23 millóns de euros para mellorar a funcionalidade desta estrada e tamén a mellora do servizo, 23 millóns de euros para diminuír o tempo de percorrido entre Lugo e Sarria e incrementar a capacidade e, polo tanto, tamén a comodidade aos condutores.

Nestes momentos temos a información pública o proxecto —como dicía—, que remata o 13 de xullo. Agardamos as achegas. Unha vez analicemos as achegas, estimamos aprobar ese proxecto de trazado este mesmo verán, co obxectivo seguinte de redactar o proxecto construtivo e contar co proxecto construtivo e tamén aprobalo no primeiro semestre de 2019, e, polo tanto, estar en disposición de avanzar nesa obra.

Un novo pulo, polo tanto, en infraestruturas esenciais para o equilibrio territorial, con enormes esforzos dende o ano 2009. Porque fomos un goberno no que dende o ano 2009 se puxeron en servizo douscentos quilómetros de vías de altas prestacións, en plena crise económica, sen unha soa peaxe.

Polo tanto, seguimos avanzando para a mellora da funcionalidade e as vías de altas prestacións, no Morrazo, en Brión-Noia, tamén na contorna da autovía da Costa da Morte e, por suposto, en Sarria-Monforte.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o posible ofrecemento pola Xunta de Galicia ao Concello de Ourense dalgunha alternativa para que se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.



Moi boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, dende hai vinte e dous anos celébrase en Ourense o Festival Internacional de Cine. Organízao o Concello, pero é certo que a Xunta de Galicia nestes últimos anos, en todos os anos, ten colaborado de maneira económica de xeito institucional. Este evento era, ou é —non o sabemos moi ben aínda—, moi prestixioso dentro da nosa Comunidade Autónoma e fóra tamén, e principalmente porque é un referente do cine iberoamericano independente e tamén do cinema lusófono.

En maio deste ano coñeciamos —non a través do Concello senón do equipo que organizaba este festival— que o festival se atopaba ao bordo do abismo; isto ocorría a cinco meses de que se tivera que celebrar. Dicían dende o Concello —ou din— que a culpa é desa Lei de contratos que se aprobou en novembro e que tivo catro meses —e isto queroo resaltar— ata a súa entrada en vigor, en marzo de 2018, para que todo o mundo se puxera ao día neste tema.

As vías para intentar solucionalo foron moitas —parece ser—. Nun primeiro momento á concelleira de Cultura ocorréuselle que había que convocar un concurso; isto fíxoo cando o alcalde de Ourense estaba en China; o alcalde volveu de China e o alcalde dixo que non se podía convocar o concurso, que non daba tempo e que non ía ser viable. Despois ocorréuselle que podía haber unha colaboración da Deputación, da que ata agora mesmo non sabemos absolutamente nada. O que se veñen dando nestas últimas semanas son tombos a base de ocorrencias que saen da Alcaldía por unha improvisación e unha nefasta xestión. A xestión é tan mala que ata os propios profesionais, tanto o director artístico como a produtora executiva, dimitiron esta mesma semana; dúas persoas que teñen feito —e queroo dicir dende aquí, en nome do Grupo Socialista— un grandísimo traballo e que teñen todo o noso recoñecemento, persoas que, igual que os presentadores da TVG —aínda que por diferentes motivos—, dimitiron pola súa profesionalidade e pola dignidade que teñen.

Estas persoas estiveron traballando, supostamente, durante todos estes meses sen ningún tipo de contrato, e ese é o motivo polo que o Grupo Socialista no Concello de Ourense impulsou unha comisión de investigación. O máis seguro á data de hoxe é que este festival non se poida celebrar. Este é un durísimo varapao para todo o sector audiovisual da nosa Comunidade Autónoma para promocionar o cinema feito en Galicia —que, como sabe, está desafiuzado das salas de cine—, éo tamén para ser un punto de encontro e éo tamén para unha cidade cunha xa reducida oferta cultural e tamén para que aqueles que nos visitan sexan embaixadores do patrimonio tamén cultural que ten a cidade e a provincia.

Non soubemos nada de vostede en todo este tempo e queremos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...saber se vai facer algo ao respecto. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Blanco, a verdade é que vostede me pregunta se vou facer algo ao respecto sobre unha cuestión puramente técnica e administrativa, como vostede puxo de manifesto. E a verdade é que ás veces resulta complicado explicar o evidente. E o que está pasando neste caso con este festival e con este proceso de contratación é absolutamente evidente. Eu entendo que vostede, igual ca min, é dicir, o seu grupo, igual que neste caso o Goberno da Xunta —igual que o goberno da cidade de Ourense—, vai cumprir ou ten que cumprir a normativa vixente en materia de contratación pública. Supoño que iso será un punto no cal estemos de acordo.

E do que estamos a falar basicamente é da necesidade de modificar un proceso de contratación para organizar este certame. ¿Por que? (*Prodúcense rúidos no son.*)

**O señor PRESIDENTE:** Hai algo aí que non vai ben.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Eu non fun.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Probamos a cambiar de escano, a ver? Vaia ao escano do lado, a ver.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Xa funciona outra vez, ¿non? Agora xa funciona ben outra vez.

Ben, pois dicía: ¿por que é necesario? —é como as vellas televisións: dáslles un golpe e funcionan—. ¿Por que hai que modificar este procedemento de contratación? Pois por unha razón bastante sinxela e bastante obvia: pola entrada en vigor o ano pasado dunha lei, a Lei de contratos do sector público, que, ao final, é traspoñer ao ordenamento xurídico español unhas directivas tanto do Parlamento Europeo como da Comisión. Entón, obviamente, hai que adaptarse á normativa de contratación. Téñeno que facer todas as administracións públicas, por suposto o Concello de Ourense tamén, e iso xa vemos que é o que está a facer o Concello de Ourense neste ámbito.

Este certame de cine, como vostede ben dixo, está organizado e xestionado polo Concello de Ourense e ten o apoio da Xunta para a súa celebración, sempre e cando se cumpra coa lexislación vixente, obviamente. E, basicamente, o Concello está adaptando os procedementos e, polo que se sabe, polo que temos coñecemento, hai unha vontade manifesta do Concello de sacar adiante este evento, este certame.

Obviamente, unha vez que ese certame estea en marcha, baixo o paraugas normativo vixente, vai ter a colaboración da Xunta, como a tivo sempre; sen ningún tipo de dúbida, vai ter o apoio da Xunta neste ámbito. De aquí que a cuestión, ao final, un pouco respondendo á súa pregunta, é dicir, ¿que se vai facer, que vai facer a Xunta? A Xunta vai apoiar o Concello

de Ourense como organizador deste evento. Quen ten a responsabilidade de contratar este evento, porque é un evento impulsado pola cidade dende hai moitísimos anos, é o propio Concello.

Co cal, a partir de aí, vostede pregúntame a min que vou facer respecto dunha decisión soberana doutra administración pública e eu entendo que vostede entenderá que non expropiemos a vontade do Concello de Ourense e que respectemos a súa autonomía. Porque tamén lle podo preguntar eu, retoricamente, politicamente, se vostede está a favor de que se celebre ou non o festival e de que se celebre ou non en base á normativa vixente. Eu entendo que a súa resposta é positiva, igual que vai ser positiva a nosa resposta neste campo. Co cal nós imos apoiar o Concello de Ourense, como fixemos sempre, e agardemos que poidan sacar adiante unha cuestión técnica...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...vencellada a un proceso de contratación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

«Feijóo promete máis apoio e implicación institucional co cine galego». Eu sei que vostede sabe cando se deu este titular, porque foi o presidente da Xunta de Galicia cando veu ao festival de cine. Agora vemos que días de moito, vésperas de nada.

Señor conselleiro, por certo, mire, en Ourense hai moitas cousas ou houbo ata agora que chegaron tarde dende Madrid, pero, que esta deputada e que este grupo saiba, o BOE está chegando sempre en tempo e forma. Co cal, cando se publicou esta lei, hai máis de seis meses —e hai máis de dous meses que entrou en vigor—, digo eu que alguén se percataría ou deba percatarse de que tiña que facer cambios nas contratacións. Hai unha improvisación —e vólvollo repetir— total e absoluta por parte do alcalde de Ourense, que non é máis que froito da súa mala xestión de todos estes anos e tamén neste tema.

Eu entendo que vostede o defenda; é o único alcalde do Partido Popular das sete grandes cidades galegas. ¡Madre mía, mi madriña querida!, se nos chega a pasar isto a algún alcalde ou alcaldesa noso. Entendo tamén que o defenda porque, á fin e ao cabo, é quen lle deu o relevo, porque hai que lembrar que o señor Vázquez foi conselleiro de Cultura antes que vostede. O certo é que temos un alcalde irresponsable que pon en risco un evento fundamental, imprescindible, para o mundo da cultura en toda a Comunidade Autónoma e que vostede di que non vai facer absolutamente nada, que pode ser o primeiro alcalde —e pasaron, señor conselleiro, rexedores de diferente cor política— que poña en risco, e pode facer historia o señor Xesús Vázquez tamén con isto.

Nós o que lle pedimos é que deixe de ser director de maquillaxe desta saga de incompetencia que está levando a cabo o alcalde de Ourense e que se considere, que se converta en produtor de solucións que garantan a continuidade e a supervivencia dun festival que —repito— é importantísimo e que queremos que continúe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Peche, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Ben, señora Blanco, está claro que o obxectivo da súa pregunta era falar mal do alcalde de Ourense. Non sei se vostede está facendo méritos para presentarse en Ourense na lista do Partido Socialista (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ou se vostede dalgún xeito ten pouca confianza no seu grupo municipal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non o sabemos, porque realmente aquí estivo falando plenamente e claramente do alcalde de Ourense e despois mete de refilón o festival. Ben, eu creo que, se segue así, vai facer moitos méritos para a lista do Partido Popular... (*Risos.*) —perdón—, do Partido Socialista na cidade de Ourense; eu creo que está moi ben.

Pero ben, mire, tamén di vostede que a Ourense chegaron moitas cousas tarde dende Madrid. O seu partido político ten agora unha oportunidade magnífica para que as cousas non cheguen tarde a Madrid, especialmente unha que agora depende do seu partido. Esperemos que o Partido Socialista non faga chegar tarde o AVE a Ourense e non teña ningún tipo de represalias por ser unha cidade gobernada por un partido que non é o seu. Porque vostede aquí está falando dos nosos e dos outros, e iso realmente é algo que non se entende como se debería entender, señora Blanco. En todo caso, como docente e como profesor, na súa proba de opositora ao alcalde de Ourense e de opositora á lista municipal do grupo municipal ourensán eu doulle o aprobado, e seguramente era o que vostede buscaba; pode ir tranquilamente para a súa cidade. (*Murmurios.*)

Ben, en todo caso, vaiamos á cuestión concreta do festival. E voulle dicir que a Xunta de Galicia apoiou e vai apoiar sempre este festival. Ten encima da mesa un protocolo de convenio co Concello por parte de Agadic de 40.000 euros. Ten tamén axudas por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Temos 5.000 euros tamén adicados a actividades cos máis cativos. É dicir, ten que haber unha colaboración e vaina seguir habendo, sen ningún tipo de dúbidas, co festival de Ourense, porque entendemos que é unha boa actividade cultural. Pero vostede terá que entender que non se pode expropiar e non se pode usurpar a autonomía neste caso dun concello, non se pode facer, porque, se así se fixera, vostede estaría dicindo que estamos usurpando a autonomía municipal neste caso.

E vostede fala do sector audiovisual e pon ao señor Feijóo —digamos— unha comunicación súa, unha afirmación súa. Hoxe estiven eu co señor Feijóo nun evento do audiovisual moi importante, o Conecta Fiction, que se celebrou a escasos metros de aquí, que é un festival de carácter internacional de altísimo nivel, para que vexa que este goberno apoia o sector

audiovisual, igual que como hai unha semana aprobamos unha acción vencellada a unha produción ou ben de cine ou ben de serie televisiva vencellada ao Camiño de Santiago, cun aporte económico importantísimo para poder promocionar o Camiño e tamén impulsar o que é neste caso a industria do audiovisual.

Hai uns días acabamos de aprobar unhas axudas de Agadic por máis de dous millóns de euros para producir trece producións audiovisuais. E vostede vén aquí dicir que non se apoia o audiovisual.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Ben, creo que aí non acertou. E, no outro aspecto, señora Blanco, siga vostede facendo oposición...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, conselleiro. Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...para ser opositora no Concello de Ourense.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora conselleira, boa tarde.

A comezo do século XX no noso país había máis de 2 millóns de gando, de cabezas de ovino e de cabrún, que eran directamente xestionadas polos seus propietarios. Estes pequenos ruminantes son os animais mellor dotados para consumir recursos herbáceos e arbustivos, tan abundantes e mal aproveitados no noso país, e poden vivir case exclusivamente deste pasto e do ramallo dos arbustos.

Estes rabaños tiñan a súa propia singularidade nas zonas de alta montaña, coas veceiras ou cos rabaños comunitarios, grandes rabaños nas zonas de serra que pastoreaban en zonas altas e moitas veces inaccesibles.

Moitas están a ser as causas da súa desaparición, pero tamén debemos de ter en conta as súas vantaxes, xa que pasa desde unha perfecta adaptación ao medio, a súa resistencia a enfermidades e a súa lonxevidade ao traballo medioambiental que realizan.

Hoxe en día en Galicia xa só quedan 229.000 cabezas de gando ovino e cabrún, repartidas en 21.000 explotacións gandeiras, das cales unicamente 76 teñen máis de 250 cabezas de gando.

En 2015 aplicouse unilateralmente unha quita nos pastos arbustivos e pastos sobre arboredo que as gandeiras e gandeiros declaraban na PAC. Isto afectou o 85 % de todo o territorio, de xeito que todos os recintos que tiñan menos de 3.000 metros cadrados foron reasignados cun coeficiente de admisibilidade igual a cero. Isto supuxo, por encima, que esta declaración de superficie da PAC marcasse o que era o primeiro ano de compromisos do período do PDR 2015-2020, limitando o cobro por uso de toda esa superficie, salvo que fora alegada. Isto supuxo, aínda por riba, que, paradoxalmente, na recente Lei ómnibus a Comisión Europea recoñeceu a singularidade deste aproveitamento que temos aquí no noso país con pastoreo, e suprime a obriga de consolidar o que é a especie herbácea, reducindo unicamente a consolidación do pastoreo sobre esa superficie, o que vén dar a razón ás propostas de En Marea.

A proposta da Comisión, presentada o día 29 de novembro, non presentou un cambio de paradigma radical no que é a concepción da PAC, pero si que introduce elementos que dan marxe aos Estados ou ás rexións para definir ou redefinir moito a aplicación da mesma dentro dos seus territorios.

Con estes elementos, a Comisión propón uns obxectivos claros acordados a nivel da Unión Europea e dos Estados rexións; é dicir, propón que se definan os obxectivos a acadar pola PAC a nivel da Unión Europea e tamén en cada territorio e un marco xeral de intervención.

Dende En Marea defendemos este tipo de especies leñosas, arbustivas, como base da alimentación. Entón, querémoslle preguntar a ver cal foi o motivo para suprimir os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarables nas axudas da PAC, tal e como si existen noutras comunidades autónomas —que isto é o máis simpático—. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Señor Davide, cando fala vostede de PAC, temos que falar de regulamento da Unión Europea e, polo tanto, temos que falar de imperativo legal, temos que falar de seriedade e, polo tanto, tamén temos que falar de auditorías. E temos unha obriga, e esa obriga é cumprir. ¿E que fixo Galicia? Cumprir. Pero ¿que fixo tamén Galicia? Poñer enriba da mesa algo co que os dous estamos de acordo, e estamos de acordo na importancia dos pastos, non só herbáceos, senón tamén os arbustivos, e estamos de acordo en que é fundamental ter gando

como ovellas, cabras e cabalos ou vacas de certas especies, que se alimentan deses pastos non só herbáceos, senón tamén arbustivos.

¿Pero que ocorre? Que hai un regulamento e ese regulamento é do 17 de decembro de 2013 e estableceu a admisibilidade dos pastos permanentes sempre e cando houbera unha predominancia de especies herbáceas sobre as arbustivas. Deste xeito, inicialmente —e, como digo, por imperativo normativo—, asignóuselles un coeficiente de admisibilidade de pastos —é o denominado CAP— igual a cero a todos os pastos arbustivos e arborados nos cales non se daba a condición de que predominara a herba sobre o arbusto.

Houbo unha auditoría, unha auditoría na cal a Comisión Europea no ano 2014 en todo o Estado sancionou a España con 280 millóns de euros e a Galicia con 7,7 millóns de euros. Co cal entenderá vostede que aquí había que tomar unha determinación e, polo tanto, obedecer a ese imperativo legal.

Iso non quere dicir que nós quedáramos de brazos cruzados. Eu mesma, acompañada do meu equipo e con informes que nos facilitaba o sector, trasladeime a Bruxelas e alí puxemos enriba da mesa a discordancia que tiñamos neste ámbito e, polo tanto, que había que facer certos cambios, que nos alegramos que agora veñan recollidos e que teñamos a opción, a través do Regulamento ómnibus, de que a xente que se dedica no agro a pastorear, efectivamente, teña ou poida optar a un maior coeficiente de admisibilidade no que a pasto se refire.

Pero tal e como lles dicía, 280 millóns de euros nunha auditoría, a Galicia 7,7 millóns de euros, que, por suposto, recorreremos, porque entendemos que é moi exaxerada esa sanción, pero que agora mesmo estamos á espera da resolución unha vez que xa se celebrou a vista oral no Tribunal de Xustiza da Unión Europea e fomos representados polo FEAGA.

A raíz desta auditoría, fíxose unha revisión do coeficiente de admisibilidade e, polo tanto, diferenciouse entre pasteiros, pastos arbustivos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...e pastos arborados e foi aí cando se tomou a determinación...,

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno despois. Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...pero fíxose por coherencia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Si, grazas.

Ben, o que é o novo enfoque da política agraria común —e, ademais, segundo acaba de recoñecer vostede—, coa recente publicada Lei ómnibus, vainos dar a oportunidade de facer un traxe á medida das necesidades nosas, das necesidades galegas, pero tamén cómpre vontade política, que é o que moitas veces botamos en falta desta consellería.

O Ministerio xa manifestou ademais claramente que a súa posición vai ser defender un plan a nivel nacional e todo apunta a que ou ben vai intentar escorrer o vulto ou ben buscar calquera argumentación para evitar perder poder no control dos piares, tanto no 1 como no 2.

Este modelo de aplicación presenta, ademais desa grande oportunidade, dous retos. O primeiro é que vostedes atesouren a visión e a capacidade para elaborar estes documentos. Abran a discusión a nivel galego de que modelo de apoio se quere para a nosa agricultura e para a nosa gandería, o cal forzosamente vai ter que pasar moitas veces por xestionar ter eses intereses e visións diversas do modelo agrario que queremos desenvolver, pero penso que é unha boa oportunidade para facelo, sempre que vostedes teñan vontade política.

E a seguinte pregunta que lle quería facer, xa que me dixo antes cal fora o motivo, é se ten pensado a Consellería do Medio Rural incluír os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarables nas axudas da PAC, tal e como teñen —repito— outras comunidades autónomas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Peche desta pregunta, conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Supoño, señor Davide ou señor Rodríguez, que se referirá ao plan estratéxico que temos que desenvolver a nivel nacional agora de cara á próxima PAC.

Por suposto, estamos agardando as directrices despois da primeira xuntanza que tivemos co ministro e despois de darnos a coñecer e de recoñecer o traballo que fixera a anterior ministra, Isabel Tejerina, na cal foron moitos os países que xa asinaron o documento, no cal estabamos de acordo; creo que agora son catorce os países onde non podemos perder financiamento a nivel da Unión Europea.

Tal e como lles dicía, tómase unha determinación, tómase por imperativo legal, despois de haber unha auditoría, despois de ter unha sanción enriba, que agardemos que ao final chegue a bo porto, e suprímense aqueles pastos de menos de 3.000 metros cadrados. ¿E por que se suprimen? Porque o 90 % deses pastos non foran declarados nos últimos cinco anos na PAC. Ese é o motivo polo cal se suprime, porque estaban en estado de abandono e porque non predominaba a parte herbácea sobre a arbustiva.

Agora o Regulamento ómnibus, efectivamente, dános a razón, a vostede e a nós, que así o expuxemos no mes de setembro en Bruxelas. E ao que si me podo comprometer é a que nesta



PAC se revisará cada unha das solicitudes presentadas anteriormente e poderán obter maior incremento de coeficiente, incluso naqueles pastos de menos de 3.000 metros cadrados pero que reúnan as condicións.

E, nese sentido, apostamos —e así o faremos no plan estratéxico— por algo fundamental, que son as razas autóctonas. É dicir, é o cabalo, son as vacas, son as cabras, son as ovellas, que son fundamentais a nivel medioambiental, que son fundamentais tamén —vostede, ademais, que é un gran profesional— para evitar os incendios e, ademais, porque hai unha marca propia que defende moi ben Ovica.

E, polo tanto, temos que seguir tendendo a man para que cada vez teñamos máis xente, sobre todo xente nova, que, ao igual que nestes últimos dous anos, se incorpore ao mundo rural, ao mundo agrario, ao mundo gandeiro e o faga nun ámbito no cal lle temos que alabar o seu traballo, que é o do pastoreo. É un ben económico para Galicia, pero é un ben fundamental tamén a nivel medioambiental.

Polo tanto, farase un recálculo do habido ata o de agora, e, tendo a posibilidade, seguiremos loitando para que o toxo ou a carqueixa sexan ademais recoñecidos como alimento fundamental para as nosas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...razas autóctonas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira, terminou o tempo.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitísimas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Antes de dar por finalizado o pleno, gustaríame comentarlles dúas cousas.

Unha. Darlles as grazas a todos os traballadores e traballadoras tanto do Valedor do Pobo como do Consello de Contas e aos do Parlamento e tamén aos deputados e ás deputadas pola campaña do melanoma. Foi un éxito e eu creo que o Parlamento traslada unha mensaxe saudable de protección, e iso é de agradecer. Foron máis de cen persoas as que pasaron por ese recoñecemento. A idea era: mensaxe saudable. Por iso, grazas. Eu creo que iso é unha cousa moi recoñecida polo Parlamento e pola xente. Eu ando en moitos sitios e isto é algo que lle gusta. Outras cousas das que pasan no Parlamento non lle gustan, pero iso xa o reflexionaremos doutro xeito; iso xa reflexionaremos, temos tempo.

Segunda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teremos tempo, debemos todos reflexionar. Eu prométole que o farei.

Segunda. Concedéuselle ao Parlamento o Premio Celanova, Casa dos Poetas. É un premio de moito prestixio e concédeselle pola implicación na lusofonía, pola súa implicación cultural

*(Murmurios.)* —si, si, aí está, e o xurado coñéceno, saben vostedes quen anda por aí— e pola apertura á sociedade; mecanismos que é mérito de todos os que pasaron por aquí.

Polo tanto, é bo que nos dean premios, é mellor que nos dean premios que que nos dean outras cousas. Entón, iremos recoller o premio e estarán todos vostedes invitados. E a min, como aos da Fundación Curros Enríquez, gustaríame que estiveran vostedes alí ese día. Cur-saranlles eles tamén a oportuna invitación.



E nada máis.

Remata o pleno. Boas tardes.

*Remata a sesión ás cinco e cincuenta e tres minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pierres López, María Luisa	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Patiño, Miguel	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Mato Otero, Beatriz	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	68. Torregrosa Sañudo, Julia	(EM)
31. Mouriño Villar, Antonio	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Novo Fariña, María Isabel	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
39. Pérez Seco, José Manuel	(S)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25